


PROGRAMACIÓN **DIDÁCTICA DE** **LINGUA GALEGA** **E LITERATURA**

CURSO 2020/2021

Departamento de Lingua Galega e Literatura
IES PEDRO FLORIANI



Índice

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN	9
1.1.- CONTEXTUALIZACIÓN	9
1.2.- PROFESORADO E ÁMBITO DOCENTE DO DEPARTAMENTO	10
2. COMPETENCIAS CLAVE DO CURRÍCULO LOMCE	10
3. PROGRAMACIÓNS DA ESO	12
3.1. OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA	12
3.2. PROGRAMACIÓN 1º ESO	13
3.2.1. OBXECTIVOS	13
3.2.2. CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	14
3.2.3. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	31
3.2.3.1. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE COS PERFÍS COMPETENCIAIS	40
3.2.3.2. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE COS PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	41
3.2.4.- SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN	43
3.2.5.- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS	47
3.2.6.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS	47
3.2.7.- CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, A CUALIFICACIÓN E A PROMOCIÓN DO ALUMNADO	48
3.2.7.1.- AVALIACIÓN INICIAL	48
3.2.7.2.- AVALIACIÓN FORMATIVA	48
3.2.7.2.1. OS CRITERIOS DE AVALIACIÓN	48
3.2.7.2.2. A CUALIFICACIÓN	48
3.2.7.3.- AVALIACIÓN FINAL	50
3.2.7.3.1. OS CRITERIOS DE AVALIACIÓN	50
3.2.7.3.2. A CUALIFICACIÓN	50
3.2.7.4.- AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA	51
3.3. PROGRAMACIÓN 2º ESO	51
3.3.1. OBXECTIVOS	51
3.3.2. CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	52
3.3.3. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	62
3.3.3.1. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE COS PERFÍS COMPETENCIAIS	68

3.3.3.2. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE COS PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	69
3.3.4.- SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN	70
3.3.5.- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS	72
3.3.6.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS	73
3.3.7.- CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, A CUALIFICACIÓN E A PROMOCIÓN DO ALUMNADO	73
3.3.7.1.- AVALIACIÓN INICIAL	73
3.3.7.2.- AVALIACIÓN FORMATIVA	74
3.3.7.2.1. OS CRITERIOS DE AVALIACIÓN	74
3.3.7.2.2. A CUALIFICACIÓN	74
3.3.7.3.- AVALIACIÓN FINAL	75
3.3.7.3.1. OS CRITERIOS DE AVALIACIÓN	76
3.3.7.3.2. A CUALIFICACIÓN	76
3.3.7.4.- AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA	76
3.4. PROGRAMACIÓN 3º ESO	77
3.4.1. OBXECTIVOS	77
3.4.2. CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	77
3.4.3. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	88
3.4.3.1. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE COS PERFÍS COMPETENCIAIS	95
3.4.3.2. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE COS PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	96
3.4.4.- SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN	97
3.4.5.- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS	99
3.4.6.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS	100
3.4.7.- CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, A CUALIFICACIÓN E A PROMOCIÓN DO ALUMNADO	100
3.4.7.1.- AVALIACIÓN INICIAL	100
3.4.7.2.- AVALIACIÓN FORMATIVA	101
3.4.7.2.1. OS CRITERIOS DE AVALIACIÓN	101
3.4.7.2.2. A CUALIFICACIÓN	101
3.4.7.3.- AVALIACIÓN FINAL	102
3.4.7.3.1. OS CRITERIOS DE AVALIACIÓN	102
3.4.7.3.2. A CUALIFICACIÓN	103
3.4.7.4.- AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA	103

3.5. PROGRAMACIÓN 4º ESO	104
3.5.1. OBXECTIVOS	104
3.5.2. CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	104
3.5.3. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	117
3.5.3.1. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE COS PERFÍS COMPETENCIAIS	125
3.5.3.2. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE COS PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	126
3.5.4.- SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN	127
3.5.5.- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS	132
3.5.6.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS	133
3.5.7.- CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, A CUALIFICACIÓN E A PROMOCIÓN DO ALUMNADO	133
3.5.7.1.- AVALIACIÓN INICIAL	133
3.5.7.2.- AVALIACIÓN FORMATIVA	134
3.5.7.2.1. OS CRITERIOS DE AVALIACIÓN	134
3.5.7.2.2. A CUALIFICACIÓN	134
3.5.7.3.- AVALIACIÓN FINAL	135
3.5.7.3.1. OS CRITERIOS DE AVALIACIÓN	135
3.5.7.3.2. A CUALIFICACIÓN	136
3.5.7.4.- AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA	136
3.6. PROGRAMACIÓN TEATRO	137
3.6.1. OBXECTIVOS	137
3.6.2. CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	137
3.6.3. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	139
3.6.3.1. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE COS PERFÍS COMPETENCIAIS	141
3.6.3.2. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE COS PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	142
3.6.4.- SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN	142
3.6.5.- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS	143
3.6.6.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS	144
3.6.7.- CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, A CUALIFICACIÓN E A PROMOCIÓN DO ALUMNADO	145
3.6.7.1.- AVALIACIÓN INICIAL	145
3.6.7.2.- AVALIACIÓN FORMATIVA	145

3.6.7.2.1. OS CRITERIOS DE AVALIACIÓN	145
3.6.7.2.2. A CUALIFICACIÓN	145
3.6.7.3.- AVALIACIÓN FINAL	146
3.6.7.3.1. OS CRITERIOS DE AVALIACIÓN	146
3.6.7.3.2. A CUALIFICACIÓN	146
3.6.7.4.- AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA	146
4. PROGRAMACIÓNS DE BACHARELATO	146
4.1. OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA	146
4.2. PROGRAMACIÓN 1º BACHARELATO	147
4.2.1. OBXECTIVOS	147
4.2.2. CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	148
4.2.3. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	159
4.2.3.1. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE COS PERFÍS COMPETENCIAIS	166
4.2.3.2. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE COS PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	166
4.2.4.- SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN	167
4.2.5.- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS	169
4.2.6.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS	170
4.2.7.- CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, A CUALIFICACIÓN E A PROMOCIÓN DO ALUMNADO	170
4.2.7.1.- AVALIACIÓN INICIAL	170
4.2.7.2.- AVALIACIÓN FORMATIVA	171
4.2.7.2.1. OS CRITERIOS DE AVALIACIÓN	171
4.2.7.2.2. A CUALIFICACIÓN	171
4.2.7.3.- AVALIACIÓN FINAL	172
4.2.7.3.1. OS CRITERIOS DE AVALIACIÓN	172
4.2.7.3.2. A CUALIFICACIÓN	172
4.2.7.4.- AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA	173
4.3. PROGRAMACIÓN 2º BACHARELATO	173
4.3.1. OBXECTIVOS	173
4.3.2. CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	174
4.3.3. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	184
4.3.3.1. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE COS PERFÍS COMPETENCIAIS	189

4.3.3.2. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE COS PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	190
4.3.4.- SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN	191
4.3.5.- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS	193
4.3.6.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS	194
4.3.7.- CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, A CUALIFICACIÓN E A PROMOCIÓN DO ALUMNADO	195
4.3.7.1.- AVALIACIÓN INICIAL	195
4.3.7.2.- AVALIACIÓN FORMATIVA	195
4.3.7.2.1. OS CRITERIOS DE AVALIACIÓN	195
4.3.7.2.2. A CUALIFICACIÓN	195
4.3.7.3.- AVALIACIÓN FINAL	197
4.3.7.3.1. OS CRITERIOS DE AVALIACIÓN	197
4.3.7.3.2. A CUALIFICACIÓN	197
4.3.7.4.- AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA	198
5. PROGRAMACIÓNS DE ESA	198
5.1. CURSO: ESA. Ámbito da comunicación. Módulo 1	198
5.1.1. OBXECTIVOS	198
5.1.2. CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	199
5.1.3. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	209
5.1.3.1. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE COS PERFÍS COMPETENCIAIS	211
5.1.3.2. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE COS PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	212
5.1.4.- SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN	214
5.1.5.- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS	216
5.1.6.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS	217
5.1.7.- CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, A CUALIFICACIÓN E A PROMOCIÓN DO ALUMNADO	217
5.1.7.1.- AVALIACIÓN INICIAL	217
5.1.7.2.- AVALIACIÓN FORMATIVA	217
5.1.7.2.1. OS CRITERIOS DE AVALIACIÓN	218
5.1.7.2.2. A CUALIFICACIÓN	218
5.1.7.3.- AVALIACIÓN FINAL	219
5.1.7.3.1. OS CRITERIOS DE AVALIACIÓN	219
5.1.7.3.2. A CUALIFICACIÓN	219

5.1.7.4.- AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA	220
5.2. CURSO: ESA. Ámbito da comunicación. Módulo 2	220
5.2.1. OBXECTIVOS	220
5.2.2. CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	221
5.2.3. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	230
5.2.3.1. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE COS PERFÍS COMPETENCIAIS	232
5.2.3.2. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE COS PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	233
5.2.4.- SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN	234
5.2.5.- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS	236
5.2.6.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS	236
5.2.7.- CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, A CUALIFICACIÓN E A PROMOCIÓN DO ALUMNADO	237
5.2.7.1.- AVALIACIÓN INICIAL	237
5.2.7.2.- AVALIACIÓN FORMATIVA	237
5.2.7.2.1. OS CRITERIOS DE AVALIACIÓN	237
5.2.7.2.2. A CUALIFICACIÓN	237
5.2.7.3.- AVALIACIÓN FINAL	239
5.2.7.3.1. OS CRITERIOS DE AVALIACIÓN	239
5.2.7.3.2. A CUALIFICACIÓN	239
5.2.7.4.- AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA	240
5.3. CURSO: ESA. Ámbito da comunicación. Módulo 3	240
5.3.1. OBXECTIVOS	240
5.3.2. CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	241
5.3.3. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	248
5.3.3.1. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE COS PERFÍS COMPETENCIAIS	250
5.3.3.2. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE COS PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	250
5.3.4.- SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN	251
5.3.5.- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS	254
5.3.6.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS	254
5.3.7.- CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, A CUALIFICACIÓN E A PROMOCIÓN DO ALUMNADO	255
5.3.7.1.- AVALIACIÓN INICIAL	255

5.3.7.2.- AVALIACIÓN FORMATIVA	255
5.3.7.2.1. OS CRITERIOS DE AVALIACIÓN	255
5.3.7.2.2. A CUALIFICACIÓN	256
5.3.7.3.- AVALIACIÓN FINAL	257
5.3.7.3.1. OS CRITERIOS DE AVALIACIÓN	257
5.3.7.3.2. A CUALIFICACIÓN	257
5.3.7.4.- AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA	258
5.4. CURSO: ESA. Ámbito da comunicación. Módulo 4	258
5.4.1. OBXECTIVOS	258
5.4.2. CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	259
5.4.3. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	267
5.4.3.1. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE COS PERFÍS COMPETENCIAIS	269
5.4.3.2. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE COS PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	270
5.4.4.- SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN	272
5.4.5.- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS	274
5.4.6.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS	275
5.4.7.- CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, A CUALIFICACIÓN E A PROMOCIÓN DO ALUMNADO	276
5.4.7.1.- AVALIACIÓN INICIAL	276
5.4.7.2.- AVALIACIÓN FORMATIVA	276
5.4.7.2.1. OS CRITERIOS DE AVALIACIÓN	276
5.4.7.2.2. A CUALIFICACIÓN	276
5.4.7.3.- AVALIACIÓN FINAL	278
5.4.7.3.1. OS CRITERIOS DE AVALIACIÓN	278
5.4.7.3.2. A CUALIFICACIÓN	278
5.4.7.4.- AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA	279
6. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE. INDICADORES DE LOGRO	279
7. ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES	281
8. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	282
9. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS TRABALLADOS	282
10. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	283

11. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E OS PROCESOS DE MELLORA

284

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2020/2021

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

1.1.- CONTEXTUALIZACIÓN

O IES Pedro Floriani está situado na zona da marisma de Santa Mariña da vila de Redondela. Trátase dun centro de carácter urbano que acolle alumnado de diferentes parroquias da localidade ademais dun reducido número procedente dos concellos veciños de Pazos de Borbén, Soutomaior e Mos. O instituto imparte as ensinanzas de ESO, Bacharelato (das modalidades de Humanidades e CCSS e o Tecnolóxico-científico), Ciclos Formativos de grao profesional básico (Servizos administrativos e Electricidade e electrónica), Ciclos Formativos de grao medio (Xestión administrativa e Instalación de telecomunicacións), Ciclo Formativo de grao superior (Administración e finanzas) e ESA.

A partir das últimas enquisas elaboradas no propio centro o castelán gaña terreo coma lingua habitual da comunidade educativa malia a que as actitudes cara ás actividades realizadas a prol da potenciación do galego son boas.

Pola súa parte, a ORDE do 25 de xuño de 2020 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2020/21 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, no seu Artigo 9.4 establece a elaboración dunha información básica sobre a programación: “A información básica incluírá obxectivos, contidos, criterios de avaliación, procedementos e instrumentos de avaliación, criterios de cualificación do ciclo ou curso correspondente e, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe avaliábeis e o grao mínimo de consecución.”

1.2.- PROFESORADO E ÁMBITO DOCENTE DO DEPARTAMENTO

Profesorado	Materia	Cursos	Cargo
Cid Felpeto, Guillermo	Ámbito Comunicación	1ºESA - 2º ESA	Xefatura de ESA
Expósito Loureiro, Andrea	Lingua Galega e Literatura	1º ESO - 2º BAC	Coordinación EDL Titoría 1º ESO
	Reforzo de Lingua	3º ESO	
Ligero Valladares, Rosa M ^a	Lingua Galega e Literatura	3º ESO - 1º BAC	Xefatura departamento Titoría 1º BAC
	Comunicación	FPB 1º electrónica	
Iglesias Mira, Antonio	Teatro	1º ESO - 2º ESO	Titoría Mod 1-2 ESA
	Ámbito Comunic.	Mod. 1-2 Mod. 3-4 ESA	
José Francisco Fernández Sampedro	Lingua Galega e Literatura	2º ESO 4º ESO	

2. COMPETENCIAS CLAVE DO CURRÍCULO LOMCE

As competencias determínanse como un dos elementos do currículo no apartado 3B do artigo 2 do Decreto 86/2015, definíndoas como “capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos”. As competencias refírense tanto aos coñecementos conceptuais (“*saber*”) como aos procedimentais (“*saber facer*”) e aos actitudinais (“*saber ser*”). Son, polo tanto, aquelas capacidades que debe desenvolver unha persoa ao finalizar o ensino obrigatorio para poder lograr a súa realización persoal, exercer a cidadanía activa, incorporarse á vida adulta de xeito satisfactorio e ser quen de desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

As relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación na educación secundaria obrigatoria e no bacharelato establécense de conformidade coa Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro. Así pois, para adquirir de xeito efectivo as competencias e para integralas no currículo da materia, deseñaranse actividades de aprendizaxe integradas que permitan adquirir ao alumnado máis dunha competencia ao mesmo tempo.

No referente á materia de *Lingua Galega e Literatura*, se ben contribúe ao desenvolvemento de todas as competencias, destaca especialmente o desenvolvemento de todos os aspectos que conforman a competencia en comunicación lingüística. Así pois a materia contribuirá ao desenvolvemento das sete competencias clave que quedan fixadas no artigo 3 do Decreto 86/2015:

- **Competencia en comunicación lingüística (CCL).** Adéstrase de maneira explícita no propio ámbito curricular; algún dos descritores que favorecen a súa transversalidade son: a comprensión de textos, a actitude favorable cara á lectura, a expresión correcta, o manexo de elementos de comunicación non verbal...

Canto aos indicadores, pódense enumerar a comprensión oral e escrita, normas de comunicación e comunicación noutras linguas.

- **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMTC).** Dende a área de galego desenvólvense varios aspectos desta competencia pois as diferentes análises a realizar (morfosintácticas, morfolóxicas, textuais...) supoñen un adestramento no razoamento lóxico, e na súa sistematización, así como o desenvolvemento do pensamento científico pois aplícanse métodos propios da racionalidade científica e das destrezas tecnolóxicas, xunto á aplicación dun método rigoroso que permita achegarse ao coñecemento de xeito claro. Por outra banda, a variedade tipolóxica e temática dos textos poñen en relación ao ser humano coa realidade, o mundo científico e o medio natural.

Canto aos indicadores, pódense enumerar o coidado do contorno ambiental e os seres vivos, vida saudable, ciencia no día a día, manexo de elementos matemáticos e razoamento lóxico e resolución de problemas.

- **Competencia dixital (CD).** Favorécese a través do uso das TIC como novo modo de comunicación que hai que adestrar de maneira sistemática. A produción de procesos comunicativos eficaces nos que se empregan os contidos da materia é un dos alicerces esenciais para o desenvolvemento da CD entre o alumnado.

Canto aos indicadores, pódense enumerar as tecnoloxías da información, a comunicación audiovisual e a utilización de ferramentas dixitais.

- **Competencia para aprender a aprender (CAA).** Desenvólvese a través do fomento de tarefas que permitan ao alumnado recoñecerse a si mesmo como aprendiz para a mellora dos seus procesos de aprendizaxe. A área de galego favorece especialmente os procesos metacognitivos e a adquisición de estratexias extrapolables a outros contextos.

Canto aos indicadores, pódense enumerar o perfil de aprendiz, as ferramentas para estimular o pensamento e a planificación e a avaliación da aprendizaxe.

- **Competencias sociais e cívicas (CSC).** Traballar e cooperar con outras persoas, descubrir as diferenzas e establecer normas para a convivencia favorecen o desenvolvemento deste tipo de competencias.

Canto aos indicadores, pódense enumerar a educación cívica e constitucional, a relación cos demais e o compromiso social.

- **Competencia do sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).** Ao longo do proceso educativo dentro da materia é fundamental favorecer a autonomía do alumnado, o pensamento crítico e o desenvolvemento de habilidades persoais para emprender accións innovadoras en contextos académicos que logo se poderán extrapolar a situacións vitais.

Canto aos indicadores, pódense enumerar a autonomía persoal, o liderado, a creatividade, a proactividade e o pensamento crítico.

- **Competencia de conciencia e expresións culturais (CCEC).** A expresión lingüística e o coñecemento cultural que se adquire a través dos textos facilitan o desenvolvemento desta competencia. A verbalización de emocións e sentimentos sobre as manifestacións literarias e artística, as creación propias, o coñecemento do acervo literario... fan desta área a canle perfecta para adestrar esta competencia.

Canto aos indicadores, pódense enumerar o respecto polas manifestacións culturais propias e alleas e a expresión cultural e artística.

3. PROGRAMACIÓNS DA ESO

3.1. OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA

a) Asumir responsablemente os seus deberes; coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais; practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural, coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e sociedade galega ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e mellora e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara o exercicio deste dereito.
- o) Coñecer e valorar a importancia do uso do idioma galego como elemento fundamental para o mantemento da identidade colectiva e propia, así como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que nos comunica con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

3.2. PROGRAMACIÓN 1º ESO

3.2.1. OBXECTIVOS

1. Comprende e interpreta textos orais e escritos sinxelos pertencentes aos ámbitos social, educativo e aos medios de comunicación.
2. Desenvolve habilidades de escoita activa con actitude de interese, de cooperación e de respecto.
3. Produce textos orais e escritos de diferente tipoloxía adecuados, coherentes, cohesionados e correctos.
4. Coñece, respecta e emprega as normas ortográficas, gramaticais e fonéticas da lingua galega.
5. Recoñece e explica o uso das distintas categorías gramaticais.
6. Emprega os recursos TIC e bibliográficos á súa disposición para seleccionar información, mellorar as súas producións e a súa aprendizaxe.

7. Valora as linguas como elemento de relación interpersonal e como sinal identitario dun pobo, e ve o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.
8. Describe e analiza a situación sociolingüística de Galicia e os prexuízos que, derivados dela, existen sobre a lingua galega.
9. Le de xeito guiado obras literarias, expón e súa opinión sobre elas e relaciona o seu contido coa propia experiencia e cos contidos adquiridos.
10. Coñece as características dos textos literarios e distingue os trazos diferenciadores dos tres grandes xéneros.

3.2.2. CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Lingua Galega e Literatura. ESO. 1º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Comunicación oral: falar e escoitar				
<ul style="list-style-type: none"> • d • e • h • l • ñ 	<ul style="list-style-type: none"> • B1.1. Comprensión, interpretación e resumo de calquera texto oral ou daqueles propios dos medios de comunicación, especialmente noticias de actualidade, próximas aos intereses do alumnado. 	<ul style="list-style-type: none"> • B1.1. Comprender e interpretar a intención comunicativa e a idea xeral de textos orais (noticias de actualidade) e elaborar un resumo. 	<ul style="list-style-type: none"> • LGB1.1.1. Comprende e interpreta a intención comunicativa de textos orais sinxelos (noticias de actualidade). 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA
			<ul style="list-style-type: none"> • LGB1.1.2. Traslada a información relevante ou a idea xeral de textos sinxelos a resumos. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA
<ul style="list-style-type: none"> • d • e • h 	<ul style="list-style-type: none"> • B1.2. Comprensión e interpretación de textos orais utilizados no ámbito social e educativo (instrucións, presentacións de tarefas e breves exposicións orais de temáticas variadas). 	<ul style="list-style-type: none"> • B1.2. Extraer a intención comunicativa e a idea xeral de textos orais sinxelos dos ámbitos social e educativo, e seguir instrucións para realizar tarefas guiadas de aprendizaxe con progresiva autonomía. 	<ul style="list-style-type: none"> • LGB1.2.1. Recoñece, xunto ao propósito e a idea xeral, os datos máis relevantes en textos orais do ámbito social e educativo. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA
			<ul style="list-style-type: none"> • LGB1.2.2. Segue instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA

<ul style="list-style-type: none"> • a • c • d • h 	<ul style="list-style-type: none"> • B1.3. Desenvolvemento de habilidades de escoita activa con actitude de interese, de cooperación e de respecto. 	<ul style="list-style-type: none"> • B1.3. Coñecer e apreciar as normas de cortesía nas intervencións orais propias e alleas, tanto espontáneas como planificadas. 	<ul style="list-style-type: none"> • LGB1.3.1. Coñece e aprecia as normas que rexen a cortesía na comunicación oral (intervén na orde que lle corresponde, manifesta respecto polas opinións alleas e recoñece e rexeita a linguaxe discriminatoria). 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC
			<ul style="list-style-type: none"> • LGB1.3.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e o significado da linguaxe non verbal. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSC • CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> • a • c • d • e • h 	<ul style="list-style-type: none"> • B1.4. Escoita crítica e reflexiva das mensaxes dos medios de comunicación, con especial atención aos programas informativos. 	<ul style="list-style-type: none"> • B1.4. Identificar e contrastar o propósito comunicativo en textos orais dos medios de comunicación, analizar criticamente os seus contidos e identificar prexuízos ou mensaxes discriminatorias. 	<ul style="list-style-type: none"> • LGB1.4.1. Identifica a intención comunicativa, as ideas principais e as secundarias de programas informativos. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
			<ul style="list-style-type: none"> • LGB1.4.2. Compara o tratamento da mesma noticia en diferentes medios de comunicación e extrae conclusións a partir das coincidencias e diferenzas atopadas. 	<ul style="list-style-type: none"> • CAA
			<ul style="list-style-type: none"> • LGB1.4.3. Identifica e rexeita os usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos ou discriminacións. 	<ul style="list-style-type: none"> • CSC
<ul style="list-style-type: none"> • h • o 	<ul style="list-style-type: none"> • B1.5. Coñecemento e aplicación, con axuda das tecnoloxías da información e da comunicación 	<ul style="list-style-type: none"> • B1.5. Coñecer e aplicar, con axuda das TIC, as estratexias necesarias para realizar exposicións orais planificadas e participar de forma 	<ul style="list-style-type: none"> • LGB1.5.1. Consulta os medios de información dixitais para seleccionar contidos relevantes e incorporalos ás súas producións. 	<ul style="list-style-type: none"> • CD • CAA • CSIEE

	(TIC), de estratexias necesarias para producir textos orais sobre temas de actualidade.	construtiva en diversas interaccións comunicativas.	<ul style="list-style-type: none"> • LGB1.5.2. Emprega as TIC para facer as súas presentacións máis claras e visualmente atractivas. 	<ul style="list-style-type: none"> • CD • CCL • CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> • h • o 	<ul style="list-style-type: none"> • B1.6. Valoración das producións orais emitidas cunha fonética e prosodia correcta e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela. 	<ul style="list-style-type: none"> • B1.6. Valorar as producións emitidas cunha fonética e prosodia correcta e amosar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela. 	<ul style="list-style-type: none"> • LGB1.6.1. Aprecia a emisión dunha pronuncia correcta, recoñece os erros de produción oral propia e allea e propón solucións para melloralas. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA
			<ul style="list-style-type: none"> • LGB1.6.2. Comprende, interpreta e rexeita os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia da lingua galega. 	<ul style="list-style-type: none"> • CAA
			<ul style="list-style-type: none"> • LGB1.6.3. Usa, se a posúe, a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CCEC
<ul style="list-style-type: none"> • b • e • g • h 	<ul style="list-style-type: none"> • B1.7. Produción de discursos orais, en intervencións espontáneas, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. 	<ul style="list-style-type: none"> • B1.7. Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. 	<ul style="list-style-type: none"> • LGB1.7.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC
			<ul style="list-style-type: none"> • LGB1.7.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL

			do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo).	
			• LGB1.7.3. Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego (fraseoloxía adecuada).	• CCL
			• LGB1.7.4. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado.	• CCL
• a • c • d • h	• • • • B1.8. Participación activa en situacións propias do ámbito educativo (pedimento de aclaracións, intercambio de opinións e exposición de conclusións).	• B1.8. Participar activamente en situacións propias do ámbito educativo (pedir aclaracións, intercambiar opinións e expor conclusións).	• LGB1.8.1. Intervén en debates e coloquios do ámbito educativo, respectando as regras de interacción.	• CCL • CSC
			• LGB1.8.2. Cínguese ao tema, non divaga e atende ás instrucións da persoa moderadora nos debates e coloquios.	• CCL • CSC
• a • b • c • g • h • o	• B1.9. Coñecemento e aplicación de estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso, prácticas orais formais e informais.	• B1.9. Aplicar técnicas e estratexias para falar en público, en situacións formais ou informais, de forma individual ou en grupo.	• LGB1.9.1. Elabora guións para organizar os contidos de exposicións formais ou informais breves.	• CAA
			• LG1B1.9.2. Respecta os aspectos prosódicos da linguaxe non verbal (a posta en escena, os xestos e a mirada), manifesta autocontrol das emocións ao falar en público e dirixese ao auditorio con	• CCL • CSC • CSIEE

			<p>autoconfianza e seguridade</p>	
			<ul style="list-style-type: none"> • LGB1.9.3. Adecúa a súa pronuncia á finalidade da situación comunicativa. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC
			<ul style="list-style-type: none"> • LGB1.9.4. Incorpora progresivamente palabras propias do nivel formal ás súas producións orais. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA
			<ul style="list-style-type: none"> • LGB1.9.5. Analiza similitudes e diferenzas entre discursos formais e espontáneos. 	<ul style="list-style-type: none"> • CAA
			<ul style="list-style-type: none"> • LGB1.9.6. Recoñece e avalía erros (repeticións de conectores, pobreza léxica e castelanismos) nos discursos orais propios e alleos e trata, progresivamente, de evitalos. 	<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CCL
<ul style="list-style-type: none"> • a • d • h • l • ñ 	<ul style="list-style-type: none"> • B1.10. Construción de discursos adecuados, cohesionados e coherentes desde o punto de vista comunicativo, sobre temas de interese persoal ou social da vida cotiá e educativa. 	<ul style="list-style-type: none"> • B1.10. Producir discursos breves e comprensibles sobre temas da vida cotiá, de interese persoal ou social. 	<ul style="list-style-type: none"> • LGB1.10.1. Participa en conversas informais nos que intercambia información e expresa a súa opinión, fai invitacións e ofrecementos, e pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC • CSIEE • CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> • LGB1.10.2. Desenvólvese correctamente en situacións da vida cotiá que implique solicitar unha 	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CSIEE

			información ou un servizo.	
Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir				
<ul style="list-style-type: none"> • b • f • h 	<ul style="list-style-type: none"> • B2.1. Aplicación de técnicas de análise do contido e estratexias de lectura comprensiva. 	<ul style="list-style-type: none"> • B2.1. Aplicar técnicas de análise do contido e estratexias de lectura comprensiva. 	<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.1.1. Utiliza técnicas de análise e síntese do contido: subliñados, esquemas e resumos. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CCA
			<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.1.2. Recoñece a intencionalidade do emisor a partir de elementos contextuais explícitos. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
			<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.1.3. Reconstrúe o sentido global e compón o esquema xerarquizado das ideas. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
			<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.1.4. Procura o léxico descoñecido en dicionarios, analiza a forma da palabra ou deduce o significado polo contexto. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CCA
			<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.1.5. Interpreta o significado de elementos non lingüísticos (símbolos, iconas, etc.). 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
			<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.1.6. Busca información para ampliar e completar o contido das mensaxes a través de distintos recursos: xornais, revistas, libros, enciclopedias, buscadores de internet. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CCA • CD
			<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.1.7. Contrasta os contidos 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CCA

			analizados cos coñecementos propios, antes e despois da lectura.	
<ul style="list-style-type: none"> • d • e • h 	<ul style="list-style-type: none"> • B2.2. Comprensión e interpretación de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos á experiencia do alumnado: mensaxes electrónicas ou de móbil, normas e instrucións de uso. 	<ul style="list-style-type: none"> • B2.2. Comprender, interpretar e sintetizar textos da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos á experiencia do alumnado: mensaxes electrónicas ou de móbil e normas e instrucións de uso. 	<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.2.1. Comprende, interpreta e sintetiza o contido de textos propios da vida cotiá: mensaxes electrónicas ou de móbil, de correo electrónico, normas e instrucións de uso. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC
<ul style="list-style-type: none"> • d • e • h 	<ul style="list-style-type: none"> • B2.3. Comprensión, interpretación e síntese de textos dos medios de comunicación, fundamentalmente textos narrativos. 	<ul style="list-style-type: none"> • B2.3. Comprender, interpretar e sintetizar escritos dos medios de comunicación, especialmente, os narrativos e expositivos de estrutura descritiva e secuencial. 	<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.3.1. Comprende, interpreta e sintetiza escritos dos medios de comunicación, especialmente, os narrativos e expositivos de estrutura descritiva e secuencial. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC
<ul style="list-style-type: none"> • d • e • h 	<ul style="list-style-type: none"> • B2.4. Comprensión e interpretación de textos do ámbito educativo, especialmente, descritivos, narrativos e expositivos sobre as distintas materias curriculares: webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias en diversos soportes. 	<ul style="list-style-type: none"> • B2.4. Comprender, interpretar e sintetizar escritos do ámbito educativo do alumnado, especialmente, textos descritivos, narrativos e expositivos sobre as distintas materias curriculares: webs educativas, e información de dicionarios e enciclopedias en distintos soportes. 	<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.4.1. Comprende, interpreta e sintetiza textos propios da vida educativa: webs educativas, información de dicionarios, glosarios e enciclopedias en distintos soportes. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CD • CSC
			<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.4.2. Segue instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe guiadas, con progresiva autonomía. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
<ul style="list-style-type: none"> • b • e • h 	<ul style="list-style-type: none"> • B2.5. Utilización guiada da biblioteca e das 	<ul style="list-style-type: none"> • B2.5. Utilizar de forma guiada as bibliotecas e as TIC para obter 	<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.5.1. Usa de forma guiada as bibliotecas e as TIC 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CD

	TIC para obter información e consultar modelos de composición escrita.	información e consultar modelos de composición escrita.	para obter información e consultar modelos de composición escrita.	
<ul style="list-style-type: none"> • c • d • h 	<ul style="list-style-type: none"> • B2.6. Actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes que transmitan prexuízos ou usos lingüísticos discriminatorios, especialmente, os que aparecen nos medios de comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> • B2.6. Amosar unha actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes que transmiten prexuízos e reflexionar sobre os usos lingüísticos discriminatorios. 	<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.6.1. Manifesta unha actitude crítica ante as mensaxes que transmiten prexuízos e reflexiona sobre os usos lingüísticos discriminatorios. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC
			<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.6.2. Identifica e evita o uso de expresións habituais que evidencian prexuízos de distinta natureza: relixiosos, raciais e sexistas. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC
<ul style="list-style-type: none"> • h • ñ 	<ul style="list-style-type: none"> • B2.7. Lectura en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa, aos patróns fonéticos do galego e aos signos de puntuación. 	<ul style="list-style-type: none"> • B2.7. Ler en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa. 	<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.7.1. Le en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados e con respecto pola puntuación do texto. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
			<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.7.2. Le en voz alta seguindo os patróns fonéticos do galego. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
			<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.7.3. Utiliza recursos das TIC para rexistrar a voz. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CD
<ul style="list-style-type: none"> • b • e • h 	<ul style="list-style-type: none"> • B2.8. Planificación e revisión do escrito, de forma guiada, para producir textos adecuados, coherentes, cohesionados e correctos gramaticalmente. 	<ul style="list-style-type: none"> • B2.8. Planificar, producir e revisar o escrito co fin de producir textos adecuados, coherentes, cohesionados e correctos gramaticalmente. 	<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.8.1. Utiliza esquemas sinxelos e notas para ordenar as ideas e estruturar o contido do texto. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
			<ul style="list-style-type: none"> • LG2.8.2. Adecúa o texto ao rexistro coloquial ou formal segundo o requira a situación comunicativa. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL

			<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.8.3. Utiliza elementos lingüísticos e discursivos esenciais para a cohesión das ideas: conectores textuais básicos, e concordancias dentro do sintagma nominal e dentro do sintagma verbal. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
			<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.8.4. Puntúa o texto en relación coa organización oracional e a forma do texto (os parágrafos e a distribución e organización das ideas expresadas). 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
			<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.8.5. Revisa o texto con respecto ás normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CD
<ul style="list-style-type: none"> • b • e • h 	<ul style="list-style-type: none"> • B2.9. Produción, en formato papel ou dixital, de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: notas, cartas, avisos, mensaxes electrónicas ou de móbil. 	<ul style="list-style-type: none"> • B2.9. Producir, en formato papel ou dixital, textos sinxelos propios da vida cotiá e das relacións sociais: notas, cartas, avisos, mensaxes electrónicas ou de móbil. 	<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.9.1. Produce textos propios das relacións sociais: notas, cartas, avisos, mensaxes electrónicas ou de móbil. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CD • CSC
<ul style="list-style-type: none"> • b • e • h 	<ul style="list-style-type: none"> • B2.10. Produción, a partir dun modelo, de textos propios dos medios de comunicación, fundamentalmente, noticias, en formato papel ou dixital. 	<ul style="list-style-type: none"> • B2.10. Producir, a partir dun modelo, textos propios dos medios de comunicación, fundamentalmente, noticias, en formato papel ou dixital. 	<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.10.1. Produce, a partir dun modelo, textos propios dos medios de comunicación, fundamentalmente, noticias, en formato papel ou dixital. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CD • CSC
			<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.10.2. Coñece a estrutura do xornal (seccións e xéneros) e os elementos 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL

			paratextuais que acompañan as noticias.	
<ul style="list-style-type: none"> • b • e • h 	<ul style="list-style-type: none"> • B2.11. Producción, en soporte impreso ou dixital, de textos propios da vida educativa, especialmente, resumos, exposicións sinxelas e conclusións sobre as tarefas e aprendizaxes realizadas. 	<ul style="list-style-type: none"> • B2.11. Producir, en soporte impreso ou dixital, textos propios da vida educativa, especialmente, resumos, exposicións sinxelas e conclusións sobre as tarefas e aprendizaxes realizadas. 	<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.11.1. Produce, en formato papel ou dixital, textos descritivos, narrativos e expositivos propios da vida educativa, especialmente, resumos, exposicións sinxelas e conclusións sobre tarefas e aprendizaxes realizadas. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CD
<ul style="list-style-type: none"> • b • e • h 	<ul style="list-style-type: none"> • B2.12. Producción, en soporte impreso ou dixital, de textos de distintos xéneros: descrições, narracións de feitos e exposicións de ideas e conceptos. 	<ul style="list-style-type: none"> • B2.12. Producir textos de distintos xéneros: descrições, narracións de feitos e exposicións de ideas e conceptos. 	<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.12.1. Produce textos de distintos xéneros: descrições, narracións de feitos e exposicións de ideas e conceptos. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
<ul style="list-style-type: none"> • b • e • h • f 	<ul style="list-style-type: none"> • B2.13. Uso, con progresiva autonomía, das TIC (procesadores de textos e correctores ortográficos) na planificación, revisión e presentación dos escritos. 	<ul style="list-style-type: none"> • B2.13. Usar, con progresiva autonomía, as TIC (procesadores de texto e correctores ortográficos) para planificar, revisar e mellorar a presentación dos escritos. 	<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.13.1. Utiliza, con progresiva autonomía, as funcións básicas dun procesador de textos para organizar os contidos e mellorar a presentación. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CD
			<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.13.2. Emprega os correctores ortográficos para resolver dúbidas e revisar a ortografía. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CD
<ul style="list-style-type: none"> • b • f • h 	<ul style="list-style-type: none"> • B2.14. Autoavaliación da aprendizaxe da lingua cunha actitude activa e de confianza. 	<ul style="list-style-type: none"> • B2.14. Avaliar o seu proceso de aprendizaxe cunha actitude activa e de confianza. 	<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.14.1. Participa, de modo guiado, nas tarefas de revisión e mellora das producións propias e alleas. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA

			<ul style="list-style-type: none"> LGB2.14.2. Acepta o erro como parte do proceso de aprendizaxe e mostra unha actitude positiva de superación. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA
Bloque 3. Funcionamento da lingua				
<ul style="list-style-type: none"> b e l 	<ul style="list-style-type: none"> B3.1. Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos léxicos traballados na aula. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.1. Recoñecer, explicar e usar léxico amplo e preciso coa presenza da fraseoloxía e vocabulario traballado na aula. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB3.1.1. Utiliza un vocabulario amplo e preciso para expresarse con claridade nun rexistro axeitado á situación. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL
<ul style="list-style-type: none"> a d e 	<ul style="list-style-type: none"> B3.2. A fonética e a fonoloxía do galego, con especial atención a posibles interferencias. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.2. Recoñecer e usar a fonética da lingua galega. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB3.2.1. Recoñece e pronuncia correctamente os fonemas propios da lingua galega. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA
<ul style="list-style-type: none"> b e n l 	<ul style="list-style-type: none"> B3.3. Uso eficaz dos dicionarios e doutras fontes de consulta, tanto en papel como en soporte electrónico, especialmente sobre clases de palabras e normativa. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.3. Usar eficazmente os dicionarios ou calquera outra fonte de consulta en calquera soporte, para resolver dúbidas e para progresar na aprendizaxe autónoma. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB3.3.1. Obtén, de xeito autónomo, información lingüística relativa á clase de palabras e a normativa en dicionarios, en diferentes soportes, e noutras obras de consulta. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CD
<ul style="list-style-type: none"> b e 	<ul style="list-style-type: none"> B3.4. Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.4. Aplicar e valorar as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB3.4.1. Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL
			<ul style="list-style-type: none"> LGB3.4.2. Aplica estratexias para a corrección lingüística, gramatical e ortográfica dos 	<ul style="list-style-type: none"> CCL

			textos.	
• e	• B3.5. Análise e uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión textual.	• B3.5. Analizar e usar correctamente a puntuación, de acordo coa cohesión textual.	• LGB3.5.1. Analiza e usa correctamente a puntuación de acordo coa cohesión textual.	• CCL
• b • e	• B3.6. Recoñecemento, uso e explicación das categorías gramaticais básicas (substantivo, adxectivo cualificativo, verbo, adverbio, etc.) así como a diferenza entre palabras flexivas e non flexivas para a creación e comprensión de textos.	• B3.6. Recoñecer e explicar o uso das distintas categorías gramaticais, utilizar este coñecemento para distinguir erros e diferenciar as flexivas das non flexivas.	• LGB3.6.1. Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais nos textos, utiliza este coñecemento para corrixir erros e distingue as flexivas das non flexivas.	• CCL • CAA
• e • l • n	• B3.7. Recoñecemento, uso e reflexión dos mecanismos da cohesión textual como a deíxe persoal.	• B3.7. Recoñecer, usar e reflexionar sobre os mecanismos da cohesión textual como a deíxe persoal.	• LGB3.7.1. Recoñece e explica nos textos as referencias deícticas persoais.	• CCL • CAA
• e • h	• B3.8. Recoñecemento, uso e explicación dos conectores textuais máis comúns, en particular os temporais e explicativos.	• B3.8. Recoñecer, usar e explicar os conectores textuais máis comúns (sobre todo os temporais e os explicativos).	• LGB3.8.1. Identifica, explica e usa distintos tipos de conectores textuais máis comúns, en particular os temporais e explicativos.	• CCL • CAA
• e • h	• B3.9. Coñecemento das regras de concordancia e das funcións sintácticas	• B3.9. Coñecer as regras de concordancia e das funcións sintácticas principais no seo da oración para elaborar enunciados	• LGB3.9.1. Producir textos orais e escritos de diferentes xéneros, usando as regras de concordancia.	• CCL • CAA

	principais no seo da oración para elaborar enunciados cun estilo cohesionado e correcto.	cun estilo cohesionado e correcto.	• LGB3.9.2. Identificar as funcións sintácticas no seo da oración.	• CCL • CAA
 - En cada unha das avaliacións haberá unha proba sobre un libro, que será recomendado a partir dunha lista ofrecida polo/a docente e tamén por suxestións do alumnado.

3.3.7.- CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, A CUALIFICACIÓN E A PROMOCIÓN DO ALUMNADO

3.3.7.1.- AVALIACIÓN INICIAL

Dedicaranse as primeiras sesión do curso a realizar a avaliación inicial, que permitirá comprobar o nivel de cada grupo para organizar e axustar o currículo axeitándose ás súas características. Tamén se informará ao alumnado sobre a dinámica da aprendizaxe, os criterios de avaliación e cualificación e as actividades propostas para cada trimestre.

Despois das primeiras clases o/a profesor/a decidirá os procedementos que utilizará para avaliar o alumnado. De escoller unha proba escrita, poderá utilizar unha similar ás que se realicen nas avaliacións ordinarias ou na extraordinaria do curso anterior, o que lle permitirá comprobar o grao de coñecementos cos que o alumnado inicia o curso.

3.3.7.2.- AVALIACIÓN FORMATIVA

A avaliación formativa que se desenvolva na materia será continua, sumativa e procesual. Esta avaliación conformarana todas as actividades levadas ao cabo durante cada período avaliatorio. A avaliación formativa realizarase durante todo o curso recollendo constantemente información sobre a evolución do alumnado.

3.3.7.2.1. OS CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os **criterios de avaliación** aparecen recollidos no punto 2 da presente programación, onde se presentan organizados xunto cos contidos curriculares, os estándares de aprendizaxes e as competencias clave. Malia a isto, para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencia, o departamento tomará as medidas oportunas nestas circunstancias, seguindo as instrucións que presente a Consellería.

3.3.7.2.2. A CUALIFICACIÓN

- **Pautas xerais de cualificación.**

- O alumnado deberá obter unha cualificación de 5 puntos para obter un aprobado na avaliación.
- A cualificación de cada avaliación farase de 0 a 10.
- As actividades terán dous tipos de sistemas de puntuación:
 - **Actividades con rúbrica:** Puntuaranse de 1 a 4.
 - Se ben a puntuación das actividades con rúbrica transformarán a súa puntuación pola súa equivalencia no sistema de 0 a 10, para permitir un sistema de cualificación coherente. As equivalencias que se seguirán son as que se marcan na seguinte táboa.

Táboa de equivalencias										
A. Con Rúbrica	1	1,3	1,7	2	2,3	2,7	3	3,3	3,7	4
	-	6	1	-	6	1	-	6	1	
	1,3	-	-	2,3	-	-	3,3	-	-	
	5	1,7	1,9	5	2,7	2,9	5	3,7	3,9	
A. Sen Rúbrica	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10

- As actividades con rúbrica terán puntuación "0" se non se realizan.
 - **Actividades sen rúbrica:** Puntuarase de 0 a 10.
- **Cálculo da nota da avaliación.** A cualificación de cada avaliación farase valorando os seguintes aspectos:
 - **Exame trimestral: 70%.**
 - O alumnado realizarán 2 probas escritas por avaliación. Se ben ademais dos exames escritos trimestrais, o/a profesor/a poderá propoñer outras probas, sempre que o estime conveniente, para que o alumnado asimile aspectos da materia que sexan máis dificultosos.

- O adiamento ou a non presentación a un exame seguirá as pautas marcadas nas NOFC do IES Pedro Floriani.
- **Traballos individuais e lecturas: 10%.**
 - En cada unha das avaliacións realizarase unha proba escrita sobre un libro de lectura obrigatorio.
A non realización desta proba cualificará coa nota de “0”.
 - Ademais, ao longo da avaliación o alumnado poderá desenvolver traballos de carácter individual e escrito (fichas, cuestionarios, acompañamentos de lecturas...).
- **Caderno e seguimento do traballo na aula: 10%.**
 - Farase un seguimento do estado do caderno e do traballo de aula.
- **Produción de textos orais: 10%.**
 - Valorarase a produción de textos orais, usando correctamente as normas morfolóxicas, o léxico e a fonética do galego.
- **Media e nota mínima.** A nota mínima requirida nos *exames trimestrais* para facer media é un 3,5. A media entre os catro bloques de instrumentos de avaliación (*exames trimestrais, traballos individuais e lecturas, caderno e seguimento do traballo na aula e produción de textos orais*) deberá sumar como mínimo 5 puntos para que a materia se considere aprobada.
- **Erros.** As pautas de tratamento dos erros serán os seguintes.
 - A ilexibilidade dun exame, traballo ou calquera outro tipo de material por parte do alumnado poderá implicar a non corrección do mesmo por parte do profesorado.
 - Os erros ortográficos e morfolóxicos seguirán as seguintes pautas: Penalizarán ata un máximo de 1,5 puntos e serán consideradas:
 - **Moi graves:** solucións que son alleas ao sistema lingüístico do galego, como tempos compostos, mala colocación dos clíticos, etc. Descontarase 0,2 puntos por cada un.
 - **Graves:** solucións ortográficas contrarias á norma lingüística (b/v, h, y, etc.) e acentuación diacrítica. Descontarase 0,1 punto por cada un.
 - **Leves:** solucións galegas alleas ao estándar vixente e acentuación non diacrítica. Descontarase 0,05 puntos por cada un.
- **Medios fraudulentos.** O uso de calquera tipo de medio fraudulento na realización de probas, actividades e exames (traballos copiados, chuletas...) implicará a obtención automática dun cero (0) como cualificación na proba, actividade e exame referido.
- **Mecanismos de recuperación.**
 - O alumnado que suspenda unha avaliación terá dereito á realización dun exame de recuperación no inicio da seguinte. No caso da 3ª avaliación, este exame será realizado posteriormente á realización do exame da 3ª avaliación e antes do exame final.

3.3.7.3.- AVALIACIÓN FINAL

A avaliación final será unha avaliación sumativa, que valorará ao final do curso o grao de consecución obtido polo alumno respecto aos obxectivos, contidos e estándares de aprendizaxe previstos.

3.3.7.3.1. OS CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os **criterios de avaliación** aparecen recollidos no punto 2 da presente programación, onde aparecen organizados xunto cos contidos curriculares, os estándares de aprendizaxes e as competencias clave.

Na cualificación final influirán o grao de asimilación de contidos e dos estándares de aprendizaxe por parte do alumnado así como o grao de desenvolvemento das competencias clave (criterio este básico e fundamental); o seu comportamento xeral; a actitude de traballo, interese e respecto amosada na clase durante todo o curso; a súa asistencia regular ás aulas, sempre que sexa posible, e, finalmente, o traballo realizado.

3.3.7.3.2. A CUALIFICACIÓN

● Pautas xerais de cualificación.

- O alumnado deberá obter unha cualificación de como mínimo 5 puntos na nota final para obter un aprobado e, polo tanto, superar a materia.
- A cualificación da avaliación final farase de 0 a 10.
- A nota final obterase da realización da media entre as notas obtidas nas tres avaliacións do curso.

● Cálculo da nota final. A cualificación final acadarase a través da nota media obtida entre cada unha das notas obtidas nas tres avaliacións.

● Media e nota mínima.

- A nota mínima requirida nunha avaliación para poder facer media é un 4.

Mecanismos de recuperación da avaliación final.

○ Alumnado.

- Aquel alumnado que non teña superado a materia ao rematar as tres avaliacións, suspendendo ou non facendo uso do exame de recuperación trimestral, poderá presentarse a un exame final.

○ A proba.

- Realízase unha proba final que consistirá na realización dun exame escrito.
- O exame escrito caracterizarase por:
 - Aparecer contidos das tres avaliacións.
 - Contar cos estándares de aprendizaxe xerais, pero incidindo especialmente nos estándares mínimos esixidos.

○ Cualificación final.

- O exame escrito puntuarase de 0 a 10.
- O alumnado deberá obter como mínimo unha puntuación de 5 puntos no exame escrito para poder superar este e, polo tanto, a materia.

3.3.7.4.- AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

● Alumnado.

- Realizará esta proba aquel alumnado que non acadase o aprobado na avaliación final.

● A proba.

- Realízase unha proba extraordinaria en setembro que consistirá na realización dun exame escrito.
- O exame escrito caracterizarase por:

- Aparecer contidos das tres avaliacións.
- Contar cos estándares de aprendizaxe xerais, pero incidindo especialmente nos estándares mínimos esixidos.
- **Cualificación final.**
 - O exame escrito puntuarase de 0 a 10.
 - O alumnado deberá obter como mínimo unha puntuación de 5 puntos no exame escrito para poder superar este e, polo tanto, a materia.

3.4. PROGRAMACIÓN 3º ESO

3.4.1. OBXECTIVOS

1. Comprender, interpretar e valorar textos orais e escritos de diferente tipoloxía.
2. Elaborar textos escritos e orais de diversa tipoloxía.
3. Desenvolver habilidades comunicativas con interese, respecto e efectividade.
4. Entender a lingua como unha ferramenta clave no desenvolvemento persoal así como na construción social.
5. Usar correctamente de xeito oral e escrito a lingua galega e valorala positivamente.
6. Buscar, seleccionar e xestionar información coa axuda das TIC.
7. Recoñecer e aplicar os procesos de creación de palabras.
8. Recoñecer as funcións sintácticas oracionais e diferenciar os elementos que as compoñen.
9. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia.
10. Recoñecer os principais elementos na orixe da lingua galega.
11. Coñecer o desenvolvemento social da lingua galega ata 1916.
12. Identificar os prexuízos lingüísticos e aprender a rexeitalos.
13. Coñecer e valorar a diversidade lingüística, o plurilingüismo e a nosa relación coa lusofonía.
14. Coñecer a literatura galega dende a súa orixe ata 1916.
15. Crear textos con intención estética tomando como base o aprendido na aula.
16. Vencellar a lingua, a literatura e a sociolingüística con conceptos e fenómenos de actualidade.

3.4.2. CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Lingua Galega e Literatura. ESO. 3º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Comunicación oral: falar e escoitar				
<ul style="list-style-type: none"> •d •e •h 	<ul style="list-style-type: none"> •B1.1. Comprensión e interpretación de textos orais propios dos medios de comunicación audiovisual, con especial atención ás entrevistas, noticias, crónicas e reportaxes. 	<ul style="list-style-type: none"> •B1.1. Comprender e interpretar a intención comunicativa implícita e explícita, o tema, a idea principal e as secundarias, o datos relevantes de textos orais dos medios de comunicación audiovisual. 	<ul style="list-style-type: none"> •LGB1.1.1. Comprende o sentido global e identifica a intención comunicativa e a estrutura de textos orais propios dos medios de comunicación audiovisual (entrevistas, noticias, crónicas e reportaxes). 	<ul style="list-style-type: none"> •CCL
			<ul style="list-style-type: none"> •LGB1.1.2. Interpreta textos orais e traslada a información relevante a esquemas ou resumos. 	<ul style="list-style-type: none"> •CCL
<ul style="list-style-type: none"> •d •e •h 	<ul style="list-style-type: none"> •B1.2. Escoita crítica e reflexiva ante as mensaxes discriminatorias dos medios de comunicación, con especial atención aos programas de carácter informativo: noticias reportaxes e crónicas. 	<ul style="list-style-type: none"> •B1.2. Identificar o propósito comunicativo en textos orais dos medios de comunicación, analizar criticamente os seus contidos e interpretar as connotacións e mensaxes discriminatorias implícitas. 	<ul style="list-style-type: none"> •LGB1.2.1. Diferencia as ideas principais e as secundarias e identifica a intención comunicativa de programas de carácter informativo: noticias, reportaxes e crónicas. 	<ul style="list-style-type: none"> •CCL •CAA
			<ul style="list-style-type: none"> •LGB1.2.2. Compara o tratamento da mesma noticia en diferentes medios de comunicación e extrae conclusións a partir das coincidencias e diferenzas atopadas. 	<ul style="list-style-type: none"> •CCL •CAA
			<ul style="list-style-type: none"> •LGB1.2.3. Reflexiona sobre as mensaxes e rexeita usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos e discriminacións. 	<ul style="list-style-type: none"> •CCL •CSC
<ul style="list-style-type: none"> •d •e •h 	<ul style="list-style-type: none"> •B1.3. Comprensión, interpretación e valoración de textos expositivos e argumentativos. 	<ul style="list-style-type: none"> •B1.3. Comprender, interpretar e valorar textos orais expositivos e argumentativos. 	<ul style="list-style-type: none"> •LGB1.3.1. Identifica as ideas principais e secundarias dun texto oral expositivo ou argumentativo, formal ou informal, producido na variante estándar ou en calquera das variedades dialectais. 	<ul style="list-style-type: none"> •CCL
			<ul style="list-style-type: none"> •LGB1.3.2. Recoñece a intención comunicativa dos textos. 	<ul style="list-style-type: none"> •CCL
			<ul style="list-style-type: none"> •LGB1.3.3. Diferencia as explicacións dos argumentos. 	<ul style="list-style-type: none"> •CCL •CAA
<ul style="list-style-type: none"> •d •e •h 	<ul style="list-style-type: none"> •B1.4. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais usados no ámbito educativo (presentacións, relatorios e intervencións en mesas redondas). 	<ul style="list-style-type: none"> •B1.4. Comprender textos orais expositivos e argumentativos utilizados no ámbito educativo (presentacións, relatorios e intervencións en mesas redondas) e identificar as ideas principais e secundarias, o propósito comunicativo implícito ou explícito, e diferenciar as explicacións dos argumentos. 	<ul style="list-style-type: none"> •LGB1.4.1. Identifica a intención comunicativa, a tese e os argumentos dos debates, relatorios e mesas redondas dentro do ámbito educativo e elabora un esquema ou resumo. 	<ul style="list-style-type: none"> •CCL •CCA
			<ul style="list-style-type: none"> •LGB1.4.2. Recoñece os procedementos lingüísticos para manifestarse a favor ou en contra. 	<ul style="list-style-type: none"> •CCL •CSC

<ul style="list-style-type: none"> •a •c •d •h 	<ul style="list-style-type: none"> •B1.5. Desenvolvemento de habilidades de escoita cunha actitude de interese, cooperación e respecto ante as intervencións orais, sobre todo en exposicións do profesorado ou do alumnado. 	<ul style="list-style-type: none"> •B1.5. Coñecer e usar as normas de cortesía nas intervencións orais propias e alleas da actividade educativo, tanto espontáneas como planificadas. 	<ul style="list-style-type: none"> •LGB1.5.1. Coñece, aprecia e usa as normas que rexen a cortesía na comunicación oral (intervén na quenda que lle corresponde, respecta as opinións e recoñece e rexeita a linguaxe discriminatoria). 	<ul style="list-style-type: none"> •CCL •CAA •CSC
<ul style="list-style-type: none"> •h •o 	<ul style="list-style-type: none"> •B1.6. Valoración das producións orais emitidas cunha fonética galega correcta e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela. 	<ul style="list-style-type: none"> •B1.6. Valorar as producións emitidas cunha fonética galega correcta e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela. 	<ul style="list-style-type: none"> •LGB1.5.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e o significado dos trazos máis característicos da linguaxe non verbal. 	<ul style="list-style-type: none"> •CCL •CSC •CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> •LGB1.6.1. Aprecia a emisión dunha pronuncia galega correcta, recoñece os erros de produción oral propia e allea a partir da práctica habitual de autovaloración e propón solucións para melloralas. 	<ul style="list-style-type: none"> •CCL •CAA
			<ul style="list-style-type: none"> •LGB1.6.2. Comprende, interpreta e rexeita os prexuízos que se poidan asociar á maneira de pronunciar a lingua galega. 	<ul style="list-style-type: none"> •CAA
<ul style="list-style-type: none"> •a •c •d •h 	<ul style="list-style-type: none"> •B1.7. Participación activa en situacións propias do ámbito educativo e de interese para o alumnado que xeren intercambio de opinión.. 	<ul style="list-style-type: none"> •B1.7. Participar activamente en situación propias do ámbito educativo e de interese para o alumnado que xeren intercambio de opinión. 	<ul style="list-style-type: none"> •LGB1.6.2. Usa a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto. 	<ul style="list-style-type: none"> •CCL •CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> •LGB1.7.1. Participa activamente en debates ou coloquios, respecta as regras de interacción, intervención e cortesía, manifesta as súas opinións e respecta as dos demais. 	<ul style="list-style-type: none"> •CCL •CSC
			<ul style="list-style-type: none"> •LGB1.7.2. Cínguese ao tema, non divaga e atende ás instrucións do moderador nos debates e coloquios. 	<ul style="list-style-type: none"> •CCL •CSC
			<ul style="list-style-type: none"> •LGB1.7.3. Avalía as intervencións propias e alleas. 	<ul style="list-style-type: none"> •CAA
<ul style="list-style-type: none"> •a •b •c •g •h •o 	<ul style="list-style-type: none"> •B1.8. Coñecemento, uso e aplicación de técnicas e estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso nas prácticas orais formais e informais. 	<ul style="list-style-type: none"> •B1.8. Aplicar técnicas e estratexias para falar en público, en situacións formais ou informais, de forma individual ou en grupo. 	<ul style="list-style-type: none"> •LGB1.7.4. Respecta as quendas de palabra, o espazo, xesticula de xeito adecuado, escoita activamente os demais e usa fórmulas de saúdo e despedida. 	<ul style="list-style-type: none"> •CCL •CSC
			<ul style="list-style-type: none"> •LGB1.8.1. Elabora guiños para organizar os contidos de exposicións formais ou informais breves. 	<ul style="list-style-type: none"> •CAA
			<ul style="list-style-type: none"> •LGB1.8.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas ou formais respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo). 	<ul style="list-style-type: none"> •CCL

			<ul style="list-style-type: none"> •LGB1.8.3. Emprega nas intervencións orais expresións propias do galego: infinitivo conxugado e fraseoloxía adecuada. 	<ul style="list-style-type: none"> •CCL
			<ul style="list-style-type: none"> •LGB1.8.4. Fai uso dos aspectos prosódicos da linguaxe non verbal (a presentación, a posta en escena, os xestos e a mirada), manifesta autocontrol das emocións ao falar en público e dirixese ao auditorio con autoconfianza e seguridade. 	<ul style="list-style-type: none"> •CCL •CSC •CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> •LGB1.8.5. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado. 	<ul style="list-style-type: none"> •CCL
			<ul style="list-style-type: none"> •LGB1.8.6. Adecúa a súa pronuncia á finalidade da práctica oral. 	<ul style="list-style-type: none"> •CCL •CAA
			<ul style="list-style-type: none"> •LGB1.8.7. Recoñece a avalía erros (repeticións de conectores, pobreza léxica e castelanismos) nos discursos orais propios e alleos e trata, progresivamente, de evitalos. 	<ul style="list-style-type: none"> •CAA •CCL
<ul style="list-style-type: none"> •a •d •h •l •ñ 	<ul style="list-style-type: none"> •B1.9. Construción de discursos adecuados a distintos rexistros, coherentes e ben organizados sobre temas de interese persoal ou social da vida cotiá e educativa. 	<ul style="list-style-type: none"> •B1.9. Producir discursos breves e comprensibles, nun rexistro neutro, informal ou máis culto, sobre temas da vida cotiá ou educativa. 	<ul style="list-style-type: none"> •LGB1.9.1. Participa en conversas informais nos que intercambia información e expresa a súa opinión. 	<ul style="list-style-type: none"> •CCL •CSC •CSIEE •CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> •LGB1.9.2. Desenvólvese correctamente en situacións da vida cotiá que implique solicitar unha información ou un servizo. 	<ul style="list-style-type: none"> •CSC •CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> •LGB1.9.3. Utiliza as fórmulas de tratamento e as regras de cortesía axeitadas ao destinatario e á situación comunicativa. 	<ul style="list-style-type: none"> •CCL •CSC
			<ul style="list-style-type: none"> •LGB1.9.4. Realiza e explica resumos ou exposicións educativas sinxelas. 	<ul style="list-style-type: none"> •CCL
<ul style="list-style-type: none"> •b •e •g •h 	<ul style="list-style-type: none"> •B1.10. Coñecemento e aplicación, con axuda das TIC, de técnicas e estratexias para a produción de textos orais sobre temas de actualidade. 	<ul style="list-style-type: none"> •B1.10. Coñecer e aplicar, con axuda das TIC, técnicas e estratexias para realizar exposicións orais planificadas. 	<ul style="list-style-type: none"> •LGB1.10.1. Consulta os medios de información dixitais para seleccionar contidos relevantes e incorporalos ás súas producións. 	<ul style="list-style-type: none"> •CD •CAA •CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> •LGB1.10.2. Emprega as TIC para facer as súas presentacións máis claras e atractivas visualmente. 	<ul style="list-style-type: none"> •CD •CCL •CSC
Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir				
<ul style="list-style-type: none"> •b •f •h 	<ul style="list-style-type: none"> •B2.1. Uso de técnicas de análise do contido e estratexias que facilitan a lectura comprensiva e crítica de textos. 	<ul style="list-style-type: none"> •B2.1. Aplicar técnicas e estratexias que facilitan a lectura comprensiva e crítica de textos. 	<ul style="list-style-type: none"> •LGB2.1.1. Usa técnicas de síntese do contido dos textos: subliñados, esquemas e resumos. 	<ul style="list-style-type: none"> •CCL •CAA
			<ul style="list-style-type: none"> •LGB2.1.2. Usa técnicas de ampliación e organización da información: táboas, cadros, gráficos e mapas conceptuais. 	<ul style="list-style-type: none"> •CCL •CAA
			<ul style="list-style-type: none"> •LGB2.1.3. Busca e asimila o significado de palabras do rexistro formal e incorpóraas 	<ul style="list-style-type: none"> •CCL •CAA

			progresivamente ao seu vocabulario.	
			<ul style="list-style-type: none"> •LGB2.1.4. Relaciona a información explícita e implícita dun escrito en función do contexto. 	<ul style="list-style-type: none"> •CCL •CAA
<ul style="list-style-type: none"> •d •e •h 	<ul style="list-style-type: none"> •B2.2. Comprensión e interpretación de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: convocatorias, actas de reunión e regulamentos. 	<ul style="list-style-type: none"> •B2.2. Comprender e interpretar textos da vida cotiá e das relacións sociais: convocatorias, actas de reunión e regulamentos. 	<ul style="list-style-type: none"> •LGB2.2.1. Comprende e interpreta textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: convocatorias, actas de reunión e regulamentos. 	<ul style="list-style-type: none"> •CCL •CSC
			<ul style="list-style-type: none"> •LGB2.2.2. Identifica os trazos característicos dun escrito (tipografía, distribución de espazos e escollos léxicos) coa tipoloxía textual (convocatoria, actas de reunión e regulamentos). 	<ul style="list-style-type: none"> •CCL
<ul style="list-style-type: none"> •d •e •h 	<ul style="list-style-type: none"> •B2.3. Comprensión e interpretación de textos propios dos medios de comunicación e distinción dos contidos informativos e das opinións en entrevistas, crónicas e reportaxes. 	<ul style="list-style-type: none"> •B2.3. Comprender e interpretar escritos propios dos medios de comunicación e distinguir entre información e opinión en entrevistas, crónicas e reportaxes. 	<ul style="list-style-type: none"> •LGB2.3.1. Comprende e interpreta textos xornalísticos, fundamentalmente en entrevistas, crónicas e reportaxes. 	<ul style="list-style-type: none"> •CCL •CSC
			<ul style="list-style-type: none"> •LGB2.3.2. Distingue entre os contidos informativos e as opinións que se expresan nos textos xornalísticos. 	<ul style="list-style-type: none"> •CCL •CSC
<ul style="list-style-type: none"> •d •e •h 	<ul style="list-style-type: none"> •B2.4. Comprensión e interpretación dos textos propios do ámbito educativo, especialmente os expositivos e explicativos (enciclopedias, webs educativas e outros materiais de consulta). 	<ul style="list-style-type: none"> •B2.4. Comprender e interpretar textos de carácter educativo, especialmente os expositivos e explicativos: enciclopedias, webs educativas e outros materiais de consulta. 	<ul style="list-style-type: none"> •LGB2.4.1. Comprende e interpreta textos propios do ámbito educativo, especialmente os expositivos e explicativos elaborados a partir da información obtida nas bibliotecas. 	<ul style="list-style-type: none"> •CCL •CAA
			<ul style="list-style-type: none"> •LGB2.4.2. Consulta fontes xerais (enciclopedias) e especializadas (monográficos e webs temáticas) para ampliar a información e mellorar o coñecemento da mensaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> •CCL •CAA •CD
			<ul style="list-style-type: none"> •LGB2.4.3. Interpreta, deduce e explica a información que aparece en diagramas, gráficas e mapas conceptuais. 	<ul style="list-style-type: none"> •CCL •CAA
<ul style="list-style-type: none"> •b •h 	<ul style="list-style-type: none"> •B2.5. Identificación do tema e dos subtemas, a estrutura comunicativa das mensaxes e a intención do emisor dos textos expositivos e explicativos. 	<ul style="list-style-type: none"> •B2.5. Identificar o tema, os subtemas e a estrutura comunicativa dos textos expositivos e explicativos. 	<ul style="list-style-type: none"> •LGB2.5.1. Interpreta o sentido global e compón o esquema xerarquizado das ideas de textos expositivos e explicativos. 	<ul style="list-style-type: none"> •CCL •CAA
			<ul style="list-style-type: none"> •LGB2.5.2. Identifica a estrutura comunicativa das mensaxes escritas e a intención do emisor. 	<ul style="list-style-type: none"> •CCL
<ul style="list-style-type: none"> •b •e •g •h 	<ul style="list-style-type: none"> •B2.6. Uso case autónomo dos recursos que ofrecen as bibliotecas e as TIC para obter, organizar e seleccionar a información. 	<ul style="list-style-type: none"> •B2.6. Usar, de maneira case autónoma, os recursos que ofrecen as bibliotecas e outros recursos relacionados coas TIC para obter, organizar e seleccionar información. 	<ul style="list-style-type: none"> •LGB2.6.1. Aplica correctamente o sistema de procura na biblioteca e nos buscadores de internet para obter, organizar e seleccionar información. 	<ul style="list-style-type: none"> •CCL •CAA •CD
<ul style="list-style-type: none"> •a •c 	<ul style="list-style-type: none"> •B2.7. Actitude reflexiva e crítica ante a lectura de 	<ul style="list-style-type: none"> •B2.7. Manifestar unha actitude reflexiva e 	<ul style="list-style-type: none"> •LGB2.7.1. Identifica e expresa posturas de acordo e desacordo 	<ul style="list-style-type: none"> •CCL

<ul style="list-style-type: none"> •d •h 	calquera tipo de texto, para detectar prexuízos e discriminacións.	crítica ante a lectura de calquera tipo de texto, para detectar prexuízos e discriminacións.	sobre aspectos parciais ou globais dun texto.	
			<ul style="list-style-type: none"> •LGB2.7.2. Recoñece e evita usos lingüísticos que transmiten prexuízos ou mensaxes discriminatorias. 	<ul style="list-style-type: none"> •CCL •CSC
<ul style="list-style-type: none"> •h •ñ 	<ul style="list-style-type: none"> •B2.8. Lectura fluída en voz alta respectando os patróns fonéticos do galego. 	<ul style="list-style-type: none"> •B2.8. Ler en voz alta, de xeito fluído, e respectar os patróns fonéticos do galego. 	<ul style="list-style-type: none"> •LGB2.8.1. Le en voz alta, de xeito fluído e respecta a fidelidade ao texto. 	<ul style="list-style-type: none"> •CCL
			<ul style="list-style-type: none"> •LGB2.8.2. Respecta os patróns fonéticos do galego (fonética sintáctica e entoación) e emprega a dicción e o ritmo axeitado á lectura do texto. 	<ul style="list-style-type: none"> •CCL
<ul style="list-style-type: none"> •b •e •h 	<ul style="list-style-type: none"> •B2.9. Produción, en formato papel ou dixital, de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: convocatorias, actas de reunión e intervencións en foros. 	<ul style="list-style-type: none"> •B2.9. Producir, en formato papel ou dixital, textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: convocatorias, actas de reunión e intervencións en foros. 	<ul style="list-style-type: none"> •LGB2.9.1. Produce, en formato papel ou dixital, textos da vida cotiá ou das relacións sociais, segundo os modelos propostos na aula: convocatorias, actas de reunións e intervencións en foros. 	<ul style="list-style-type: none"> •CCL •CSC •CD
<ul style="list-style-type: none"> •b •e •h 	<ul style="list-style-type: none"> •B2.10. Produción, en soporte impreso ou dixital, de textos propios dos medios de comunicación, fundamentalmente, entrevistas, crónicas e reportaxes. 	<ul style="list-style-type: none"> •B2.10. Producir, en soporte impreso ou dixital, textos xornalísticos informativos e de opinión, fundamentalmente, entrevistas, crónicas e reportaxes. 	<ul style="list-style-type: none"> •LGB2.10.1. Produce, en soporte impreso ou dixital, textos xornalísticos, fundamentalmente, entrevistas, crónicas, reportaxes. 	<ul style="list-style-type: none"> •CCL •CD
<ul style="list-style-type: none"> •b •e •h 	<ul style="list-style-type: none"> •B2.11. Produción, en soporte impreso ou dixital, de textos expositivos do ámbito educativo a partir da información obtida na biblioteca ou outras fontes de documentación. 	<ul style="list-style-type: none"> •B2.11. Producir, en soporte impreso ou dixital, textos expositivos do ámbito educativo: informes e proxectos sobre tarefas educativas das materias curriculares. 	<ul style="list-style-type: none"> •LGB2.11.1. Produce, en soporte impreso ou dixital, textos expositivos e explicativos sobre distintas materias curriculares elaborados a partir de información obtida en bibliotecas e outras fontes de información. 	<ul style="list-style-type: none"> •CCL •CD
			<ul style="list-style-type: none"> •LGB2.11.2. Usa correctamente elementos formais nos traballos educativos: citas bibliográficas, índices, paxinación, notas ao pé de páxina, organización de títulos, capítulos, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> •CCL •CD
<ul style="list-style-type: none"> •b •e •h •f 	<ul style="list-style-type: none"> •B2.12. Planificación, produción e revisión do texto con adecuación, coherencia, cohesión e respecto polas normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas. 	<ul style="list-style-type: none"> •B2.12. Planificar producir e revisar textos con adecuación, coherencia, cohesión e con respecto polas normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas. 	<ul style="list-style-type: none"> •LGB2.12.1. Planifica a composición dos escritos en función do tipo de texto e da situación comunicativa para redactar textos adecuados, coherentes e ben cohesionados. 	<ul style="list-style-type: none"> •CCL •CAA
			<ul style="list-style-type: none"> •LGB2.12.2. Redacta borradores, utiliza esquemas, árbores ou mapas conceptuais para planificar e organizar os seu escritos. 	<ul style="list-style-type: none"> •CCL •CAA
			<ul style="list-style-type: none"> •LGB2.12.3. Consulta fontes de información en distintos soportes para seleccionar contidos relevantes que posteriormente reelaborará e incorporará ao seu escrito. 	<ul style="list-style-type: none"> •CCL •CAA •CD

			<ul style="list-style-type: none"> •LGB2.12.4. Utiliza o rexistro lingüístico adecuado en función da situación comunicativa e do ámbito de uso. 	<ul style="list-style-type: none"> •CCL •CSC
			<ul style="list-style-type: none"> •LGB2.12.5. Usa elementos lingüísticos e discursivos para alcanzar a coherencia e cohesión interna (conectores e tratamento de formas verbais). 	<ul style="list-style-type: none"> •CCL
			<ul style="list-style-type: none"> •LGB2.12.6. Revisa os textos de xeito gradual para resolver dificultades de contido (temática e estrutura) e de forma (cuestións tipográficas, ortográficas e gramaticais). 	<ul style="list-style-type: none"> •CCL •CAA
<ul style="list-style-type: none"> •b •e •h 	<ul style="list-style-type: none"> •B2.13. Utilización das TIC para organizar os contidos, mellorar a presentación e corrixir erros. 	<ul style="list-style-type: none"> •B2.13. Utilizar as TIC para organizar os contidos, mellorar a presentación e corrixir as producións escritas. 	<ul style="list-style-type: none"> •LGB2.13.1. Usa as TIC (procesadores de textos e correctores ortográficos) para organizar os contidos, mellorar a presentación e facilitar a corrección dos textos escritos. 	<ul style="list-style-type: none"> •CCL •CD
<ul style="list-style-type: none"> •a •d •e •h 	<ul style="list-style-type: none"> •B2.14. Uso das TIC como un medio de comunicación e interrelación social a través da escritura. 	<ul style="list-style-type: none"> •B2.14. Utilizar as TIC como un medio de comunicación e interrelación social a través da escritura. 	<ul style="list-style-type: none"> •LGB2.14.1. Coñece e utiliza as ferramentas TIC para intercambiar opinións sobre escritos alleos e escribir e dar a coñecer os propios en blogs, redes sociais de lectores e escritores. 	<ul style="list-style-type: none"> •CCL •CSC •CCEC •CD
Bloque 3. Funcionamento da lingua				
<ul style="list-style-type: none"> •b •e •l 	<ul style="list-style-type: none"> •B3.1. Recoñecemento, explicación e uso de léxico amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático. 	<ul style="list-style-type: none"> •B3.1. Recoñecer e explicar os valores de léxico temático e da fraseoloxía. 	<ul style="list-style-type: none"> •LGB3.1.1. Selecciona o léxico e as expresións axeitadas en contextos comunicativos de uso formal da lingua. 	<ul style="list-style-type: none"> •CCL •CAA
<ul style="list-style-type: none"> •b •e •l 	<ul style="list-style-type: none"> •B3.2. Recoñecemento e identificación das categorías gramaticais. 	<ul style="list-style-type: none"> •B3.2. Aplicar os coñecementos sobre as distintas categorías gramaticais na elaboración de textos escritos e orais. 	<ul style="list-style-type: none"> •LGB3.2.1. Produce textos orais e escritos de diferentes xéneros cun correcto uso das distintas categorías gramaticais. 	<ul style="list-style-type: none"> •CCL •CCA
			<ul style="list-style-type: none"> •LGB3.2.2. Identifica e explica os usos e valores das categorías gramaticais relacionándoas coa intención comunicativa e a tipoloxía textual. 	<ul style="list-style-type: none"> •CCL •CCA
<ul style="list-style-type: none"> •b •e •i 	<ul style="list-style-type: none"> •B3.3. Recoñecemento, explicación e uso dos procedementos de creación de palabras (derivación e composición). 	<ul style="list-style-type: none"> •B3.3. Recoñecer e explicar os procedementos de creación de palabras e as posibilidades de combinación para crear novas palabras para crear novos elementos léxicos. 	<ul style="list-style-type: none"> •LGB3.3.1. Recoñece e explica os procedementos de creación de palabras. 	<ul style="list-style-type: none"> •CCL •CCA
			<ul style="list-style-type: none"> •LGB3.3.2. Crea palabras novas utilizando os procedementos de creación. 	<ul style="list-style-type: none"> •CCL •CCA
<ul style="list-style-type: none"> •a •d •e 	<ul style="list-style-type: none"> •B3.4. A fonética e a fonoloxía do galego con especial atención a posibles interferencias. 	<ul style="list-style-type: none"> •B3.4. Recoñecer e usar adecuadamente a fonética da lingua galega. 	<ul style="list-style-type: none"> •LGB3.4.1. Recoñece e usa adecuadamente a fonética da lingua galega. 	<ul style="list-style-type: none"> •CCL •CAA
<ul style="list-style-type: none"> •b •e •n •l 	<ul style="list-style-type: none"> •B3.5. Uso progresivo, autónomo e eficaz dos dicionarios, das bibliotecas e doutras fontes de consulta en 	<ul style="list-style-type: none"> •B3.5. Usar progresiva, autónoma e eficazmente os dicionarios, as bibliotecas e outras 	<ul style="list-style-type: none"> •LGB3.5.1. Utiliza os dicionarios e outras fontes de consulta en diferentes soportes, resolven as súas dúbidas sobre o uso correcto da lingua e progresa na aprendizaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> •CCL •CD

	diferentes soportes, especialmente sobre cuestións de uso, de norma e como fonte de obtención de información.	fontes de consulta para resolver dúbidas e progresar na aprendizaxe.		
•b •e	•B3.6. Coñecemento, aplicación e valoración das normas ortográficas para conseguir unha comunicación eficaz.	•B3.6. Aplicar as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.	•LGB3.6.1. Emprega textos orais e escritos e respecta as normas gramaticais.	•CCL •CAA
•e	•B3.7. Uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión textual.	•B3.7. Analizar e usar correctamente a puntuación.	•LGB3.7.1. Revisa os textos para puntuar correctamente.	•CCL
•b •e	•B3.8. Recoñecemento das funcións sintácticas e das unidades que as desempeñan de cara á mellora da construción de textos orais e escritos con emprego dunha terminoloxía axeitada.	•B3.8. Recoñecer, usar e explicar as funcións sintácticas oracionais e as unidades que as desempeñan.	•LGB3.8.1. Recoñece e explica nos textos as funcións sintácticas oracionais e diferenza os elementos que as desempeñan.	•CCL •CAA
•a •b •e	•B3.9. Recoñecemento e uso reflexivo dos nexos e conectores textuais máis comúns, en particular os presentativos, secuenciadores de adición, e mais dos mecanismos de cohesión textual como a referencia interna de tipo léxico.	•B3.9. Recoñecer en textos de diversa natureza e usar nas producións propias os diferentes conectores textuais e os principais mecanismos de cohesión.	•LGB3.9.1. Identifica, explica e usa distintos conectores, así como outros mecanismos que lle achegan cohesión a un texto.	•CCL
•b	•B3.10. Identificación da estrutura dun texto, a construción dos parágrafos e a vinculación e progresión temáticas en textos alleos e propios. Elaboración de textos tendendo a estes valores.	•B3.10. Sintetizar o contido e identificar a estrutura de textos. Elaborar producións propias segundo estes parámetros.	•LGB3.10.1. Determina o tema, delimita a estrutura e identifica a progresión temática en producións propias e alleas. Elabora textos nos que ten en conta os parámetros anteriores.	•CCL
•e	•B3.11. Recoñecemento e delimitación na intención comunicativa expresada.	•B3.11. Comprender o sentido global e a intención comunicativa de textos orais e escritos.	•LGB3.11.1. Interpreta o sentido de textos orais e escritos, identifica a intención comunicativa e a recoñece a postura de cada emisor.	•CLC •CSC
•b •e •h	•B3.12. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos	•B3.12. Participar en proxectos de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos	•LGB3.12.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	•CCL •CAA •CD

	ou culturais.	transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.		
• b • e	• B3.13. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada.	• B3.13. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.	• LGB3.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras.	• CCL • CAA
Bloque 4. Lingua e sociedade				
• ñ • o	<ul style="list-style-type: none"> • B4.1. Valoración das linguas como medios de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo. • B4.2. O plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade e consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega, afirmando o plurilingüismo. • B4.3. A lusofonía. 	<ul style="list-style-type: none"> • B4.1. Valorar as linguas como medios de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo, apreciar o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade e coñecer a importancia da lusofonía e incorporar ferramentas en rede desta comunidade cultural. 	<ul style="list-style-type: none"> • LGB4.1.1. Valora a lingua como medio de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo e amósase capaz de explicar a súa postura. • LGB4.1.2. Distingue entre bilingüismo e diglosia e aplica estes termos de forma axeitada á realidade galega. • LGB4.1.3. Valora o plurilingüismo inclusivo, desde a lingua propia, como expresión da riqueza cultural da humanidade e amósase capaz de explicar a súa postura. • LGB4.1.4. Coñece as linguas que forman parte da nosa familia lingüística. • LGB4.1.5. Coñece os territorios que forman parte da comunidade lusófona e a importancia desta na vida social e económica galega. • LGB4.1.6. Incorpora á súa práctica cotiá os principais recursos da rede en lingua portuguesa (buscadores e enciclopedias). 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC • CCL • CCL • CSC • CCL • CCL • CSC • CCL • CSC • CD
• ñ • o	<ul style="list-style-type: none"> • B4.4. Situación sociolingüística do galego, observación da situación sociolingüística en canto a usos e actitudes no contorno máis próximo (aula e barrio), con aproximación aos prexuízos lingüísticos máis evidentes. 	<ul style="list-style-type: none"> • B4.2. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia atendendo á presenza da lingua galega. 	<ul style="list-style-type: none"> • LGB4.2.1. Describe e analiza a situación sociolingüística de Galicia. • LGB4.2.2. Analiza gráficas sobre o uso do galego segundo a idade das persoas. • LGB4.2.3. Identifica os castelanismos nas producións lingüísticas e depura estes elementos no seu propio discurso. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC • CCL • CSC • CD • CCL

<ul style="list-style-type: none"> • ñ • o 	<ul style="list-style-type: none"> • B4.5. Proceso de normalización. Desenvolvemento de actitudes positivas cara ao proceso de recuperación do galego, favorecemento do xurdimento de vínculos positivos cara ao seu uso e consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega. 	<ul style="list-style-type: none"> • B4.3. Coñecer as principais iniciativas normalizadoras, adquirir vínculos positivos cara ao uso do galego e asumir a importancia da contribución individual no desenvolvemento da lingua galega. 	<ul style="list-style-type: none"> • LGB4.3.1. Coñece as principais iniciativas normalizadoras da lingua galega. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC
			<ul style="list-style-type: none"> • LGB4.3.2. Comprende o concepto normalización e explica o proceso normalizador do galego. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
			<ul style="list-style-type: none"> • LGB4.3.3. Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC
<ul style="list-style-type: none"> • l • ñ • o 	<ul style="list-style-type: none"> • B4.6. A orixe e formación da lingua galega. Etapas da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916, e análise e comprensión das causas e consecuencias dos feitos máis relevantes. 	<ul style="list-style-type: none"> • B4.4. Recoñecer os principios elementos na orixe e formación da lingua galega, así como identificar as causas e consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua desde os seus inicios ata 1916. 	<ul style="list-style-type: none"> • LGB4.4.1. Recoñece os principios elementos na orixe e formación da lingua galega desde os seus inicios ata 1916. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
			<ul style="list-style-type: none"> • LGB4.4.2. Recoñece os acontecementos relevantes da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC
			<ul style="list-style-type: none"> • LGB4.4.3. Identifica as causas dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC
			<ul style="list-style-type: none"> • LGB4.4.4. Identifica as consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC
			<ul style="list-style-type: none"> • LGB4.4.5. Interpreta gráficos, táboas, textos e información dos medios e das TIC, relacionados coa historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC • CD
<ul style="list-style-type: none"> • ñ • o 	<ul style="list-style-type: none"> • B4.7. Situación sociolingüística e legal das linguas do Estado español. 	<ul style="list-style-type: none"> • B4.5. Describir a situación sociolingüística e legal das linguas do Estado español. 	<ul style="list-style-type: none"> • LGB4.5.1. Coñece a lexislación estatal e autonómica que regula a utilización do galego e a súa promoción. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC
<ul style="list-style-type: none"> • ñ • o 	<ul style="list-style-type: none"> • B4.8. Prexuízos lingüísticos. 	<ul style="list-style-type: none"> • B4.6. Identificar os prexuízos lingüísticos e analizar a situación persoal en relación a eles. 	<ul style="list-style-type: none"> • LGB4.6.1. Coñece o que é un prexuízo, detecta e analiza a presenza de prexuízos de carácter sociocultural e sociopolítico cara ao galego na súa práctica lingüística e na do seu contorno. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC
<ul style="list-style-type: none"> • ñ • o 	<ul style="list-style-type: none"> • B4.9. Recoñecemento e valoración dos principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas, diastráticas e diafásicas da lingua galega e da función da lingua estándar, uso normalizado da variante dialectal propia da zona e utilización e valoración 	<ul style="list-style-type: none"> • B4.7. Identificar e clasificar as variantes diastráticas do galego, recoñecer os trazos da variedade estándar da lingua galega, valorala como variante unificadora e apreciar a variante diatópica propia. 	<ul style="list-style-type: none"> • LGB4.7.1. Identifica e clasifica as variantes diastráticas do galego. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
			<ul style="list-style-type: none"> • LGB4.7.2. Recoñece os trazos da variedade estándar da lingua galega e valóraa como variante unificadora. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC
			<ul style="list-style-type: none"> • LGB4.7.3. Rexeita os prexuízos sobre as variedades dialectais e utiliza os trazos propios da súa zona. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC

	da variante estándar da lingua en situacións de carácter formal.			
Bloque 5. Educación literaria				
<ul style="list-style-type: none"> • h • l 	<ul style="list-style-type: none"> • B5.1. Identificación e comprensión das distintas épocas e períodos da literatura galega desde as súas orixes na Idade Media ata 1916. 	<ul style="list-style-type: none"> • B5.1. Identificar e comprender as distintas épocas e períodos da literatura galega desde as súas orixes na Idade Media ata 1916. 	<ul style="list-style-type: none"> • LGLB5.1.1. Identifica as distintas épocas e períodos da literatura galega desde as súas orixes na Idade Media ata 1916. • LGLB5.1.2. Comprende e explica razoadamente as distintas épocas e períodos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916 e sinala os seus principais trazos característicos. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CCL
3.6.4.- SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

Teatro. ESO. 1º e 2º Curso					
1º TRIMESTRE					
U	T	Título	Contidos	Est. Ap. Mínimos Esixíbeis	Temporización
1		O grupo como elemento físico propio. O movemento colectivo e individual.	T1.1, T2.2	TB1_ME1. Emprega diferentes técnicas de expresión corporal e vocal que lle permiten representar unha serie de arquetipos previamente definidos, tendo consciencia da necesidade da seguridade física e da importancia da respiración	28/09/2020 2/11/2020

				TB2_ME2. Recoñece o carácter especial do espazo escénico e sabe desenvolver as capacidades creativas do mesmo, tanto para a creación de espazos teatrais como obxectos polisémicos.	
2		O texto escénico: voz, corpo e espazo	T.1.1, T2.1, T3.1	TB1_ME1. Emprega diferentes técnicas de expresión corporal e vocal que lle permiten representar unha serie de arquetipos previamente definidos, tendo consciencia da necesidade da seguridade física e da importancia da respiración. TB3_ME3. Recoñece e aplica conscientemente diferentes variedades de rexistro nas accións escénicas.	9/11/2020 21/12/2020 0

Teatro. ESO. 1º e 2º Curso					
2º TRIMESTRE					
U	T	Título	Contidos	Est. Ap. Mínimos Esixíbeis	Temporización
3		O texto dramático.	T4.1, T4.2	TB4_ME4. Recoñece a diferenza entre texto espectacular e dramático e, dentro deste, as principais características da súa estrutura tanto interna como externa.	11/01/2021 1 8/02/2021
4		A personaxe: Monólogo alleo.	T1.2, T3.1	TB1_ME1. Emprega diferentes técnicas de expresión corporal e vocal que lle permiten representar unha serie de arquetipos previamente definidos, tendo consciencia da necesidade da seguridade física e da importancia da respiración. TB3_ME3. Recoñece e aplica conscientemente diferentes variedades de rexistro nas accións escénicas.	22/02/2021 1 22/03/2021 1

Teatro. ESO. 1º e 2º Curso					
3º TRIMESTRE					
U	T	Título	Contidos	Est. Ap. Mínimos Esixíbeis	Temporización
5		A montaxe teatral: O monólogo propio.	T5.1	TB5_ME5. Recoñece e participa nas diferentes etapas dunha montaxe escénica, desenvolvendo actitudes como a colaboración, o respecto ao colectivo e a valoración do traballo continuado.	12/04/2021 1 14/06/2021 1

3.6.5.- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

A metodoloxía que se empregará durante o curso na materia estará baseada en diversos

principios metodolóxicos.

- **Rol proactivo e autónomo do alumnado.** O alumnado desenvolverá un papel activo e participativo que busque solucións aos problemas, retos e conflitos aos que se enfrente, dun xeito creativo, resiliente e efectivo. Ademais facilitarase que o alumnado sexa quen protagonice o seu proceso de aprendizaxe facilitando procesos nos que se sinta responsable (autoavaliación, debate, proposición...).
- **Aprendizaxe significativa.** Buscarase partir sempre dos coñecementos previos do alumnado para poder asociar a nova información que vai adquirir coa que xa posúe, facilitando así a reconstrución e axuste das informacións entre si no neste proceso.
- **Competencias clave.** Prestarase especial atención ao desenvolvemento e adquisición das competencias por parte do alumnado. Así pois as competencias estarán presentes ao longo de todo o curso, a través de actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.
- **Personalización da aprendizaxe.** O proceso de aprendizaxe busca axustarse ás fortalezas, necesidades, habilidades e intereses de cada estudante. Preténdese que cada estudante constrúa progresivamente o seu propio camiño baseándose e potenciando o que sabe, así como cales son as vías a través das que aprende mellor.
- **Concepción grupal do traballo.** Destacarase a característica grupal da actividade teatral e a valoración do traballo a longo prazo.
- **Atención á diversidade.** Construiranse mecanismos de reforzo, que se practicarán tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe. Preténdese garantir o desenvolvemento do alumnado a través dunha atención personalizada en función das necesidades que teña cada estudante.

Para alén destas concrecións metodolóxicas xerais, aplicamos outras específicas en relación ao contexto socio-sanitario:

- **Traballo escénico individual.** Isto non presenta unha incoherencia coa concepción grupal do teatro, pois o traballo individual será mellorado polo traballo e reflexión do colectivo.
- **Repetición de exercicios iniciais.** Para crear dinámicas de entrada na aula e inicio do traballo que respecten a distancia obrigatoria.
- **Asunción do círculo como espazo escénico.** Deste xeito facilitaranse as distancias de seguridade entre cada participante.
- **Posibilidade de traballo audiovisual.** No caso de que sexa preciso unha aproximación non-presencial, existe a posibilidade de continuar o programa por videoconferencia e con formato audiovisual.

3.6.6.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

- **Temario.**
 - Desenvolverase a partir dos exercicios presentados polo/a profesor/a.
- **Material de apoio.**
 - O/A profesor/a poderá contar con material de todo tipo que complementa o proceso de aprendizaxe do alumnado (audiovisuais, textos de apoio, imaxes...).
- **TIC.**
 - Userase desde o principio o curso a aula virtual para que o alumnado poida seguir en todo momento o que se traballe na aula, así tamén se poderá poñer ao día o alumnado que falte por motivos de saúde. Os primeiros días de clase identificarase o alumnado con problemas de conexión ou sen recursos TIC para comunicalo ao equipo COVID.

- Para aquel alumnado con dificultades que derivan da fenda dixital traballarase nos primeiros días a competencia dixital, aínda que despois de detectar cal é o motivo desta, terá que procurarse un apoio por parte do centro ou da Consellería para evitalo, como aparece recollido no Protocolo do 16/09/2020.
- **Libros de lectura.**
 - Serán entregadas algunhas lecturas para a análise, lectura dramatizada e representación escénica.

3.6.7.- CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, A CUALIFICACIÓN E A PROMOCIÓN DO ALUMNADO

3.6.7.1.- AVALIACIÓN INICIAL

Dedicarase as primeiras sesión do curso a realizar a avaliación inicial, que permitirá comprobar posibles problemáticas de carácter físico ou vocal así como a implicación e expectativas do grupo.

3.6.7.2.- AVALIACIÓN FORMATIVA

A avaliación formativa que se desenvolva na materia será sumativa, procesual e continua. Esta avaliación conformarana todas as actividades levadas ao cabo durante cada período avaliatorio. A avaliación formativa realizarase durante todo o curso recollendo constantemente información sobre a evolución do alumnado.

3.6.7.2.1. OS CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os **criterios de avaliación** aparecen recollidos no punto 2 da presente programación, onde aparecen organizados xunto cos contidos curriculares, os estándares de aprendizaxes e as competencias clave.

3.6.7.2.2. A CUALIFICACIÓN

- **Pautas xerais de cualificación.**
 - O alumnado deberá obter unha cualificación de 5 puntos para obter un aprobado na avaliación.
 - A cualificación de cada avaliación farase de 0 a 10.
- **Cálculo da nota da avaliación.** A cualificación de cada avaliación farase valorando os seguintes aspectos:
 - **Tarefa final trimestral 60%**
Valorarase o produto final que se creará ao final de cada avaliación e que recollerá os contidos aprendidos na dita avaliación.
 - **Implicación persoal e traballo diario 40%**
Valorarase a implicación persoal do alumnado nas actividades propostas en cada sesión e o grao de resolución destas. Igualmente, terase en conta o traballo, colaboración e respecto á hora de realizar tarefas en grupo.
- **Medios fraudulentos.**
 - O uso de calquera tipo de medio fraudulento na realización das actividades de creación implicará a obtención automática dun cero (0) como cualificación na correspondente

actividade.

- **Mecanismos de recuperación dunha proba non superada.**

- Só se contempla a recuperación na avaliación final.

3.6.7.3.- AVALIACIÓN FINAL

3.6.7.3.1. OS CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os **criterios de avaliación** aparecen recollidos no punto 2 da presente programación, onde aparecen organizados xunto cos contidos curriculares, os estándares de aprendizaxes e as competencias clave.

Na cualificación final influirán o grao de asimilación de contidos e dos estándares de aprendizaxe por parte do alumnado así como o grao de desenvolvemento das competencias clave (criterio este básico e fundamental); o seu comportamento xeral; a actitude de traballo, interese e respecto amosada na clase durante todo o curso; a súa asistencia regular ás aulas e, finalmente, o traballo realizado.

3.6.7.3.2. A CUALIFICACIÓN

- **Pautas xerais de cualificación.**

- O alumnado deberá obter unha cualificación de 5 puntos para obter un aprobado na avaliación.
- A cualificación de cada avaliación farase de 0 a 10.

- **Cálculo da nota final.**

- A cualificación final acadarase a través da nota media obtida entre cada unha das notas conseguidas nas tres avaliacións.

- **Mecanismos de recuperación da avaliación final.**

- O alumnado que non aprobe a materia na avaliación final terá opción a recuperala elaborando un texto dramático propio e realizando unha posta en escena deste. No caso de que non se atope nunha modalidade presencial, deberá realizala en soporte audiovisual. En calquera dos casos entregárase tamén unha copia do texto dramático.
- Este traballo puntuarase de 0 a 10, e o alumnado deberá obter como mínimo unha puntuación de 5 puntos para poder superar este e, polo tanto, a materia.

3.6.7.4.- AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

- Realizará esta proba aquel alumnado que non acadase o aprobado na avaliación final.
- Esta avaliación extraordinaria consistirá na elaboración dun texto teatral escrito propio e da realización dunha posta en escena deste. No caso de que non se atope nunha modalidade presencial, deberá realizala en soporte audiovisual. En calquera dos casos entregárase tamén unha copia do texto dramático.
- Este traballo puntuarase de 0 a 10, e o alumnado deberá obter como mínimo unha puntuación de 5 puntos para poder superar este e, polo tanto, a materia.

4. PROGRAMACIÓNS DE BACHARELATO

4.1. OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía

de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.

o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

4.2. PROGRAMACIÓN 1º BACHARELATO

4.2.1. OBXECTIVOS

1. Comprender, interpretar e valorar textos orais e escritos de diversa tipoloxía.

2. Elaborar textos escritos e orais, de diversa tipoloxía, adecuados, coherentes, cohesionados e correctos.
3. Desenvolver habilidades comunicativas con interese, respecto e efectividade.
4. Buscar, seleccionar e xestionar información coa axuda das TIC.
5. Recoñecer e utilizar o rexistro lingüístico axeitado para cada situación comunicativa.
6. Caracterizar, recoñecer e usar as distintas categorías gramaticais.
7. Coñecer e valorar a diversidade lingüística, o plurilingüismo e a relación coa lusofonía.
8. Describir a historia da lingua galega desde a súa orixe ata 1916.
9. Identificar, analizar e describir as distintas etapas literarias do galego desde a Idade Media ata 1916.

4.2.2. CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 1º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Comunicación oral: falar e escoitar				
<ul style="list-style-type: none"> • b • d • e 	<ul style="list-style-type: none"> • B1.1. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais e audiovisuais de natureza diversa. 	<ul style="list-style-type: none"> • B1.1. Comprender, interpretar e valorar diferentes tipos de discursos orais e audiovisuais. 	<ul style="list-style-type: none"> • LGB1.1.1. Identifica a intención comunicativa, a idea principal e as secundarias, de calquera texto oral, formal ou informal, producido na variante estándar ou en calquera das variedades dialectais. 	<ul style="list-style-type: none"> • CLL
			<ul style="list-style-type: none"> • LGB1.1.2. Recolle as ideas fundamentais e secundarias en resumos, esquemas ou mapas conceptuais. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA
			<ul style="list-style-type: none"> • LGB1.1.3. Interpreta, reflexiona e emite xuízos críticos sobre discursos orais de distinta natureza. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA
<ul style="list-style-type: none"> • b • d • e 	<ul style="list-style-type: none"> • B1.2. Comprensión, interpretación e valoración de textos expositivos e argumentativos sobre temas especializados do ámbito educativo. 	<ul style="list-style-type: none"> • B1.2. Comprender, interpretar e valorar textos orais de carácter expositivo e argumentativo sobre temas especializados (conferencias, clases, charlas, presentacións e videoconferencias). 	<ul style="list-style-type: none"> • LGB1.2.1. Sintetiza o contido dun texto ou responde preguntas concretas relativas á comprensión de textos orais. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA
			<ul style="list-style-type: none"> • LGB1.2.2. Comprende as ideas principais e contidos relevantes dunha presentación, charla ou conferencia. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC
			<ul style="list-style-type: none"> • LGB1.2.3. Recoñece as distintas estratexias de organización do contido nunha exposición oral sobre un tema especializado propio do ámbito educativo ou de divulgación científica e 	<ul style="list-style-type: none"> • CAA

			cultural.	
			<ul style="list-style-type: none"> LGB1.2.4. Escoita de maneira activa, toma notas e formula preguntas coa intención de aclarar ou ampliar ideas que se desprenden da exposición oral. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA
<ul style="list-style-type: none"> b d e h 	<ul style="list-style-type: none"> B1.3. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais procedentes dos medios de comunicación social (entrevistas, documentais, series e películas). 	<ul style="list-style-type: none"> B1.3. Comprender, interpretar e valorar textos orais e audiovisuais dos medios de comunicación (entrevistas, documentais, series e películas). 	<ul style="list-style-type: none"> LGB1.3.1. Recoñece a intención comunicativa, as ideas principais e relevantes de programas de radio e televisión (entrevistas, documentais, series e películas). 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSC CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> LGB1.3.2. Identifica as características propias dos principais xéneros informativos e de opinión procedentes dos medios de comunicación social. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSC
			<ul style="list-style-type: none"> LGB1.3.3. Analiza e explica os recursos verbais e non verbais. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CSC
<ul style="list-style-type: none"> a b e m 	<ul style="list-style-type: none"> B1.4. Desenvolvemento de habilidades de escoita activa, cunha actitude de interese, de cooperación e de respecto. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.4. Desenvolver habilidades de escoita activa, para identificar os recursos que proporcionan adecuación, coherencia e cohesión ao texto.. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB1.4.1. Identifica os recursos que proporcionan adecuación, coherencia e cohesión ao discurso. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL
			<ul style="list-style-type: none"> LGB1.4.2. Coñece, valora e aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral; respecta as quendas e as opinións alleas. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC
			<ul style="list-style-type: none"> LGB1.4.3. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal adecuada (mirada e posición do corpo), así como o autocontrol das emocións ao falar en público. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CCL CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> d e g i m 	<ul style="list-style-type: none"> B1.5. Producción (planificación e execución de textos orais relacionados con algún contido do currículo ou tema de actualidade) adecuada á situación comunicativa, con coherencia, cohesión, corrección, coa axuda das TIC, así como de elementos non verbais e con control das emocións ao falar en público. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.5. Realizar producións orais planificadas, relacionadas con algún contido do currículo ou tema de actualidade adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión, corrección, coa axuda das TIC así como de elementos non verbais e con control das emocións ao falar en público. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB1.5.1. Planifica os seus textos orais e produce discursos adecuados, coherentes e ben cohesionados. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CCL
			<ul style="list-style-type: none"> LGB1.5.2. Consulta fontes de información diversas e revisa os borradores e esquemas. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> LGB1.5.3. Presenta os contidos de forma clara e ordenada e con corrección gramatical. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL

			<ul style="list-style-type: none"> • LGB1.5.4. Utiliza o rexistro adecuado á situación comunicativa. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC
			<ul style="list-style-type: none"> • LGB1.5.5. Emprega axeitadamente os elementos prosódicos e (entoación e pronuncia axeitada, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal (mirada e posición do corpo) así como o autocontrol das emocións ao falar en público. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC • CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> • LGB1.5.6. Emprega as TIC para documentarse bibliograficamente, revisar gramaticalmente o texto e elaborar unha presentación atractiva e innovadora. 	<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CD • CCL
<ul style="list-style-type: none"> • e • g • i • l 	<ul style="list-style-type: none"> • B1.6. Presentación oral de textos expositivos e argumentativos, do ámbito educativo e de divulgación científica e cultural. 	<ul style="list-style-type: none"> • B1.6. Expor oralmente con rigor e claridade un tema especializado de textos do ámbito educativo ou de divulgación científica e cultural. 	<ul style="list-style-type: none"> • LGB1.6.1. Desenvolve un tema do currículo con rigor, claridade e corrección gramatical. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
			<ul style="list-style-type: none"> • LGB1.6.2. Emprega léxico preciso e especializado e evita o uso de coloquialismos e palabras comodín. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
			<ul style="list-style-type: none"> • LGB1.6.3. Emprega recursos verbais e non verbais en textos expositivos. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC
			<ul style="list-style-type: none"> • LGB1.6.4. Adecúa o texto segundo a intención comunicativa, o tema e o xénero textual. 	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> • e • h 	<ul style="list-style-type: none"> • B1.7. Produción de discursos orais, en intervencións espontáneas, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. 	<ul style="list-style-type: none"> • B1.7. Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. 	<ul style="list-style-type: none"> • LGB1.7.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC
			<ul style="list-style-type: none"> • LGB1.7.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo). 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
			<ul style="list-style-type: none"> • LGB1.7.3. Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego: infinitivo conxugado e fraseoloxía adecuada. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL

			<ul style="list-style-type: none"> LGB1.7.4. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL
<ul style="list-style-type: none"> a b e m 	<ul style="list-style-type: none"> B1.8. Participación activa e argumentada en debates nos que se expresen opinións acerca dun tema de actualidade. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.8. Participar activa e argumentadamente en debates nos que se expresen opinións acerca dun tema de actualidade. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB1.8.1. Desenvolve argumentos de forma comprensible e convincente e comenta as contribucións das persoas interlocutoras. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSC CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> LGB1.8.2. Aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral, respecta as quendas e as opinións alleas e emprega unha linguaxe non discriminatória. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSC CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> a b e m 	<ul style="list-style-type: none"> B1.9. Participación en interaccións orais sobre temas de interese persoal ou social ou asuntos da vida cotiá, en diferentes rexistros. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.9. Participar en interaccións sobre temas de interese persoal, ou social ou asuntos da vida cotiá, nun rexistro formal, neutro ou informal. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB1.9.1. Desenvólvese con eficacia en situacións que xorden na vida diaria así como noutras de estudo ou traballo e participa en conversas informais. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CCL CSC CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> b d e 	<ul style="list-style-type: none"> B1.10. Aplicación dos coñecementos gramaticais á avaliación e mellora da expresión oral e recoñecemento en exposicións orais propias e alleas das dificultades expresivas. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.10. Aplicar os coñecementos gramaticais á avaliación e mellora da expresión oral e recoñecer en exposicións orais propias e alleas as dificultades expresivas. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB1.10.1. Recoñece en exposicións propias e alleas as dificultades expresivas (incoherencias, repeticións, ambigüidades, mal uso dos rexistros pobreza léxica, fonética e entoación inadecuada) e identifica interferencias lingüísticas e desviacións da norma. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA
			<ul style="list-style-type: none"> LGB1.10.2. Deseña estratexias para mellorar e progresar de xeito autónomo. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CSEIEE
<ul style="list-style-type: none"> b e 	<ul style="list-style-type: none"> B1.11. Participación nas producións orais cunha fonética e prosodia correcta, valoración desta pronuncia e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.11. Participar oralmente cunha fonética e prosodia correcta, valorar esta pronuncia e amosar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB1.11.1. Recoñece a emisión dunha pronuncia galega correcta, identifica os erros na produción oral allea e produce discursos orais que respectan as regras prosódicas e fonéticas da lingua galega. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA
			<ul style="list-style-type: none"> LGB1.11.2. Recoñece e rexeita argumentadamente os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia propia da lingua galega. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CCL CSC
			<ul style="list-style-type: none"> LGB1.11.3. Usa, se a posúe, a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CCL CSC
Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir				
<ul style="list-style-type: none"> b f h 	<ul style="list-style-type: none"> B2.1. Aplicación de estratexias e coñecementos lingüísticos, 	<ul style="list-style-type: none"> B2.1. Aplicar estratexias e coñecementos lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos para comprender, analizar e 	<ul style="list-style-type: none"> LGB2.1.1. Recolle as ideas fundamentais do texto en resumos, esquemas e mapas conceptuais. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA

	sociolingüísticos e pragmáticos para comprender, analizar e comentar o texto na súa integridade.	comentar o texto na súa integridade.	<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.1.2. Interpreta o sentido global do texto, identifica o propósito comunicativo do/da autora e emite opinións e xuízos sobre a mensaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC
			<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.1.3. Distingue o tema principal e os subtemas e compón o esquema xerarquizado das ideas do texto. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
			<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.1.4. Utiliza recursos bibliográficos, audiovisuais e dixitais para facilitar a comprensión e complementar a información do texto. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CD • CAA
<ul style="list-style-type: none"> • b • h 	<ul style="list-style-type: none"> • B2.2. Planificación e produción de textos adecuados, coherentes e ben cohesionados; axustados ás normas gramaticais e ben presentados. 	<ul style="list-style-type: none"> • B2.2. Compoñer producións escritas planificadas adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión, corrección gramatical e boa presentación. 	<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.2.1. Selecciona e presenta os contidos dos seus textos de forma clara e ordenada. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
			<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.2.2. Identifica e describe as características lingüísticas dos distintos tipos de rexistro. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
			<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.2.3. Utiliza o rexistro lingüístico axeitado á situación comunicativa das súas producións. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC
			<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.2.4. Utiliza mecanismos variados de cohesión lingüística. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
			<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.2.5. Axústase ás normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
<ul style="list-style-type: none"> • b • d • e • h 	<ul style="list-style-type: none"> • B2.3. Comprensión, produción e síntese de textos expositivos e argumentativos do ámbito educativo e de divulgación científica e cultural (dicionarios, glosarios e enciclopedias). 	<ul style="list-style-type: none"> • B2.3. Comprender, producir e sintetizar o contido de textos expositivos e argumentativos de tema especializado do ámbito educativo ou de divulgación científica e cultural. 	<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.3.1. Comprende, interpreta e sintetiza tanto o contido de materiais de consulta (dicionarios, glosarios e enciclopedias) e textos argumentativos e expositivos (ensaos). 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CD • CAA
			<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.3.2. Identifica o tema e a estrutura de textos de carácter expositivo e argumentativo, de tema especializado, propios do ámbito educativo ou de divulgación científica e cultural. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
			<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.3.3. Sintetiza e distingue as ideas principais e as secundarias de textos de carácter expositivo e argumentativo propios do ámbito educativo. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL

			<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.3.4. Analiza os recursos verbais e non verbais dos textos expositivos e argumentativos de tema especializado e valóraos en función da intención comunicativa do/da autor/a, do tema e do xénero textual. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA
			<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.3.5. Desenvolve un tema do currículo con rigor, claridade e corrección ortográfica e gramatical. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
			<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.3.6. Emprega léxico preciso e especializado e evita o uso de coloquialismos e palabras comodín. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
<ul style="list-style-type: none"> • b • c • d • h 	<ul style="list-style-type: none"> • B2.4. Comprensión, produción e valoración de textos procedentes dos medios de comunicación social tanto os publicitarios como os periodísticos de carácter informativo e de opinión. 	<ul style="list-style-type: none"> • B2.4. Comprender, producir e valorar de forma crítica textos publicitarios e periodísticos de carácter informativo ou de opinión. 	<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.4.1. Comprende, produce e valora de forma crítica textos publicitarios e periodísticos de carácter informativo ou de opinión. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC
			<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.4.2. Interpreta as mensaxes publicitarias e reconece os elementos de persuasión dos anuncios. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC
			<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.4.3. Identifica e rexeita as ideas e os usos lingüísticos discriminatorios dos textos publicitarios. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC
<ul style="list-style-type: none"> • b • f • h 	<ul style="list-style-type: none"> • B2.5. Análise dos textos descritivos: intención comunicativa, estrutura formal e de contido, e características lingüísticas. 	<ul style="list-style-type: none"> • B2.5. Caracterizar, identificar e producir textos descritivos pertencentes a distintos ámbitos de uso. 	<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.5.1. Identifica e analiza a intención comunicativa, a estrutura formal, de contido e as características lingüísticas dos textos descritivos e produce outros textos similares. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
<ul style="list-style-type: none"> • b • f • h 	<ul style="list-style-type: none"> • B2.6. Análise dos textos expositivos: intención comunicativa, estrutura formal e de contido, e características lingüísticas. 	<ul style="list-style-type: none"> • B2.6. Caracterizar, identificar e producir textos expositivos pertencentes a distintos ámbitos de uso. 	<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.6.1. Produce, identifica e analiza a intención comunicativa, a estrutura formal, de contido e as características lingüísticas dos textos expositivos. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
<ul style="list-style-type: none"> • b • f • h 	<ul style="list-style-type: none"> • B2.7. Análise dos textos narrativos: intención comunicativa, estrutura formal e de contido, e características lingüísticas. 	<ul style="list-style-type: none"> • B2.7. Caracterizar, identificar e producir textos narrativos pertencentes a distintos ámbitos de uso. 	<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.7.1. Produce, identifica e analiza a intención comunicativa, a estrutura formal e de contido e as características lingüísticas dos textos narrativos. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
<ul style="list-style-type: none"> • b • f • h 	<ul style="list-style-type: none"> • B2.8. Análise dos textos argumentativos: intención comunicativa, estrutura formal e de contido, e características 	<ul style="list-style-type: none"> • B2.8. Caracterizar, identificar e producir textos argumentativos pertencentes a distintos ámbitos de uso. 	<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.8.1. Produce, identifica e analiza a intención comunicativa, a estrutura formal e de contido e as características lingüísticas dos textos 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL

	lingüísticas.		argumentativos.	
<ul style="list-style-type: none"> • b • f • h 	<ul style="list-style-type: none"> • B2.9. Análise dos textos dialogados: intención comunicativa, estrutura formal e de contido, e características lingüísticas. 	<ul style="list-style-type: none"> • B2.9. Caracterizar, identificar, analizar e producir textos dialogados pertencentes a distintos ámbitos de uso. 	<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.9.1. Produce, identifica e analiza a intención comunicativa, a estrutura formal e de contido e as características lingüísticas dos textos dialogados. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
<ul style="list-style-type: none"> • b • e • f • h 	<ul style="list-style-type: none"> • B2.10. Busca e selección de información procedente de fontes bibliográficas ou dixitais e posterior organización e revisión dos textos cos recursos que ofrecen as TIC. 	<ul style="list-style-type: none"> • B2.10. Planificar, producir e revisar textos de investigación a partir da información obtida en fontes impresas e dixitais e con axuda dos recursos que ofrecen as TIC. 	<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.10.1. Consulta fontes dixitais, contrasta e selecciona a información relevante mediante fichas-resumo. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CD • CAA
			<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.10.2. Planifica os escritos en función dunha orde predefinida e revisa o proceso de escritura con axuda de ferramentas dixitais. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CD
			<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.10.3. Respecta as normas de presentación dos traballos escritos, a organización en epígrafes, procedementos de cita, notas a pé de páxina, bibliografía. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CD
Bloque 3. Funcionamento da lingua				
<ul style="list-style-type: none"> • e 	<ul style="list-style-type: none"> • B3.1. Coñecemento e reflexión sobre os principais conceptos de Lingüística Xeral: comunicación, linguaxe, lingua, unidades lingüísticas, signo lingüístico e disciplinas lingüísticas. 	<ul style="list-style-type: none"> • B3.1. Verificar o coñecemento formal e a capacidade de reflexión sobre a lingua que posúe o alumnado. 	<ul style="list-style-type: none"> • LGB3.1.1. Emprega os principais coñecementos de Lingüística Xeral para comprender e analizar textos alleos de distintos ámbitos e para producir, compor e revisar textos propios e de temáticas diversas vinculados á comunicación e á linguaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
			<ul style="list-style-type: none"> • LGB3.1.2. Describe os principais conceptos de Lingüística Xeral: comunicación, linguaxe, lingua, unidades lingüísticas, signo lingüístico e diversas disciplinas lingüísticas. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
<ul style="list-style-type: none"> • a • b • e 	<ul style="list-style-type: none"> • B3.2. Coñecemento dos diferentes rexistros lingüísticos e dos factores que inciden no uso da lingua en distintos ámbitos e valoración da importancia de utilizar o rexistro adecuado en relación coa situación comunicativa. 	<ul style="list-style-type: none"> • B3.2. Recoñecer e utilizar os diferentes rexistros lingüísticos en función dos ámbitos sociais valorando a importancia de usar o rexistro axeitado a cada momento. 	<ul style="list-style-type: none"> • LGB3.2.1. Recoñece os rexistros lingüísticos en textos orais e escritos en función da intención comunicativa. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC
			<ul style="list-style-type: none"> • LGB3.2.2. Valora a importancia de utilizar o rexistro axeitado a cada situación comunicativa e aplícao nas súas producións orais e escritas. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC

<ul style="list-style-type: none"> • a • b • c • e 	<ul style="list-style-type: none"> • B3.3. Produción de textos escritos ou orais de diferentes xéneros mostrando un correcto nivel de corrección gramatical, presentación, adecuación, coherencia, cohesión e corrección. 	<ul style="list-style-type: none"> • B3.3. Producir textos escritos ou orais de diferentes xéneros mostrando un correcto nivel de corrección gramatical, presentación, adecuación, coherencia, cohesión e corrección. 	<ul style="list-style-type: none"> • LGB3.3.1. Produce textos escritos ou orais de diferentes xéneros mostrando un correcto nivel de corrección gramatical, presentación, adecuación, coherencia, cohesión e corrección. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSIEE • CAA
<ul style="list-style-type: none"> • e 	<ul style="list-style-type: none"> • B3.4. Caracterización morfolóxica, semántica e sintáctica do substantivo e do adxectivo. 	<ul style="list-style-type: none"> • B3.4. Recoñecer e identificar os trazos característicos das categorías gramaticais substantivo e adxectivo, explicar os seus usos e valores nos textos. 	<ul style="list-style-type: none"> • LGB3.4.1. Identifica e explica os usos e valores do substantivo e do adxectivo nun texto, relacionándoos coa intención comunicativa, coa tipoloxía textual, así como con outros compoñentes da situación comunicativa. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA
<ul style="list-style-type: none"> • e 	<ul style="list-style-type: none"> • B3.5. Coñecemento, tipoloxía e caracterización dos determinantes (artigo, demostrativo, posesivo, interrogativos, exclamativos, cuantificadores e identificadores). 	<ul style="list-style-type: none"> • B3.5. Recoñecer e identificar os trazos característicos da categoría gramatical dos determinantes, explicando os seus usos e valores nos textos. 	<ul style="list-style-type: none"> • LGB3.5.1. Identifica e explica os usos e valores dos determinantes, relaciona a súa presenza coa intención comunicativa e a tipoloxía textual, así como con outros compoñentes. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA
<ul style="list-style-type: none"> • e 	<ul style="list-style-type: none"> • B3.6. Recoñecemento, descrición e uso da categoría verbal e das perífrases verbais. 	<ul style="list-style-type: none"> • B3.6. Recoñecer e identificar os trazos característicos da categoría gramatical do verbo e as perífrases verbais e explicar os seus usos e valores nos textos. 	<ul style="list-style-type: none"> • LGB3.6.1. Identifica e explica os usos e valores dos verbos e das perífrases e relaciona a súa presenza coa intención comunicativa e a tipoloxía textual, así como con outros compoñentes. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA
<ul style="list-style-type: none"> • e 	<ul style="list-style-type: none"> • B3.7. Recoñecemento, observación, uso e explicación dos conectores textuais. 	<ul style="list-style-type: none"> • B3.7. Recoñecer en textos de diversa índole e usar nas producións propias orais e escritas os diferentes conectores textuais. 	<ul style="list-style-type: none"> • LGB3.7.1. Identifica, explica e usa distintos tipos de conectores que lle proporcionan cohesión a un texto. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA
<ul style="list-style-type: none"> • e 	<ul style="list-style-type: none"> • B3.8. Coñecemento, caracterización e tipoloxía do adverbio e das locucións adverbiais. 	<ul style="list-style-type: none"> • B3.8. Recoñecer e identificar os trazos característicos da categoría gramatical do adverbio e explicar os seus usos e valores nos textos. 	<ul style="list-style-type: none"> • LGB3.8.1. Identifica e explica os usos e valores dos adverbios e das locucións adverbiais e relaciona a súa presenza coa intención comunicativa e a tipoloxía textual, así como con outros compoñentes. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA
<ul style="list-style-type: none"> • e 	<ul style="list-style-type: none"> • B3.9. Coñecemento, caracterización e tipoloxía dos pronomes. 	<ul style="list-style-type: none"> • B3.9. Recoñecer e identificar os trazos característicos da categoría gramatical dos pronomes e explicar os seus usos e valores nos textos. 	<ul style="list-style-type: none"> • LGB3.9.1. Identifica e explica os usos e valores dos pronomes e relaciona a súa presenza coa intención comunicativa e a tipoloxía textual, así como con outros compoñentes. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA
<ul style="list-style-type: none"> • b • e • h 	<ul style="list-style-type: none"> • B3.10. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto 	<ul style="list-style-type: none"> • B3.10. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados 	<ul style="list-style-type: none"> • LGB3.10.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CD

	curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.	cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.	transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	
<ul style="list-style-type: none"> • b • e 	<ul style="list-style-type: none"> • B3.11. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada. 	<ul style="list-style-type: none"> • B3.11. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos. 	<ul style="list-style-type: none"> • LGB3.11.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA
Bloque 4. Lingua e sociedade				
<ul style="list-style-type: none"> • p 	<ul style="list-style-type: none"> • B4.1. Funcións sociais da lingua. 	<ul style="list-style-type: none"> • B4.1. Distinguir as funcións sociais da lingua e determinar a situación do galego respecto a elas. 	<ul style="list-style-type: none"> • LGB4.1.1. Distingue as funcións sociais da lingua e determina a situación do galego respecto a elas. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC
<ul style="list-style-type: none"> • p 	<ul style="list-style-type: none"> • B4.2. Diversidade lingüística no mundo, en Europa e na Península Ibérica. • B4.3. A lusofonía. • B4.4. Multilingüismo e plurilingüismo. Lingua minoritaria e lingua minorizada. Conflito lingüístico e diglosia. Ecolingüismo. 	<ul style="list-style-type: none"> • B4.2. Describir a diversidade lingüística no mundo, en Europa e na Península Ibérica, determinar o papel da lusofonía, distinguir conceptos básicos de contacto de linguas e describir os fundamentos do ecolingüismo. 	<ul style="list-style-type: none"> • LGB4.2.1. Describe a diversidade lingüística no mundo, en Europa e na Península Ibérica. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC • CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> • LGB4.2.2. Determina o papel da lusofonía nas linguas do mundo no século XXI e a súa importancia cultural e económica desde a perspectiva galega. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC • CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> • LGB4.2.3. Diferencia e explica os conceptos de multilingüismo, plurilingüismo, lingua minoritaria e lingua minorizada, conflito lingüístico e diglosia e describe os fundamentos do ecolingüismo. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC • CCEC
<ul style="list-style-type: none"> • p 	<ul style="list-style-type: none"> • B4.5. Historia da lingua: do latín ao galego; situación lingüística da Península antes da romanización; substrato e o estrato latino (principais evolucións fonéticas do latín ao galego). A Romanización e o nacemento das linguas romances; o superestrato. 	<ul style="list-style-type: none"> • B4.3. Describir a historia da lingua do latín ao galego e distinguir os elementos constitutivos deste. 	<ul style="list-style-type: none"> • LGB4.3.1. Describe a romanización e o nacemento das linguas romances. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
			<ul style="list-style-type: none"> • LGB4.3.2. Identifica e describe os diferentes elementos constitutivos do galego ao longo da historia (substrato, estrato e superestrato). 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC
<ul style="list-style-type: none"> • p 	<ul style="list-style-type: none"> • B4.6. Cultismos, semicultismos e palabras patrimoniais e as familias léxicas 	<ul style="list-style-type: none"> • B4.4. Recoñecer os cultismos, semicultismos e palabras patrimoniais e citar exemplos, así como distinguir as familias 	<ul style="list-style-type: none"> • LGB4.4.1. Recoñece os cultismos, semicultismos e palabras patrimoniais e cita algún exemplo. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL

	irregulares.	léxicas irregulares e utilízalas correctamente.	<ul style="list-style-type: none"> LGB4.4.2. Distingue as familias léxicas irregulares e utilízalas correctamente. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL
• p	<ul style="list-style-type: none"> B4.7. Historia da lingua: o galego antigo (Idade Media), emerxencia e declive, características lingüísticas, contexto histórico e cultural, e situación sociolingüística. 	<ul style="list-style-type: none"> B4.5. Identificar e describir as características lingüísticas fundamentais do galego antigo, o seu contexto e identificalo en textos. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB4.5.1. Identifica e describe as características lingüísticas fundamentais do galego antigo. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL
			<ul style="list-style-type: none"> LGB4.5.2. Describir o contexto histórico e cultural do galego antigo así como a súa situación sociolingüística. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSC
			<ul style="list-style-type: none"> LGB4.5.3. Identifica o galego antigo en documentos non literarios e literarios. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL
• p	<ul style="list-style-type: none"> B4.8. Historia da lingua: galego medio; dialectalización da lingua (séculos XVI, XVII e XVIII); contexto histórico e cultural; situación sociolingüística e características lingüísticas. 	<ul style="list-style-type: none"> B4.6. Distinguir as características lingüísticas fundamentais do galego medio (séculos XVI, XVII e XVIII), describir o seu contexto e identificalo en textos. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB4.6.1. Distingue as características lingüísticas fundamentais do galego medio (séculos XVI, XVII e XVIII), describe o seu contexto e identifícao en textos. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL
			<ul style="list-style-type: none"> LGB4.6.2. Describe o contexto histórico e cultural do galego medio así como a súa situación sociolingüística. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSC
			<ul style="list-style-type: none"> LGB4.6.3. Analiza a repercusión desta etapa de dialectalización da lingua no desenvolvemento posterior do galego. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSC
			<ul style="list-style-type: none"> LGB4.6.4. Identifica o galego medio en documentos non literarios e literarios. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL
Bloque 1. Comunicación oral: falar e escoitar	
<ul style="list-style-type: none"> LGB1.1.1. Identifica a intención comunicativa, a idea principal e as secundarias, de calquera texto oral, formal ou informal, producido na variante estándar ou en calquera das variedades dialectais. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB1_ME1. Comprende, interpreta e produce textos orais con adecuación, coherencia, cohesión e corrección fonética e prosódica, coa axuda das TIC, respectando as regras de interacción e identificando a intencionalidade comunicativa así como a idea principal e secundarias.
<ul style="list-style-type: none"> LGB1.1.2. Recolle as ideas fundamentais e secundarias en resumos, esquemas ou mapas conceptuais. 	
<ul style="list-style-type: none"> LGB1.1.3. Interpreta, reflexiona e emite xuízos críticos sobre discursos orais de distinta natureza. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB1_ME2. Escoita de maneira activa, toma notas e formula preguntas, ao tempo que interpreta, reflexiona e emite xuízos críticos sobre discursos orais de distinta natureza e evita usos lingüísticos discriminatorios.
<ul style="list-style-type: none"> LGB1.2.1. Identifica as ideas principais e contidos relevantes dunha presentación (charla ou conferencia sobre temas especializados do ámbito educativo). 	<ul style="list-style-type: none"> LGB1_ME1. Comprende, interpreta e produce textos orais con adecuación, coherencia, cohesión e corrección fonética e prosódica, coa axuda das TIC, respectando as regras de interacción e identificando a intencionalidade comunicativa así como a idea principal e secundarias
<ul style="list-style-type: none"> LGB1.2.2. Recoñece as distintas estratexias de organización do contido nunha exposición oral sobre un tema especializado propio do ámbito educativo ou de divulgación científica e cultural. 	
<ul style="list-style-type: none"> LGB1.2.3. Escoita de maneira activa, toma notas e formula preguntas coa intención de aclarar ou ampliar ideas que se desprenden da exposición oral. 	
<ul style="list-style-type: none"> LGB1.3.1. Interpreta e identifica a intención comunicativa, o tema e a estrutura en anuncios sonoros e/ou audiovisuais. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB1_ME1. Comprende, interpreta e produce textos orais con adecuación, coherencia, cohesión e corrección fonética e prosódica, coa axuda das TIC, respectando as regras de interacción e identificando a intencionalidade comunicativa así como a idea principal e secundarias
<ul style="list-style-type: none"> LGB1.3.2. Identifica as características propias dos principais xéneros informativos e de opinión dos medios de comunicación social. 	
<ul style="list-style-type: none"> LGB1.3.3. Analiza os recursos verbais e non verbais que se empregan na publicidade para convencer os destinatarios ou destinatarias. 	
<ul style="list-style-type: none"> LGB1.3.4. Analiza de forma crítica a forma e contido das mensaxes publicitarias e evita usos lingüísticos discriminatorios. 	
<ul style="list-style-type: none"> LGB1.4.1. Identifica os recursos que proporcionan adecuación, coherencia e cohesión ao discurso. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB1_ME2. Escoita de maneira activa, toma notas e formula preguntas, ao tempo que interpreta, reflexiona e emite xuízos críticos sobre discursos orais de distinta natureza e evita usos lingüísticos discriminatorios.
<ul style="list-style-type: none"> LGB1.4.2. Coñece e aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral e respecta as opinións alleas. 	
<ul style="list-style-type: none"> LGB1.4.3. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal adecuada (mirada e posición do corpo), así como o autocontrol das emocións ao falar en público. 	
<ul style="list-style-type: none"> LGB1.5.1. Planifica os seus textos orais e produce discursos adecuados, coherentes e ben cohesionados. 	
<ul style="list-style-type: none"> LGB1.5.2. Consulta fontes de información diversas e revisa os borradores e esquemas. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB1_ME1. Comprende, interpreta e produce textos orais con adecuación, coherencia, cohesión e corrección fonética e prosódica, coa axuda das TIC, respectando as regras de interacción e identificando a intencionalidade comunicativa así como a idea principal e secundarias.
<ul style="list-style-type: none"> LGB1.5.3. Presenta os contidos de forma clara e ordenada e con corrección gramatical, cínguese ao tema e non divaga. 	
<ul style="list-style-type: none"> LGB1.5.4. Emprega axeitadamente os elementos prosódicos (entoación e pronuncia axeitada, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal (mirada e posición do corpo) así como o autocontrol das emocións ao 	

<p>falar en público.</p>	
<ul style="list-style-type: none"> ● LGB1.5.5. Exprésase con facilidade e recorre a paráfrases ou circunloquios cando non encontra a expresión precisa. 	
<ul style="list-style-type: none"> ● LGB1.5.6. Utiliza o rexistro adecuado á situación comunicativa. 	
<ul style="list-style-type: none"> ● LGB1.5.7. Tenta buscar a complicidade do público e demostra seguridade ao responder as preguntas do auditorio. 	
<ul style="list-style-type: none"> ● LGB1.5.8. Emprega as TIC para documentarse bibliograficamente, revisar gramaticalmente o texto e elaborar unha presentación adecuada á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. 	
<ul style="list-style-type: none"> ● LGB1.6.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. 	
<ul style="list-style-type: none"> ● LGB1.6.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo). 	
<ul style="list-style-type: none"> ● LGB1.6.3. Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego: infinitivo conxugado e fraseoloxía adecuada. 	
<ul style="list-style-type: none"> ● LGB1.6.4. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado. 	
<ul style="list-style-type: none"> ● LGB1.7.1. Desenvolve un tema do currículo con rigor, claridade e corrección gramatical e fonética. 	
<ul style="list-style-type: none"> ● LGB1.7.2. Emprega léxico preciso e especializado e evita o uso de coloquialismos e palabras comodín. 	
<ul style="list-style-type: none"> ● LGB1.8.1. Desenvolve argumentos de forma comprensible e convincente e comenta as contribucións das persoas interlocutoras. 	
<ul style="list-style-type: none"> ● LGB1.8.2. Aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral, respecta as quenadas e as opinións alleas e emprega unha linguaxe non discriminatoria. 	
<ul style="list-style-type: none"> ● LGB1.9.1. Desenvólvese con eficacia en situacións que xorden na vida diaria así como noutras de estudo ou traballo e participa en conversas informais. 	
<ul style="list-style-type: none"> ● LGB1.10.1. Recoñece en exposicións propias e alleas as dificultades expresivas (incoherencias, repeticións, ambigüidades, mal uso dos rexistros pobreza léxica, fonética e entoación inadecuada), e identifica interferencias lingüísticas e desviacións da norma. 	
<ul style="list-style-type: none"> ● LGB1.10.2. Deseña estratexias para mellorar e progresar de xeito autónomo. 	
<ul style="list-style-type: none"> ● LGB1.11.1. Recoñece a emisión dunha pronuncia galega correcta, identifica os erros na produción oral allea e produce discursos orais que respectan as regras prosódicas e fonéticas da lingua galega. 	
<ul style="list-style-type: none"> ● LGB1.11.2. Recoñece e rexeita argumentadamente os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia propia da lingua galega. 	<ul style="list-style-type: none"> ● LGB1_ME2. escoita de maneira activa, toma notas e formula preguntas, ao tempo que interpreta, reflexiona e emite xuízos críticos sobre discursos orais de distinta natureza e evita usos lingüísticos discriminatorios.
<ul style="list-style-type: none"> ● LGB1.11.3. Usa, se a posúe, a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto. 	
Bloque 2. Comunicación escrita: ler e escribir	
<ul style="list-style-type: none"> ● LGB2.1.1. Sintetiza as ideas fundamentais do texto en resumos, esquemas e mapas conceptuais. 	
<ul style="list-style-type: none"> ● LGB2.1.2. Interpreta o sentido global e identifica a intención comunicativa do emisor en textos expositivos e argumentativos de distintos ámbitos. 	
<ul style="list-style-type: none"> ● LGB2.1.3. Diferencia as ideas principais e as secundarias e sintetiza o contido de textos expositivos e argumentativos de distintos ámbitos. 	<ul style="list-style-type: none"> ● LGB2_ME3. Comprende, interpreta e produce textos escritos con adecuación, coherencia, cohesión e corrección ortográfica, elaborando resumos e esquemas que identifiquen o tema e a estrutura, así como empregando recursos das bibliotecas e as TIC.
<ul style="list-style-type: none"> ● LGB2.1.4. Utiliza recursos bibliográficos, audiovisuais e dixitais para facilitar a comprensión dun texto e complementar as súas producións. 	
<ul style="list-style-type: none"> ● LGB2.2.1. Planifica os seus traballos seguindo unha orde predefinida e revisa o proceso de escritura para mellorar a produción final. 	
<ul style="list-style-type: none"> ● LGB2.2.2. Produce textos propios de distintos ámbitos usando o rexistro adecuado, organizando os enunciados en secuencias lineais e ben cohesionadas. 	

<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.3.1. Desenvolve un tema do currículo con rigor, claridade e corrección gramatical. 	
<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.3.2. Adecúa a súa expresión ás condicións da situación comunicativa (tema, destinatario, ámbito discursivo e xénero textual) e emprega os recursos expresivos propios do rexistro formal. 	
<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.3.3. Emprega léxico preciso e evita o uso de coloquialismos ou palabras comodín. 	
<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.3.4. Organiza os contidos dos seus traballos en función duns obxectivos fixados previamente, contrasta posturas enfrontadas e defende a súa opinión con argumentos. 	
<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.4.1. Describe os trazos morfosintácticos, léxico-semánticos e pragmático-textuais de textos expositivos e argumentativos. 	
<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.4.2. Recoñece e explica a función no texto dos distintos procedementos de cita: estilo directo, estilo indirecto, estilo indirecto libre e cita encuberta. 	
<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.5.1. Consulta información en fontes bibliográficas e dixitais e compila os datos máis relevantes en fichas-resumo. 	
<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.5.2. Respecta as normas de presentación dos traballos escritos, a organización en epígrafes, procedementos de cita, notas a pé de páxina, bibliografía. 	
<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.5.3. Utiliza procesadores de texto e correctores ortográficos para mellorar a presentación e evitar erros ortográficos e tipográficos. 	
<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.6.1. Recoñece, describe e utiliza recursos de cohesión gramaticais e léxico-semánticos. 	
<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.6.2. Describe os tipos de rexistro e analiza as súas manifestacións lingüísticas. 	
Bloque 3. Funcionamento da lingua	
<ul style="list-style-type: none"> • LGB3.1.1. Define e identifica os fonemas vocálicos e consonánticos da lingua galega. 	<ul style="list-style-type: none"> • LGB3_ME4. Utiliza unha fonética e fonoloxía correctas, así como un vocabulario amplo e desenvolve con corrección as regras ortográficas e morfolóxicas do idioma.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB3.1.2. Valora as normas fonéticas como medio para facilitar a comunicación eficaz. 	
<ul style="list-style-type: none"> • LGB3.2.1. Explica as principais variedades dialectais e valora a diversidade lingüística como parte de noso patrimonio cultural. 	<ul style="list-style-type: none"> • LGB3_ME5. Recoñece, analiza e explica as clases de palabras e os procesos léxicos, así como as relacións e funcións morfolóxicas, semánticas e sintácticas das mesmas.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB3.3.1. Explica os procedementos de formación das palabras. 	
<ul style="list-style-type: none"> • LGB3.3.2. Recoñece e explica os tipos de morfemas así como a análise morfolóxica. 	
<ul style="list-style-type: none"> • LGB3.3.3. Recoñece, analiza e explica a estrutura morfolóxica. 	
<ul style="list-style-type: none"> • LGB3.4.1. Recoñece as diferentes estruturas sintácticas, explica as relacións que se establecen e emprega a terminoloxía axeitada. 	
<ul style="list-style-type: none"> • LGB3.5.1. Identifica e explica as relacións e unidades semánticas. 	<ul style="list-style-type: none"> • LGB_ME6. Participa en construcións cooperativas e proxectos relacionados cos elementos transversais, evitando prexuízos e estereotipos lingüísticos ou culturais e facendo unha construción crítica e plural.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB3.6.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. 	
<ul style="list-style-type: none"> • LGB3.7.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras. 	
Bloque 4. Lingua e sociedade	
<ul style="list-style-type: none"> • LGB4.1.1. Recoñece os estereotipos e prexuízos lingüísticos e determina a súa repercusión nos usos. 	<ul style="list-style-type: none"> • LGB4_ME7. Coñece a situación sociolingüística de Galicia e a súa relación co mundo lusófono, así como a diversidade lingüística.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB4.1.2. Elabora traballos de xeito individual e/ou en grupo nos que se describen e analizan cuestións sociolingüísticas. 	
<ul style="list-style-type: none"> • LGB4.2.1. Describe e interpreta o proceso de construción da variante estándar da lingua galega. 	
<ul style="list-style-type: none"> • LGB4.2.2. Recoñece as interferencias lingüísticas no galego, con especial atención aos castelanismos e desenvolve un discurso propio libre destes elementos. 	
<ul style="list-style-type: none"> • LGB4.3.1. Distingue as características lingüísticas fundamentais do 	<ul style="list-style-type: none"> • LGB4_ME8. Coñece a historia social da lingua

<p>galego moderno (desde 1916 ata 1978).</p> <ul style="list-style-type: none"> ● LGB4.3.2. Describe o contexto histórico e cultural do galego moderno (desde 1916 ata 1978), así como a súa situación sociolingüística. ● LGB4.3.3. Diferencia e describe as etapas que podemos establecer entre 1916 e 1978 desde o punto de vista sociolingüístico. ● LGB4.3.4. Analiza a importancia da etapa 1916-1978 no desenvolvemento posterior da lingua. ● LGB4.3.5. Identifica o galego moderno (desde 1916 ata 1978) en documentos non literarios e literarios. ● LGB4.4.1. Distingue as características lingüísticas fundamentais do galego moderno (desde 1978 ata a actualidade). ● LGB4.4.2. Describe o contexto histórico e cultural do galego moderno desde 1978 ata a actualidade, así como a súa situación sociolingüística. ● LGB4.4.3. Analiza a importancia da etapa desde 1978 ata a actualidade no desenvolvemento do galego. ● LGB4.4.4. Recoñece o galego como unha lingua en vías de normalización e sinala as súas fortalezas e debilidades. ● LGB4.4.5. Sinala as principais características lingüísticas en documentos non literarios e literarios desde 1978 ata a actualidade. ● LGB4.5.1. Elabora unha descrición esquemática na que se detallan as diferentes etapas da historia da lingua galega e as súas principais características. ● LGB4.6.1. Analiza e interpreta a evolución da conciencia lingüística na historia da lingua galega. 	<p>galega desde 1916 á actualidade.</p> <ul style="list-style-type: none"> ● LGB4_ME7. Coñece a situación sociolingüística de Galicia e a súa relación co mundo lusófono, así como a diversidade lingüística. ● LGB4_ME8. Coñece a historia social da lingua galega desde 1916 á actualidade.
Bloque 5. Educación Literaria	
<ul style="list-style-type: none"> ● LGB5.1.1. Identifica, analiza e describe a poesía galega de 1916 a 1936: autores/as de Vangarda e outros/as autores/as. ● LGB5.1.2. Identifica, analiza e describe a prosa galega de 1916 a 1936: autores/as das Irmandades, o Grupo Nós (narrativa e ensaio) e outros/as autores/as. ● LGB5.1.3. Identifica, analiza e describe o teatro galego de 1916 a 1936: autores/as das Irmandades, Vangardas e Grupo Nós. ● LGB5.2.1. Le e comenta textos representativos da poesía galega de 1916 a 1936, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. ● LGB5.2.2. Le e comenta textos representativos da prosa galega de 1916 a 1936, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. ● LGB5.2.3. Le e comenta textos representativos do teatro galego de 1916 a 1936, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. ● LGB5.3.1. Identifica, analiza e describe a poesía galega entre 1936 e 1975: produción bélica e autores/as do exilio, a Xeración de 1936, a Promoción de Enlace e a Xeración das Festas Minervais. ● LGB5.3.2. Identifica, analiza e describe a prosa galega entre 1936 e 1975: produción bélica e os autores do exilio, os renovadores da prosa (Ánxel Fole, Eduardo Blanco-Amor, Álvaro Cunqueiro e Xosé Neira Vilas) así como A Nova Narrativa Galega e autores/as dos primeiros 70. ● LGB5.3.3. Identifica, analiza e describe o teatro galego entre 1936 e 1975: teatro do exilio, a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia. ● LGB5.4.1. Le e comenta textos representativos da poesía galega de 1936 a 1975, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. ● LGB5.4.2. Le e comenta textos representativos da prosa galega de 1936 a 1975, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. ● LGB5.4.3. Le e comenta textos representativos do teatro galego de 1936 a 1975, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. ● LGB5.5.1. Identifica, analiza e describe a poesía galega de 1975 ata a 	<ul style="list-style-type: none"> ● LGB5_ME9. Identifica, analiza e describe a literatura galega de 1916 á actualidade: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as de 1916 á actualidade. ● LGB5_ME10. Le obras e textos representativos da literatura galega de 1916 á actualidade; coméntaas e emite opinións coherentes e ben argumentadas. ● LGB5_ME9. Identifica, analiza e describe a literatura galega de 1916 á actualidade: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as de 1916 á actualidade. ● LGB5_ME10. Le obras e textos representativos da literatura galega de 1916 á actualidade; coméntaas e emite opinións coherentes e ben argumentadas. ● LGB5_ME9. Identifica, analiza e describe a

<p>actualidade: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século.</p>	<p>literatura galega de 1916 á actualidade: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as de 1916 á actualidade.</p>
<ul style="list-style-type: none"> • LGB5.5.2. Identifica, analiza e describe a prosa galega de 1975 ata a actualidade: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século. • LGB5.5.3. Identifica, analiza e describe o teatro galego de 1975 ata a actualidade: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século. 	
<ul style="list-style-type: none"> • LGB5.6.1. Le e comenta textos representativos da poesía galega de 1975 á actualidade, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. 	<ul style="list-style-type: none"> • LGB5_ME10. Le obras e textos representativos da literatura galega de 1916 á actualidade; coméntaas e emite opinións coherentes e ben argumentadas.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB5.6.2. Le e comenta textos representativos da prosa galega de 1975 á actualidade, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. 	
<ul style="list-style-type: none"> • LGB5.6.3. Le e comenta textos representativos do teatro galego de 1975 ata a actualidade, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. 	
<ul style="list-style-type: none"> • LGB5.7.1. Analiza e comenta, a través de probas escritas ou traballos, cando menos unha obra completa de cada un dos períodos literarios referidos. 	

4.3.3.1. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE COS PERFÍS COMPETENCIAIS

Fixada a relación entre os estándares de aprendizaxe da materia e os estándares mínimos esixíbeis, pasan a poñerse en relación coas competencias clave:

Nº	Estándares de aprendizaxe Mínimos Esixíbeis	Competencias Clave
1	LGB1_ME1. Comprende, interpreta e produce textos orais con adecuación, coherencia, cohesión e corrección fonética e prosódica, coa axuda das TIC, respectando as regras de interacción e identificando a intencionalidade comunicativa así como a idea principal e secundarias.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CD • CSC
2	LGB1_ME2. escoita de maneira activa, toma notas e formula preguntas, ao tempo que interpreta, reflexiona e emite xuízos críticos sobre discursos orais de distinta natureza e evita usos lingüísticos discriminatorios.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSIEE • CCEC
3	LGB2_ME3. Comprende, interpreta e produce textos escritos con adecuación, coherencia, cohesión e corrección ortográfica, elaborando resumos e esquemas que identifiquen o tema e a estrutura, así como empregando recursos das bibliotecas e as TIC.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CD • CAA • CMCCT
4	LGB3_ME4. Utiliza unha fonética e fonoloxía correctas, así como un vocabulario amplo e desenvolve con corrección as regras ortográficas e morfolóxicas do idioma.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
5	LGB3_ME5. Recoñece, analiza e explica as clases de palabras e os procesos léxicos, así como as relacións e funcións morfolóxicas, semánticas e sintácticas das mesmas.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CMCCT
6	LGB3_ME6. Participa en construcións cooperativas e proxectos relacionados cos elementos transversais, evitando prexuízos e estereotipos lingüísticos ou culturais e facendo unha construción crítica e plural.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC • CCEC
7	LGB4_ME7. Coñece a situación sociolingüística de Galicia e a súa relación co mundo lusófono, así como a diversidade lingüística.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CCEC • CSC
8	LGB4_ME8. Coñece a historia social da lingua galega desde 1916 á actualidade.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CCEC • CSC
9	LGB5_ME9. Identifica, analiza e describe a literatura galega de 1916 á actualidade: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as de 1916 á actualidade.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CCEC • CSC
10	LGB5_ME10. Le obras e textos representativos da literatura galega de 1916 á actualidade; coméntaas e emite opinións coherentes e ben argumentadas.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CCEC • CSIEE • CAA

No Decreto 85/2015 atópanse **96 estándares de aprendizaxe** avaliáveis para a materia de *Lingua galega e Literatura* de 2º de Bacharelato. Eses estándares de aprendizaxe desenvolven unha serie de competencias clave que se distribúen do seguinte xeito:

Competencias Clave	Número de Estándares de aprendizaxe vinculados a cada competencia clave	Peso de cada competencia no total de estándares	Peso de cada competencia no conxunto da materia
CCL	90	94%	60%
CAA	28	29%	18%
CSC	19	20%	12%
CSIEE	5	5%	3%
CD	6	6%	4%
CCEC	4	4%	3%
CMCCT	0	0%	0%
TOTAL	152	--	100%

4.3.3.2. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE COS PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Nº	Estándares de aprendizaxe Mínimos Esixíbeis	Procedementos de avaliación	Instrumentos de avaliación
1	LGB1_ME1. Comprende, interpreta e produce textos orais con adecuación, coherencia, cohesión e corrección fonética e prosódica, coa axuda das TIC, respectando as regras de interacción e identificando a intencionalidade comunicativa así como a idea principal e secundarias.	Av, Cr, D, Ep, Esq, Inf, L, TIC, Tx	AvC, OA, PO, TI, R
2	LGB1_ME2. escoita de maneira activa, toma notas e formula preguntas, ao tempo que interpreta, reflexiona e emite xuízos críticos sobre discursos orais de distinta natureza e evita usos lingüísticos discriminatorios.	D, Ep, Esq, L, Tx	OA, PO, TI
3	LGB2_ME3. Comprende, interpreta e produce textos escritos con adecuación, coherencia, cohesión e corrección ortográfica, elaborando resumos e esquemas que identifiquen o tema e a estrutura, así como empregando recursos das bibliotecas e as TIC.	Ct, Cr, Esq, Inf, Inv, L, TIC, Tx	OA, PE, TI, R
4	LGB3_ME4. Utiliza unha fonética e fonoloxía correctas, así como un vocabulario amplo e desenvolve con corrección as regras ortográficas e morfolóxicas do idioma.	Ct, D, Ep, Esq, F, L, TIC, Tx	OA, PE, PO, TI, R
5	LGB3_ME5. Recoñece, analiza e explica as clases de palabras e os procesos léxicos, así como as relacións e funcións morfolóxicas, semánticas e sintácticas das mesmas.	Esq, F, Inf, L, TIC, Tx	OA, PE, PO, TI
6	LGB3_ME6. Participa en construcións cooperativas e proxectos relacionados cos elementos transversais, evitando prexuízos e estereotipos lingüísticos ou culturais e facendo unha construción crítica e plural.	Av, Ct, Cr, Ep, Esq, F, Inf, Inv, L, TIC, Tx	AvC, OA, PE, PO, TI
7	LGB4_ME7. Coñece a situación sociolingüística de Galicia e a súa relación co mundo lusófono, así como a diversidade lingüística.	Ct, Cr, D, Ep, Esq, Inf, Inv, L, TIC, Tx	OA, PE, PO, TI, R
8	LGB4_ME8. Coñece a historia social da lingua galega desde 1916 á actualidade.	Ct, D, Esq, F, Inf, Inv, L, TIC, Tx	OA, PE, TI
9	LGB5_ME9. Identifica, analiza e describe a literatura galega de 1916 á actualidade: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as de 1916 á actualidade.	Ct, D, Ep, Esq, F, Inf, Inv, L, TIC, Tx	OA, PE, PO, TI, R
10	LGB5_ME10. Le obras e textos representativos da literatura galega de 1916 á actualidade; coméntaas e emite opinións coherentes e ben argumentadas.	Av, Ct, D, Esq, Inf, L, TIC, Tx	AvA, AvC, OA, PE, PO, TG, TI, R
Procedementos de Avaliación		Instrumentos de Avaliación	
Av: Actividade avaliativa: Autoavaliación ou Coavaliación. Ct: Análise e comentario de texto.		AvA: Autoavaliación AvC: Coavaliación	

<p>Cr: Construción creativa de materiais, textos...</p> <p>D: Participación en debates.</p> <p>Ep: Exposición pública.</p> <p>Esq: Tratamento da información a través de esquemas, resumos, cadros, resumos...</p> <p>F: Fichas, Cuestionarios...</p> <p>Inf: Procura, xestión e selección de información na rede, en bibliotecas...</p> <p>Inv: Desenvolvemento de traballos de investigación.</p> <p>L: Lectura.</p> <p>Pr: Realización dun proxecto.</p> <p>Pt: Realización dun Portfolio.</p> <p>TIC: Emprego das Tecnoloxías da Información e a Comunicación.</p> <p>Tx: Elaboración e produción de textos.</p>	<p>OA: Observación Aula.</p> <p>PE: Proba Escrita (Exame).</p> <p>PO: Proba Oral (Exposición pública).</p> <p>PR: Proxecto.</p> <p>TG: Traballo en Grupo (Portfolio).</p> <p>TI: Traballo Individual (Cuestionarios, Fichas, Comentarios de textos, Análise...).</p> <p>R: Rúbrica</p>
--	---

4.3.4.- SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

Tal e como establece o Decreto 86/2015, os contidos da materia divídense en cinco bloques, os cales se traballarán en todas as unidades do curso, excepto na Unidade 0.

A temporalización poderá sufrir cambios se o profesorado o considera necesario por criterios pedagóxicos.

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 2º Curso					
1º TRIMESTRE					
U	T	Título	Contidos	Est. Ap. Mínimos Esixíbeis	Tempora- lización
0	1	As tipoloxías textuais	B1.1, B1.2, B1.3, B1.4, B1.6, B1.8, B1.9, B1.10, B1.11 B2.1, B2.2, B2.4, B2.5, B2.6	LGB1_ME1, LGB2_ME3	05/10-21/10
	2	A literatura do séc. XIX	B1.1, B1.2, B1.3, B1.4, B1.6, B1.8, B1.9, B1.10, B1.11 B2.1, B2.2, B2.4, B2.5, B2.6	LGB1_ME1, LGB2_ME3	
	3	As relacións semánticas	B1.1, B1.2, B1.3, B1.4, B1.6, B1.8, B1.9, B1.10, B1.11 B2.1, B2.2, B2.4, B2.5, B2.6 B3.5, B3.6, B3.7	LGB1_ME1, LGB2_ME3, LGB3_ME5, LGB3_ME6	
1	1	O comentario crítico	B1.1, B1.2, B1.3, B1.4, B1.5, B1.6, B1.8, B1.9, B1.10, B1.11 B2.1, B2.2, B2.4, B2.5, B2.6	LGB1_ME1, LGB2_ME3	22/10-06/11
	2	O galego no primeiro terzo do século XX	B1.1, B1.2, B1.3, B1.4, B1.5, B1.6, B1.7, B1.8, B1.9, B1.10, B1.11 B2.1, B2.2, B2.4, B2.5, B2.6 B4.3, B4.5, B4.6	LGB1_ME1, LGB1_ME2, LGB2_ME3, LGB4_ME8	
	3	A poesía das Irmandades da Fala	B1.1, B1.2, B1.3, B1.4, B1.5, B1.6, B1.8, B1.9, B1.10, B1.11 B2.1, B2.2, B2.3, B2.4, B2.5, B2.6 B5.1, B5.2, B5.7	LGB1_ME1, LGB2_ME3, LGB5_ME9, LGB5_ME10	
	4	A poesía de vangarda	B1.1, B1.2, B1.3, B1.4, B1.5, B1.6, B1.8, B1.9, B1.10, B1.11 B2.1, B2.2, B2.3, B2.4, B2.5, B2.6 B5.1, B5.2, B5.7	LGB1_ME1, LGB2_ME3, LGB5_ME9, LGB5_ME10	
	5	As categorías gramaticais	B1.1, B1.2, B1.3, B1.4, B1.6, B1.8, B1.9, B1.10, B1.11 B2.1, B2.2, B2.4, B2.5, B2.6 B3.3, B3.6, B3.7	LGB1_ME1, LGB2_ME3, LGB3_ME6	
2	1	Estereotipos e prexuízos lingüísticos	B1.1, B1.2, B1.3, B1.4, B1.5, B1.6, B1.7, B1.8, B1.9, B1.10, B1.11 B2.1, B2.2, B2.3, B2.4, B2.5, B2.6	LGB1_ME1, LGB2_ME3, LGB4_ME7, LGB4_ME8	09/11-11/12

			B4.1, B4.6		
2	A prosa do primeiro terzo do XX	B1.1, B1.2, B1.3, B1.4, B1.5, B1.6, B1.8, B1.9, B1.10, B1.11 B2.1, B2.2, B2.3, B2.4, B2.5, B2.6 B5.1, B5.2, B5.7	LGB1_ME1, LGB2_ME3, LGB5_ME10	LGB1_ME2, LGB5_ME9,	
3	O teatro do primeiro terzo do XX	B1.1, B1.2, B1.3, B1.4, B1.5, B1.6, B1.8, B1.9, B1.10, B1.11 B2.1, B2.2, B2.3, B2.4, B2.5, B2.6 B5.1, B5.2, B5.7	LGB1_ME1, LGB2_ME3, LGB5_ME10	LGB1_ME2, LGB5_ME9,	
4	A formación de palabras	B1.1, B1.2, B1.3, B1.4, B1.6, B1.8, B1.9, B1.10, B1.11 B2.1, B2.2, B2.4, B2.5, B2.6 B3.3, B3.6, B3.7	LGB1_ME1, LGB2_ME3, LGB3_ME6	LGB1_ME2, LGB3_ME5,	

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 2º Curso					
2º TRIMESTRE					
U D	T	Título	Contidos	Est. Ap. Mínimos Esixíbeis	Temporización
3	1	O galego de 1936 a 1978	B1.1, B1.2, B1.3, B1.4, B1.5, B1.6, B1.7, B1.8, B1.9, B1.10, B1.11 B2.1, B2.2, B2.4, B2.5, B2.6 B4.3, B4.5, B4.6	LGB1_ME1, LGB2_ME3, LGB4_ME8	LGB1_ME2,
	2	A poesía entre 1936 e 1975	B1.1, B1.2, B1.3, B1.4, B1.5, B1.6, B1.8, B1.9, B1.10, B1.11 B2.1, B2.2, B2.3, B2.4, B2.5, B2.6 B5.3, B5.4, B5.7	LGB1_ME1, LGB2_ME3, LGB5_ME10	LGB1_ME2, LGB5_ME9,
	3	A prosa entre 1936 e 1975	B1.1, B1.2, B1.3, B1.4, B1.5, B1.6, B1.8, B1.9, B1.10, B1.11 B2.1, B2.2, B2.3, B2.4, B2.5, B2.6 B5.3, B5.4, B5.7	LGB1_ME1, LGB2_ME3, LGB5_ME10	LGB1_ME2, LGB5_ME9,
	4	Unidades e funcións sintácticas	B1.1, B1.2, B1.3, B1.4, B1.6, B1.8, B1.9, B1.10, B1.11 B2.1, B2.2, B2.4, B2.5, B2.6 B3.4, B3.6, B3.7	LGB1_ME1, LGB2_ME3, LGB3_ME6	LGB1_ME2, LGB3_ME5,
4		Historia da normativización	B1.1, B1.2, B1.3, B1.4, B1.5, B1.6, B1.7, B1.8, B1.9, B1.10, B1.11 B2.1, B2.2, B2.3, B2.4, B2.5, B2.6 B4.2, B4.6	LGB1_ME1, LGB2_ME3, LGB4_ME8	LGB1_ME2, LGB4_ME7,
		A Nova Narrativa Galega	B1.1, B1.2, B1.3, B1.4, B1.5, B1.6, B1.8, B1.9, B1.10, B1.11 B2.1, B2.2, B2.3, B2.4, B2.5, B2.6 B5.3, B5.4, B5.7	LGB1_ME1, LGB2_ME3, LGB5_ME10	LGB1_ME2, LGB5_ME9,
		O teatro galego entre 1936 e 1975	B1.1, B1.2, B1.3, B1.4, B1.5, B1.6, B1.8, B1.9, B1.10, B1.11 B2.1, B2.2, B2.3, B2.4, B2.5, B2.6 B5.3, B5.4, B5.7	LGB1_ME1, LGB2_ME3, LGB5_ME10	LGB1_ME2, LGB5_ME9,
		Fonética	B1.1, B1.2, B1.3, B1.4, B1.6, B1.8, B1.9, B1.10, B1.11 B2.1, B2.2, B2.4, B2.5, B2.6 B3.1, B3.6, B3.7	LGB1_ME1, LGB2_ME3, LGB3_ME6	LGB1_ME2, LGB3_ME4,

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 2º Curso					
3º TRIMESTRE					
U D	T	Título	Contidos	Est. Ap. Mínimos Esixíbeis	Temporización
5	1	O galego, lingua en vías de normalización	B1.1, B1.2, B1.3, B1.4, B1.5, B1.6, B1.7, B1.8, B1.9, B1.10, B1.11 B2.1, B2.2, B2.3, B2.4, B2.5, B2.6 B4.4, B4.6	LGB1_ME1, LGB2_ME3, LGB4_ME8	LGB1_ME2, LGB4_ME7,

	2	A literatura do exilio entre 1936 e 1975	B1.1, B1.2, B1.3, B1.4, B1.5, B1.6, B1.8, B1.9, B1.10, B1.11 B2.1, B2.2, B2.3, B2.4, B2.5, B2.6 B5.3, B5.4, B5.7	LGB1_ME1, LGB2_ME3, LGB5_ME10	LGB1_ME2, LGB5_ME9,	
	3	A poesía de fins do XX e comezos do XXI	B1.1, B1.2, B1.3, B1.4, B1.5, B1.6, B1.8, B1.9, B1.10, B1.11 B2.1, B2.2, B2.3, B2.4, B2.5, B2.6 B5.5, B5.6, B5.7	LGB1_ME1, LGB2_ME3, LGB5_ME10	LGB1_ME2, LGB5_ME9,	
	4	Variedades dialectais	B1.1, B1.2, B1.3, B1.4, B1.6, B1.8, B1.9, B1.10, B1.11 B2.1, B2.2, B2.4, B2.5, B2.6 B3.2, B3.6, B3.7	LGB1_ME1, LGB2_ME3, LGB3_ME6	LGB1_ME2, LGB3_ME4,	
6	1	O galego a finais do século XX e comezos do XXI	B1.1, B1.2, B1.3, B1.4, B1.5, B1.6, B1.7, B1.8, B1.9, B1.10, B1.11 B2.1, B2.2, B2.4, B2.5, B2.6 B4.4, B4.5, B4.6	LGB1_ME1, LGB2_ME3, LGB4_ME8	LGB1_ME2, LGB4_ME7,	26/04-14/05
	2	A prosa de fins do XX e comezos do XXI	B1.1, B1.2, B1.3, B1.4, B1.5, B1.6, B1.8, B1.9, B1.10, B1.11 B2.1, B2.2, B2.3, B2.4, B2.5, B2.6 B5.5, B5.6, B5.7	LGB1_ME1, LGB2_ME3, LGB5_ME10	LGB1_ME2, LGB5_ME9,	
	3	O teatro de fins do XX e comezos do XXI	B1.1, B1.2, B1.3, B1.4, B1.5, B1.6, B1.8, B1.9, B1.10, B1.11 B2.1, B2.2, B2.3, B2.4, B2.5, B2.6 B5.5, B5.6, B5.7	LGB1_ME1, LGB2_ME3, LGB5_ME10	LGB1_ME2, LGB5_ME9,	
	4	Semántica	B1.1, B1.2, B1.3, B1.4, B1.6, B1.8, B1.9, B1.10, B1.11 B2.1, B2.2, B2.4, B2.5, B2.6 B3.5, B3.6, B3.7	LGB1_ME1, LGB2_ME3, LGB3_ME6	LGB1_ME2, LGB3_ME5,	

As aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2019/2020 van ser introducidas no currículo do curso actual nos apartados correspondentes, pois moitos destes coñecementos son ampliados neste ano. Nos casos en que non sexa posible, incluíranse como temas introdutorios durante a 1ª avaliación.

4.3.5.- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

A metodoloxía que se empregará durante o curso na materia estará baseada en diversos principios metodolóxicos.

- **Actividade e participación.** No preámbulo da LOMCE indícase que o alumnado será “un elemento activo no proceso de aprendizaxe”. Por este motivo, malia que poñamos habitualmente en práctica o método explicativo (baseado en explicacións con feed-back continuo entre alumnado e docente), o proceso de aprendizaxe estará orientado sempre á práctica, a “saber facer”, a demostrar as habilidades requiridas nas cinco bloques de contidos. Boa parte das actividades que desenvolva o alumnado serán individuais e en pequeno grupo. Neste caso, e dadas as actuais circunstancias sociosanitarias, promoverase o traballo en entornos virtuais.
- **Dedución e indución.** Particularmente nos contidos gramaticais e textuais, a aprendizaxe basearase nun breve explicación, seguida de exemplos e da práctica levada a cabo polo alumnado. Malia isto, tamén intentaremos traballar o razoamento indutivo, partindo dos exemplos para determinar as características de tipos de textos, funcionamento das unidades gramaticais, etc.
- **Aprendizaxe significativa.** Partirase sempre dos coñecementos previos do alumnado para poder asociar a nova información que vai adquirir coa que xa posúe, facilitando así a

reconstrución e axuste das informacións entre si no neste proceso.

- **Competencias clave.** Prestarase especial atención ao desenvolvemento e adquisición das competencias por parte do alumnado, o que se fará mediante tarefas integradas.
- **Autonomía.** O alumnado camiñará cara á súa autonomía no proceso de aprendizaxe, o que reforza a competencia de aprender a aprender. Tomará decisións sobre as actividades realizadas na aula e reflexionará sobre como aprende.
- **Personalización.** Este principio repercute na atención ao ritmo de aprendizaxe da cada alumno, nas súas fortalezas e debilidades, e en ofrecerlles unha variada gama de actividades, metodoloxías, instrumentos de avaliación... que lle permita a cada rapaz/a acadar os obxectivos propostos no curso.
- **Atención á diversidade.** Tendo en conta a diversidade habitual nas aulas, aplicaranse medidas de atención precisas para aquel alumnado con NEAE (Necesidades Específicas de Apoio Educativo) traballando en coordinación coa PT e Orientación. Para iso artellaranse Adaptacións Curriculares, adaptación de exames, de tempos..., atendendo aos protocolos establecidos pola Consellería.

4.3.6.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

- **Temario**
 - O temario da materia basearase nos apuntamentos entregados pola profesora (a través da Aula virtual e/ou tamén en fotocopias) e no manual *Lingua galega e literatura. 2 de bacharelato* da editorial Baía (2016).
Ademais, a persoa docente facilitaralle ao alumnado outros textos e actividades cando se considere preciso.
- **Material de apoio**
 - Durante o curso empregaranse recursos, tanto audiovisuais como impresos, que complementen o material habitual e que faciliten o proceso de aprendizaxe.
- **TIC**
 - Ademais do uso que a persoa docente faga dos recursos dixitais dispoñibles na aula (pantalla dixital, ordenador...), o alumnado tamén empregará as TIC como apoio na súa aprendizaxe e como complemento á hora de expoñer o seu traballo e buscar información sobre contidos curriculares ou temas de actualidade.
 - Igualmente, usarase desde o principio do curso a aula virtual para que o alumnado poida seguir en todo momento o que se traballe na aula, así tamén se poderá poñer ao día o alumnado que falte por motivos de saúde. Os primeiros días de clase identificarase o alumnado con problemas de conexión ou sen recursos TIC para comunicalo ao equipo COVID.
 - Para aquel alumnado con dificultades que derivan da fenda dixital traballarase nos primeiros días a competencia dixital, aínda que despois de detectar cal é o motivo desta, terá que procurarse un apoio por parte do centro ou da Consellería para evitalo, como aparece recollido no Protocolo do 16/09/2020.
- **Lecturas**
 - O alumnado deberá ler no curso textos pertencentes ás etapas literarias estudadas, que poderá atopar na biblioteca do centro ou que lle entregará a profesora.

4.3.7.- CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, A CUALIFICACIÓN E A PROMOCIÓN DO ALUMNADO

4.3.7.1.- AVALIACIÓN INICIAL

Dedicarase as primeiras semanas do curso a realizar a avaliación inicial, que permitirá comprobar o nivel de cada grupo para organizar e axustar o currículo axeitándose ás súas características. Tamén se informará ao alumnado sobre a dinámica da aprendizaxe, os criterios de avaliación e cualificación e as actividades propostas para cada trimestre.

Despois das primeiras clases a profesora decidirá os procedementos que utilizará para avaliar o alumnado. A avaliación consistirá en actividades introdutorias en grupo, que servirán para coñecer as rapazas e rapaces e para ir lembrando conceptos aprendidos nos anos anteriores, e nunha proba escrita que se centrará, sobre todo, na comprensión e na expresión.

4.3.7.2.- AVALIACIÓN FORMATIVA

A avaliación formativa que se desenvolva na materia será sumativa, procesual e continua. Esta avaliación conformarana todas as actividades levadas ao cabo durante cada período avaliatorio. A avaliación formativa realizarase durante todo o curso recollendo constantemente información sobre a evolución do alumnado.

4.3.7.2.1. OS CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os **criterios de avaliación** aparecen recollidos no punto 2 desta programación, onde se presentan organizados xunto cos contidos curriculares, os estándares de aprendizaxe e as competencias clave. Malia a isto, para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial, adoptaranse as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado seguindo as instrucións que publique a Consellería.

4.3.7.2.2. A CUALIFICACIÓN

● Pautas xerais de cualificación

- O alumnado deberá obter unha cualificación de 5 puntos para obter un aprobado na avaliación.
- A cualificación de cada avaliación farase de 0 a 10.

● Cálculo da nota da avaliación. A cualificación de cada avaliación farase valorando os seguintes aspectos:

- **Exames: 75%.**
 - Cada trimestre o alumnado realizará 1 ou 2 probas escritas (é posible que as ditas probas se dividan en dúas partes, por cuestións organizativas).
 - O adiamento ou a non presentación a un exame seguirá as pautas marcadas nas NOFC do IES Pedro Floriani.
- **Comentarios e outras tarefas para entregar: 10%.**
 - O alumnado entregará ao longo do curso comentarios críticos e outras tarefas breves de reforzo e afondamento dos contidos traballados na aula.
 - A non realización dun traballo contará como "0".
 - Os traballos entregados fóra de prazo (sen unha xustificación médica) obterán unha

cualificación de “0”.

- **Traballos complexos individuais/en grupo: 15%.**
 - A persoa docente proporalle aos alumnos e alumnas un traballo de investigación/creación/reflexión (oral ou escrito) por trimestre que realizarán de modo individual ou en grupo, segundo as indicacións do profesorado.
 - A non realización dun traballo contará como “0”.
 - Os traballos entregados fóra de prazo (sen unha xustificación médica) obterán unha cualificación de “0”.
- **Media e nota mínima.** A nota mínima requirida nos *exames trimestrais* e nos *traballos complexos* para facer media é un 3,5, tanto dentro de cada eido como entre eles. No caso dos *comentarios e tarefas simples* non hai nota mínima requirida. A media entre estes tres bloques de instrumentos de avaliación deberá sumar como mínimo 5 puntos para que a materia se considere aprobada.
- **Erros.** As pautas de tratamento dos erros serán os seguintes.
 - A ilexibilidade dun exame, traballo ou calquera outro tipo de material por parte do alumnado poderá implicar a non corrección do mesmo por parte do profesorado.
 - O non cumprimento das normas de entrega de traballos e exames por parte do alumnado implicará unha penalización de 0,5 puntos sobre 10 no dito traballo ou exame.
 - Os erros ortográficos e morfolóxicos seguirán as pautas marcadas polas ABAU do pasado curso académico. Penalizarán ata un máximo de 2 puntos e serán consideradas:
 - **Moi graves:** solucións que son alleas ao sistema lingüístico do galego, como tempos compostos, mala colocación dos clíticos, etc. Descontarase 0,2 puntos por cada un.
 - **Graves:** solucións ortográficas contrarias á norma lingüística (b/v, h, y, etc.) e acentuación diacrítica. Descontarase 0,1 punto por cada un.
 - **Leves:** solucións galegas alleas ao estándar vixente e acentuación non diacrítica. Descontarase 0,05 puntos por cada un.
- **Medios fraudulentos.** O uso de calquera tipo de medio fraudulento na realización de probas, actividades e exames (traballos copiados, chuletas...) implicará a obtención automática dun cero (0) como cualificación na proba, actividade e exame referido.
- **Mecanismos de recuperación.**
 - O alumnado que non teña aprobada algunha das avaliacións poderá recuperala por medio dun exame, no cal se avaliará dos contidos traballados na avaliación correspondente e só dos bloques 2, 3, 4 e 5. Para iso deberá acadar na dita proba un mínimo de 5, e esa será a cualificación coa que fará media na avaliación final.
 - Os exames da 1ª e 2ª avaliación realizaranse á volta das vacacións de Nadal e Semana Santa, respectivamente. No caso do exame da 3ª avaliación, a data fixarase despois do último exame do dito trimestre.
 - Esta é a previsión se as circunstancias da pandemia o fagan posible. Se non fose así, dependerase das ordes da Consellería ao respecto.

4.3.7.3.- AVALIACIÓN FINAL

4.3.7.3.1. OS CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os **criterios de avaliación** aparecen recollidos no punto 2 da presente programación, onde aparecen organizados xunto cos contidos curriculares, os estándares de aprendizaxes e as competencias clave.

Na cualificación final influirán o grao de asimilación de contidos e dos estándares de aprendizaxe por parte do alumnado así como o grao de desenvolvemento das competencias clave (criterio este básico e fundamental); o seu comportamento xeral; a actitude de traballo, interese e respecto amosada na clase durante todo o curso; a súa asistencia regular ás aulas e, finalmente, o traballo realizado.

As pautas aquí sinaladas poden variar no caso de se suspender a actividade lectiva presencial. Nesta situación, adaptaranse ás instrucións que publique a Consellería en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado.

4.3.7.3.2. A CUALIFICACIÓN

● Pautas xerais de cualificación

- O alumnado deberá obter unha cualificación de como mínimo 5 puntos na nota final para obter un aprobado e, polo tanto, superar a materia.
- A cualificación da avaliación final farase de 0 a 10.
- A nota final obterase da realización da media entre as notas (con decimais) obtidas nas tres avaliacións do curso.

● Cálculo da nota final

- A cualificación final acadarase a través da nota media obtida entre cada unha das notas (con decimais) obtidas nas tres avaliacións.

● Media e nota mínima

- Non se establece nota mínima para calcular a cualificación de cada avaliación.
- Se a nota media de cada avaliación supera nos decimais 0,75, cualificarase coa nota inmediatamente posterior.

● Mecanismos de recuperación da avaliación final

- **Alumnado**
 - Aquel alumnado que non teña superado a materia ao rematar as tres avaliacións poderá presentarse a un exame final.
- **A proba**
 - Realizarase unha proba final que consistirá na realización dun exame escrito.
 - O exame escrito caracterizarase por:
 - Aparecer contidos das tres avaliacións.
 - Contar cos estándares de aprendizaxe xerais, pero incidindo especialmente nos estándares mínimos esixidos.
- **Cualificación final**
 - O exame escrito puntuarase de 0 a 10.
 - O alumnado deberá obter como mínimo unha puntuación de 5 puntos no exame escrito para poder superar este e, polo tanto, a materia.

4.3.7.4.- AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

- **Alumnado**
 - Realizará esta proba aquel alumnado que non acadase o aprobado na avaliación final.
- **A proba**
 - Realizarase unha proba extraordinaria en setembro que consistirá na realización dun exame escrito.
 - O exame escrito caracterizarase por:
 - Aparecer contidos das tres avaliacións.
 - Contar cos estándares de aprendizaxe xerais, pero incidindo especialmente nos estándares mínimos esixidos.
- **Cualificación final**
 - O exame escrito puntuarase de 0 a 10.
 - O alumnado deberá obter como mínimo unha puntuación de 5 puntos no exame escrito para poder superar este e, polo tanto, a materia.

5. PROGRAMACIÓNS DE ESA

5.1. CURSO: ESA. Ámbito da comunicación. Módulo 1

5.1.1. OBXECTIVOS

1. Comprende e interpreta textos orais e escritos sinxelos pertencentes aos ámbitos social, educativo e aos medios de comunicación.
2. Analiza e sintetiza o contido de diferentes textos, diferenciando as ideas principais e secundarias.
3. Desenvolve habilidades de escoita activa con actitude de interese, de cooperación e de respecto, participando en debates e diálogos.
4. Desenvolve habilidades e estratexias para falar en público correctamente.
5. Identifica as funcións comunicativas de situacións diversas e recoñece as modalidades básicas.
6. Coñece e aplica as normas ortográficas e de puntuación, identificando o parágrafo como unidade de sentido.
7. Comprende e identifica as diferentes categorías de sílabas e a separación silábica das palabras.
8. Identifica e entende as categorías sintácticas básicas.
9. Valora o plurilingüismo como unha riqueza e as linguas como instrumentos de desenvolvemento, coñecemento e identidade.
10. Coñece as diferentes linguas faladas en España e a relación do galego coa lusofonía.
11. Analiza a situación sociolingüística galega a partir do seu entorno familiar e educativo e valora positivamente o uso do idioma propio.

12. Lee obras literarias de xeito autónomo, identificando os trazos dos grandes xéneros e desenvolvendo instrumentos para valoralas desde un punto de vista artístico.
13. Valora a literatura e a lectura como unha ferramenta persoal e colectiva.

5.1.2. CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Lingua Galega e Literatura. ESA. Comunicación. Módulo 1				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Comunicación oral: escoitar e falar				
de g h l	B1.1. Comprensión e interpretación de textos orais dos medios de comunicación, de situacións da vida cotiá e da vida académica.	B1.1. Comprender e interpretar a intención comunicativa e a idea xeral de textos orais dos medios de comunicación.	B1.1.1. Comprende e interpreta a intención comunicativa dos textos orais dos medios de comunicación.	CCL CD CAA CSC CCEC
			B1.1.2. Comprende e interpreta a intención comunicativa dos textos orais da vida cotiá.	
			B1.1.3. Extrae a intención comunicativa dos textos orais e escritos do ámbito académico, seguindo as instrucións para realizar tarefas guiadas de aprendizaxe, con progresiva autonomía.	
a g i	B1.2. Identificación e selección das informacións adecuadas ao obxectivo da escoita.	B1.2. Identificar e extraer as informacións adecuadas ao obxectivo da escoita.	B1.2.1. Identifica e extrae as informacións adecuadas ao obxectivo da escoita.	CCL
		B1.3. Identificar e seleccionar as ideas principais e as ideas secundarias do texto.	B1.3.1. Identifica e selecciona as ideas principais e secundarias dun texto.	CAA
- **Personalización da aprendizaxe.** O proceso de aprendizaxe busca axustarse ás fortalezas, necesidades, habilidades e intereses de cada estudante. Preténdese que cada estudante constrúa progresivamente o seu propio camiño baseándose e potenciando o que sabe, así como cales son as vías a través das que aprende mellor.
- **Atención á diversidade.** Tendo en conta a diversidade habitual nas aulas, aplicaranse medidas de atención precisas para aquel alumnado con NEAE (Necesidades Específicas de Apoio Educativo) traballando en coordinación con PT e orientación. Para iso artellaranse Adaptacións Curriculares, adaptación de exames, de tempos... Atendendo aos protocolos establecidos pola Consellería.

5.1.6.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

- **Temario**
 - O/A profesor/a entregará apuntamentos ao alumnado que conterán o contido teórico que se desenvolverá ao longo do curso. Os apuntamentos de referencia serán as unidades didácticas editadas pola Consellería de Educación no seu portal web: <http://www.edu.xunta.gal/portal/node/23204>
- **Material de apoio.**
 - Ademais o/a profesor/a poderá contar con material de todo tipo que complemente o proceso de aprendizaxe do alumnado (audiovisuais, mapas, textos de apoio, imaxes...).
- **TIC.**
 - As novas tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) serán un elemento activo durante o proceso de aprendizaxe.

Usarase desde o principio o curso a aula virtual para que o alumnado poida seguir en todo momento o que se traballe na aula, así tamén se poderá poñer ao día o alumnado que falte por motivos de saúde. Os primeiros días de clase identificarase o alumnado con problemas de conexión ou sen recursos TIC para comunicalo ao equipo COVID.

Para aquel alumnado con dificultades que derivan da fenda dixital traballarase nos primeiros días a competencia dixital, aínda que despois de detectar cal é o motivo desta, terá que procurarse un apoio por parte do centro ou da Consellería para evitalo, como aparece recollido no Protocolo do 16/09/2020.

5.1.7.- CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, A CUALIFICACIÓN E A PROMOCIÓN DO ALUMNADO

5.1.7.1.- AVALIACIÓN INICIAL

Dedicaranse as primeiras sesión do curso a realizar a avaliación inicial, que permitirá comprobar o nivel de cada grupo para organizar e axustar o currículo axeitándose ás súas características. Tamén se informará ao alumnado sobre a dinámica da aprendizaxe, os criterios de avaliación e cualificación e as actividades propostas para cada trimestre.

Despois das primeiras clases o/a profesor/a decidirá os procedementos que utilizará para avaliar o alumnado. De escoller unha proba escrita, poderá utilizar unha similar ás que se realicen nas avaliacións ordinarias ou na extraordinaria do curso anterior, o que lle permitirá comprobar o grao de coñecementos cos que o alumnado inicia o curso.

5.1.7.2.- AVALIACIÓN FORMATIVA

A avaliación formativa que se desenvolva na materia será sumativa, procesual e continua. Esta avaliación conformarana todas as actividades levadas ao cabo durante cada período avaliatorio. A avaliación formativa realizarase durante todo o curso recollendo constantemente información sobre a evolución do alumnado.

5.1.7.2.1. OS CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os criterios de avaliación aparecen recollidos no punto 2 desta programación, onde se presentan organizados xunto cos contidos curriculares, os estándares de aprendizaxe e as competencias clave. Malia a isto para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial o departamento tomará as medidas oportunas nestas circunstancias, seguindo as instrucións que presente a Consellería.

5.1.7.2.2. A CUALIFICACIÓN

● Pautas xerais de cualificación.

- O alumnado deberá obter unha cualificación de 5 puntos para obter un aprobado na avaliación.
- A cualificación de cada avaliación farase de 0 a 10.
- A nota xeral do ámbito da Comunicación estará composta nun 70% da nota da materia referida a esta programación (lingua galega e castelá) e nun 30% da nota referida á lingua estranxeira, sendo que é preciso un mínimo dun 3 en cada unha delas para aprobar.

● As actividades terán dous tipos de sistemas de puntuación:

○ **Actividades con rúbrica:** Puntuaranse de 1 a 4.

- Se ben a puntuación das actividades con rúbrica transformarán a súa puntuación pola súa equivalencia no sistema de 0 a 10, para permitir un sistema de cualificación coherente. As equivalencias que se seguirán son as que se marcan na seguinte táboa.

Táboa de equivalencias										
A. Con Rúbrica	1	1,3	1,7	2	2,3	2,7	3	3,3	3,7	4
	-	6	1	-	6	1	-	6	1	
	1,3	-	-	2,3	-	-	3,3	-	-	
	5	1,7	1,9	5	2,7	2,9	5	3,7	3,9	
			9			9			9	
A. Sen Rúbrica	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10

- As actividades con rúbrica terán puntuación "0" se non se realizan.

○ **Actividades sen rúbrica:** Puntuarase de 0 a 10.

● Cálculo da nota da avaliación. A cualificación de cada avaliación farase valorando os seguintes aspectos:

- O alumnado realizará, como mínimo, dúas probas escrita por avaliación. Ademais deses exames previstos, o profesor poderá propoñer outras probas (individuais, de autoavaliación, coavaliación...) sempre que o estime conveniente para que o alumnado asimile aspectos da materia que sexan máis dificultosos. Valorarase, para a cualificación global:

- 70% Probas escritas
- 30% Traballo diario (participación, traballos escritos, etc.)

- A nota final en cada avaliación no Ámbito da Comunicación contará nun 70% por parte dos eidos relacionados co galego e o castelán, e un 30% por parte dos eidos relacionados coa lingua inglesa.

- O alumnado que, ao finalizar a segunda avaliación, non obteña un aprobado, poderá realizar un exame de recuperación da avaliación que teñan suspenso. De suspender este exame, deberán presentarse ao exame final.

- As competencias clave avaliaranse seguindo as pautas de relación que se establecen entre as competencias, os contidos, os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe que se presentan no anexo I da Orde do 20 de Marzo de 2018.
- En canto aos traballos e exercicios recollidos polo profesor, de estar suspensos, o alumnado poderá repetilos, pero nese caso a nota non será maior do aprobado.
- Nos exames e traballos escritos terase en conta a presentación, a orde e a limpeza, así como a ortografía.
- **Media e nota mínima.** A nota mínima requirida nos *exames trimestrais*, nos *traballos cooperativos* e nos *traballos individuais* para facer media é un 3, tanto dentro de cada eido como entre eles. A media entre estes tres bloques de instrumentos de avaliación deberá sumar como mínimo 5 puntos para que a materia se considere aprobada.
- **Erros.** A ilexibilidade dun exame, traballo, proxecto ou calquera outro tipo de material por parte do alumnado poderá implicar a non corrección do mesmo por parte do profesorado.
- **Medios fraudulentos.** O uso de calquera tipo de medio fraudulento na realización de probas, actividades e exames (traballos copiados, chuletas...) implicará a obtención automática dun cero (0) como cualificación na proba, actividade e exame referido.

5.1.7.3.- AVALIACIÓN FINAL

5.1.7.3.1. OS CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os **criterios de avaliación** aparecen recollidos no punto 2 da presente programación, onde aparecen organizados xunto cos contidos curriculares, os estándares de aprendizaxes e as competencias clave.

Na cualificación final influirán o grao de asimilación de contidos e dos estándares de aprendizaxe por parte do alumnado así como o grao de desenvolvemento das competencias clave (criterio este básico e fundamental); o seu comportamento xeral; a actitude de traballo, interese e respecto amosada na clase durante todo o curso; a súa asistencia regular ás aulas e, finalmente, o traballo realizado.

5.1.7.3.2. A CUALIFICACIÓN

- **Pautas xerais de cualificación.**
 - O alumnado deberá obter unha cualificación de como mínimo 5 puntos na nota final para obter un aprobado e, polo tanto, superar a materia.
 - A cualificación da avaliación final farase de 0 a 10.
 - A nota final obterase da realización da media entre as notas obtidas nas dúas avaliacións do curso.
- **Cálculo da nota final.** A cualificación final acadarase a través da nota media obtida entre cada unha das notas obtidas nas avaliacións.
- **Media e nota mínima.**
 - A nota mínima requirida nunha avaliación para poder facer media é un 4.
 - Se ben ademais, para poder facer a media entre as tres avaliacións, deberá darse en cada unha das tres avaliacións
 - Ningún *exame trimestral* poderá ter unha nota inferior a 2,5.
 - Ningún dos *traballos individuais* poderá ter unha nota inferior a 2,5.
- **Mecanismos de recuperación da avaliación final.**
 - **Alumnado.**

- Aquel alumnado que non teña superado a materia ao rematar as tres avaliacións poderá presentarse a un exame final.
- **A proba.**
 - Realizarase unha proba final que consistirá na realización dun exame escrito.
 - O exame escrito caracterizarase por:
 - Aparecer contidos das tres avaliacións.
 - Contar cos estándares de aprendizaxe xerais, pero incidindo especialmente nos estándares mínimos esixidos.
- **Cualificación final.**
 - O exame escrito puntuarase de 0 a 10.
 - O alumnado deberá obter como mínimo unha puntuación de 5 puntos no exame escrito para poder superar este e, polo tanto, a materia.

5.1.7.4.- AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

- **Alumnado.**
 - Realizará esta proba aquel alumnado que non acadase o aprobado na avaliación final.
- **A proba.**
 - Realizarase unha proba extraordinaria en maio que consistirá na realización dun exame escrito.
 - O exame escrito caracterizarase por:
 - Aparecer contidos das dúas avaliacións.
 - Contar cos estándares de aprendizaxe xerais, pero incidindo especialmente nos estándares mínimos esixidos.
- **Cualificación final.**
 - O exame escrito puntuarase de 0 a 10.
 - O alumnado deberá obter como mínimo unha puntuación de 5 puntos no exame escrito para poder superar este e, polo tanto, a materia.

5.2. CURSO: ESA. Ámbito da comunicación. Módulo 2

5.2.1. OBXECTIVOS

1. Comprende e interpreta textos orais e escritos sinxelos pertencentes aos ámbitos social, educativo e aos medios de comunicación.
2. Analiza e sintetiza o contido de diferentes textos, diferenciando as ideas principais e secundarias.
3. Desenvolve habilidades de escoita activa con actitude de interese, de cooperación e de respecto, participando en debates e diálogos.
4. Desenvolve habilidades e estratexias para falar en público correctamente.
5. Identifica as funcións comunicativas de situacións diversas e recoñece as modalidades básicas.
6. Coñece e aplica as normas ortográficas e de puntuación, identificando o parágrafo como unidade de sentido.

7. Comprende e identifica as diferentes categorías de sílabas e a separación silábica das palabras.
8. Identifica e entende as categorías sintácticas básicas.
9. Valora o plurilingüismo como unha riqueza e as linguas como instrumentos de desenvolvemento, coñecemento e identidade.
10. Coñece as diferentes linguas faladas en España e a relación do galego coa lusofonía.
11. Analiza a situación sociolingüística galega a partir do seu entorno familiar e educativo e valora positivamente o uso do idioma propio.
12. Lee obras literarias de xeito autónomo, identificando os trazos dos grandes xéneros e desenvolvendo instrumentos para valoralas desde un punto de vista artístico.
13. Valora a literatura e a lectura como unha ferramenta persoal e colectiva.

5.2.2. CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Lingua Galega e Literatura. ESA. Comunicación. Módulo 2				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Comunicación oral: Escouitar e falar				
g h i	B1.1. Comprensión, interpretación e resumo de novas de actualidade e de informacións de crónicas, reportaxes e documentais procedentes dos medios de comunicación audiovisual.	B1.1. Comprender e interpretar a intención comunicativa de novas de actualidade e de informacións de crónicas, reportaxes e documentais procedentes dos medios de comunicación audiovisual.	B1.1.1. Comprende e interpreta a intención comunicativa dos textos orais dos medios de comunicación.	CCL CAA CD CSC CCEC
			B1.1.2. Comprende e interpreta a intención comunicativa dos medios de comunicación audiovisual.	
			B1.1.3. Extrae a intención comunicativa das novas de actualidade e de informacións de crónicas, reportaxes e documentais procedentes dos medios de comunicación audiovisual.	
a e g h	B1.2. Participación activa en situacións de comunicación características das diferentes tarefas curriculares, especialmente para a organización e xestión das actividades de aprendizaxe, na busca e achega de información, na petición de aclaracións.	B1.2. Participar activamente en situacións de comunicación características das diferentes tarefas curriculares, especialmente para a organización e xestión das actividades de aprendizaxe, na busca e achega de información, na petición de aclaracións.	B1.2.1. Intervén espontaneamente e expón un punto de vista persoal.	CCL CAA CSC
			B1.2.2. Contesta a preguntas sobre a propia intervención.	
			B1.2.3. Formula preguntas e realiza comentarios pertinentes perante as intervencións doutros interlocutores.	

			B1.2.4. Respecta as intervencións dos demais.	
			B1.2.5. Participa nas conversacións en grupo encamiñadas á expresión, contraste de opinións e toma de decisións.	
c e	B1.3. Valoración da interacción como medio para ir tendo consciencia dos coñecementos e das ideas e para a regulación dos procesos de comprensión e expresión propios de todo proceso de aprendizaxe, tanto en actividades individuais como no traballo cooperativo.	B1.3. Valorar a interacción como medio para ir tendo consciencia dos coñecementos e das ideas e para a regulación dos procesos de comprensión e expresión propios de todo proceso de aprendizaxe, tanto en actividades individuais como no traballo cooperativo.	B1.3.1. Recoñece a interacción como medio fundamental na seu proceso de aprendizaxe.	CCL CAA CSC
a g h	B1.4. Coñecemento das diferentes estratexias comunicativas que axudan ao inicio, ao desenvolvemento e á finalización das interaccións.	B1.4. Coñecer as diferentes estratexias comunicativas que axudan ao inicio, ao desenvolvemento e á finalización das interaccións.	B1.4.1. Usa apropiadamente as fórmulas lingüísticas traballadas en situacións concretas de comunicación: cortesía, acordo, discrepancia.	
			B1.4.2. Usa apropiadamente claves extralingüísticas, axúdase de datos contextuais...	
a g i	B1.5. Identificación e selección das informacións adecuadas ao obxectivo da escoita, cooperación e respecto ante as intervencións dos demais e valoración das diferentes informacións.	B1.5. Identificar e seleccionar as informacións adecuadas ao obxectivo da escoita, cooperación e respecto ante as intervencións dos demais e valoración das diferentes informacións.	B1.5.1. Identifica as informacións e os datos relevantes.	
			B1.5.2. Identifica expresións habituais que evidencien calquera tipo de discriminación.	
a j l	B1.6. Coñecemento dos diversos medios de rexistro de información (táboas, gráficos, esquemas...) no proceso de escoita.	B1.6. Coñecer diversos medios de rexistro da información.	B1.6.1. Coñece e utiliza no proceso de escoita diversos medios de rexistro da información (táboas, gráficos, esquemas...)	CCL CMCCT CAA CSC
a g h	B1.7. Recoñecemento da intencionalidade da persoa emisora a partir dos elementos contextuais explícitos nos textos traballados.	B1.7. Recoñecer diferentes textos segundo a intencionalidade do emisor.	B1.7.1. Recoñece a diferenza entre textos informativos, argumentativos, instrutivos e literarios.	CCL CAA

a g h i l	B1.8. Coñecemento e aplicación de medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e da comunicación como apoio ás súas producións.	B1.8. Coñecer e aplicar diferentes medios audiovisuais e as tecnoloxías da información e da comunicación como apoio ás súas producións.	B1.8.1. Coñece e aplica como apoio nas súas producións orais medios audiovisuais: vídeo, presentacións, programas de audio..	CCL CMCCT CAA
a g h	B1.9. Activación dos coñecementos lingüísticos formais desenvolvidos en calquera lingua para favorecer a comprensión e produción dos textos orais noutras linguas.	B1.9. Activar os coñecementos lingüísticos formais desenvolvidos en calquera lingua para favorecer a comprensión e produción dos textos orais noutras linguas.	B1.9.1. Recoñece as similitudes da aprendizaxe das diferentes linguas.	CCL CAA CSC
	B1.10. Uso consciente dos elementos paraverbais e non verbais na intervención oral planificada.	B1.10. Usar correctamente os elementos paraverbais e non verbais nunha exposición oral.	B1.10.1. Coñece e usa correctamente os elementos paraverbais e non verbais nunha exposición oral.	
a g	B1.11. Interese por expresarse oralmente con pronunciación e entoación adecuadas, respectando as normas que rexen a interacción oral e aplicando as normas sociocomunicativas.	B1.11. Valorar as producións orais emitidas cunha prosodia e fonética correctas, respectando as normas que rexen a interacción oral e aplicando as normas sociocomunicativas.	B1.11.1. Aprecia a emisión dunha pronuncia e prosodia correctas, recoñece os erros nas producións orais propias e alleas e propón solucións de mellora. B1.11.2. Respecta as normas que rexen a interacción oral e aplica as normas sociocomunicativas.	
	B1.12. Actitude positiva e activa respecto á utilización das linguas galega e castelá nos intercambios orais.	B1.12. Valorar positivamente a utilización das linguas galega e castelá en todos os ámbitos lingüísticos.	B1.12.1. Usa con normalidade as linguas galega e castelá en todas situacións.	CCL CAA CSC CCEC

	B1.13. Valoración das normas de cortesía e dos marcadores lingüísticos das relacións sociais como o uso e selección de formas de tratamento, convencións no emprego da palabra e estratexias de interacción.	B1.13. Valorar as normas de cortesía e os marcadores lingüísticos das relacións sociais coma o uso e selección de formas de tratamento, convencións no emprego da palabra e estratexia de interacción.	B1.13.1. Usa as normas de cortesía.	CCL CAA CSC
--	--	--	-------------------------------------	-------------------

a g h	B1.14. Construción de discursos adecuados, cohesionados e coherentes desde o punto de vista comunicativo, sobre temas de interese persoal ou social da vida cotiá e educativa.	B1.14. Producir discursos breves e comprensibles sobre temas da vida cotiá, de interese persoal ou social.	B1.14.1. Participa en conversas informais nas cales intercambia información e expresa a súa opinión, fai invitacións e ofrecementos, e pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas.	CCL CAA CSC
			B1.14.2. Desenvólvese correctamente en situacións da vida cotiá que impliquen solicitar unha información ou un servizo.	
a g	B1.15. Lectura en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa, aos patróns fonéticos da lingua galega e aos signos e puntuación.	B1.15. Ler en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa.	B1.15.1. Le en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa.	CCL CAA

Bloque 2. Comunicación escrita: Ler e escribir

a e g h	B2.1. Comprensión e interpretación de textos descritivos.	B2.1. Comprender e interpretar textos descritivos.	B2.1.1. Comprende e interpreta textos descritivos.	CCL CAA CSC CCEC
			B2.1.2. Identifica, coñece e usa os trazos da linguaxe utilizada nos textos descritivos.	
	B2.2. Comprensión e interpretación de textos xornalísticos. A reportaxe, artigos de opinión, editoriais.	B2.2. Comprender e interpretar textos xornalísticos. A reportaxe, artigos de opinión, editoriais.	B2.2.1. Comprender, interpretar textos xornalísticos (a reportaxe, artigos de opinión, editoriais).	CCL CAA CSC CCEC
			B2.2.2. Identifica, coñece e usa os trazos da linguaxe utilizada de textos xornalísticos: a reportaxe, artigos de opinión, editoriais.	

	B2.3. Comprensión e interpretación de textos dialogados.	B2.3. Comprender e interpretar textos dialogados.	B2.3.1. Comprende e interpreta textos dialogados.	
			B2.3.2. Identifica, coñece e usa os trazos da linguaxe dos textos dialogados.	
			B2.3.3. Identifica, coñece e usa os trazos da linguaxe teatral.	

a e g h	B2.4. Utilización de estratexias para a planificación da escrita de textos sobre temas de interese persoal: buscar e desenvolver ideas, organizalas, realizar unha primeira redacción, corrixir, reelaborar o texto e preparar a redacción definitiva, tanto en papel coma en soporte dixital.	B2.4. Crear textos escritos, en formato papel ou dixital, utilizando as seguintes estratexias: buscar e desenvolver ideas, organizalas, facer unha primeira redacción, corrixir, reelaborar o texto e preparar a redacción definitiva.	B2.4.1. Crea textos escritos, en formato papel ou dixital, utilizando as seguintes estratexias: busca e desenvolve ideas; organiza as ditas ideas e elabora un primeiro borrador.	CCL CMCCT CD CAA CSC
			B2.4.2. Utiliza esquemas ou outros recursos similares para ordenar as ideas e estruturar o contido do texto.	
			B2.4.3. Adecúa o texto ao rexistro coloquial ou formal segundo requira a situación comunicativa.	
			B2.4.4. Utiliza elementos lingüísticos e discursivos esenciais para a cohesión das ideas: conectores textuais básicos, e concordancias dentro do sintagma nominal e do sintagma verbal.	
			B2.4.5. Puntúa o texto en relación coa organización oracional e a forma do texto (os parágrafos e a distribución e organización das ideas expresadas).	CCL CMCCT CD CAA CSC
			B2.4.6. Crea textos escritos, en formato papel ou dixital, utilizando as seguintes estratexias: elabora unha primeira redacción.	
			B2.4.7. Crea textos escritos, en formato papel ou dixital, utilizando as seguintes estratexias: corríxeo (conforme as normas ortográficas, morfosintácticas e tipográficas), reelabora o texto e prepara a redacción definitiva.	

a e i	B2.5. Busca do significado do léxico descoñecido promovendo o uso de dicionarios en papel ou dixitais.	B2.5. Buscar palabras en dicionarios en papel ou dixitais, motores de busca da información...	B2.5.1. Busca palabras (sinónimos, antónimos, fraseoloxía...) en dicionarios en papel ou dixitais.	
	B2.6. Utilización das bibliotecas e das tecnoloxías da información e da comunicación como fonte de información e de modelos para a comprensión escrita.	B2.6. Utilizar de forma guiada a biblioteca escolar e outras bibliotecas e as tecnoloxías da información e da comunicación como fonte de información.	B2.6.1. Utiliza, con progresiva autonomía, o catálogo en liña (OPAC) das bibliotecas.	
a e g h i	B2.7. Producción, en formato papel ou dixital, de textos xornalísticos: a reportaxe, artigos de opinión, editorial.	B2.7. Producir textos xornalísticos, a partir dun modelo, en formato papel ou dixital.	B2.7.1. Produce textos xornalísticos (reportaxe, artigos de opinión) a partir dun modelo, en formato papel ou dixital.	CCL CAA CSC
	B2.8. Producción, en formato papel ou dixital, de textos descritivos.	B2.8. Producir textos descritivos en formato papel ou dixital.	B2.8.1. Produce textos descritivos, en formato papel ou dixital, sobre temas cotiáns, de forma breve e sinxela.	CCEC
	B2.9. Producción, en formato papel ou dixital, de textos dialogados.	B2.9. Producir textos dialogados en formato papel ou dixital.	B2.9.1. Produce textos dialogados en formato papel ou dixital.	
	B2.10. Elaboración dun cómic, logo de comprensión da función e das características dos elementos icónicos.	B2.10. Elaborar un cómic.	B2.10.1. Elaborar un cómic respectando as características propias (elementos icónicos...)	
a e g h l	B2.11 Uso de técnicas de tratamento textual coas tecnoloxías da información e da comunicación (procesadores de texto, dicionarios, correctores...) tanto na planificación como para a revisión e mellora do texto.	B2.11 Usar, con progresiva autonomía, as tecnoloxías da información e da comunicación para planificar, revisar e mellorar o texto.	B2.11.1. O traballo presenta: índice, presentación ou introdución, desenvolvemento, conclusión e bibliografía.	CCL CMCCT CD
			B2.11.2. Usa, con progresiva autonomía, as tecnoloxías da información e da comunicación para planificar, revisar e mellorar o texto.	CAA
a e g	B2.12. Interese pola presentación dos textos escritos tanto en soporte papel como dixital, con respecto ás normas gramaticais, ortográficas e tipográficas utilizadas.	B2.12. Presentar os textos escritos, tanto en formato papel coma en formato dixital, evitando calquera erro gramatical, ortográfico ou tipográfico.	B2.12.1. Presenta os textos escritos, tanto en formato papel coma en formato dixital, evitando calquera erro gramatical, ortográfico ou tipográfico.	CCL CD CAA

h	B2.13. Valoración da escrita como fonte de información e aprendizaxe, como forma de comunicar experiencias, ideas, opinións e coñecementos propios.	B2.13. Valorar a escrita como fonte de coñecemento académico e das experiencias.	B2.13.1. Produce textos nas linguas galega e castelá fóra do ámbito académico.	CCL CAA
		B2.14. Recoñecer a importancia individual e colectiva do dominio do texto escrito.	B2.14.1. Recoñece a importancia individual e colectiva do dominio do texto escrito.	
adghmn	B2.14. Actitude positiva e activa respecto da utilización das linguas galega e castelá nos textos escritos.	B2.15. Valorar a actitude positiva ante a produción escrita nas linguas galega e castelá.	B2.15.1. Valora positivamente a produción escrita nas linguas galega e castelá.	CCL CAA CCEC
agh	B2.15. Uso guiado de estratexias de autoavaliación e autocorrección do proceso de realización e dos resultados das producións orais e escritas.	B2.16. Avaliar o seu proceso de aprendizaxe cunha actitude activa e de mellora.	B2.16.1. Participa, de modo guiado, nas tarefas de revisión e mellora das producións propias.	CCL CAA

Bloque 3. Funcionamento da lingua

agh	B3.1. Observación de diferenzas relevantes, contextuais e formais, entre a comunicación oral e escrita e entre os usos coloquiais e formais, tendo en conta o papel que desenvolven as normas sociocomunicativas e a linguaxe prosódica e a non verbal na comunicación oral.	B3.1. Coñecer as diferentes características da linguaxe oral e escrita.	B3.1.1. Coñece as características da linguaxe oral e escrita.	CCL
		B3.2. Coñecer as diferenzas entre a linguaxe formal e informal.	B3.2.1. Coñece as diferenzas entre a linguaxe formal e informal.	
ademn	B3.2. Coñecemento da fonética e da fonoloxía das linguas galega e castelá, con especial atención ás posibles interferencias.	B3.3. Recoñecer e usar a fonética das linguas galega e castelá.	B3.3.1. Recoñece e pronuncia correctamente os fonemas propios das linguas galega e castelá.	CCL CAA
agh	B3.3. Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas.	B3.4. Aplicar e valorar as normas ortográficas e morfolóxicas.	B3.4.1. Recoñece e usa as regras da acentuación (agudas, graves e esdrúxulas) e do til diacrítico.	CCL CAA
			B3.4.2. Recoñece e aplica as normas de uso do LL e do Y en lingua castelá.	
			B3.4.3. Recoñece e aplica as normas de uso do G e do J en lingua castelá.	

			B3.4.4. Recoñece e aplica as normas de uso do S e do X nas linguas galega e castelá.	
	B3.4. Análise e uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión textual.	B3.5. Analizar e usar correctamente a puntuación de acordo coa cohesión textual.	B3.5.1. Analiza e usa correctamente a puntuación para a cohesión textual.	CCL CAA CD
	B3.5. Uso de correctores ortográficos dos procesadores de texto.	B3.6. Usar, con progresiva autonomía, os correctores ortográficos dos procesadores de texto.	B3.6.1. Usa, con progresiva autonomía, os correctores ortográficos dos procesadores de texto.	
	B3.6. Recoñecemento das categorías gramaticais: pronomes persoais átonos, verbo, preposición, adverbio e conxunción.	B3.7. Recoñecer, explicar e usar con corrección as categorías gramaticais seguintes: pronomes persoais átonos, verbo, preposición, adverbio e conxunción.	B3.7.1. Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais (pronomes persoais átonos, verbo, preposición, adverbio e conxunción) nos textos, utiliza este coñecemento para corrixir erros.	CCL CAA
	B3.7. Comprensión e utilización de estratexias para inducir as regras de concordancia e as funcións sintácticas de suxeito e predicado.	B3.8. Comprender e utilizar estratexias para inducir as regras de concordancia e as funcións sintácticas de suxeito e predicado.	B3.8.1. Coñece as funcións sintácticas do suxeito e predicado, utiliza este coñecemento para corrixir erros.	

b e i h	B3.8. Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos léxicos traballados na aula.	B3.9. Coñecer expresións e vocabulario de uso frecuente, referido a obxectos do contorno inmediato, situacións e actividades cotiás e necesidades básicas.	B3.9.1. Utiliza un vocabulario amplo e preciso para expresarse con claridade nun rexistro axeitado á situación.	CCL CAA
a e i	B3.9. Relacións semánticas. O campo semántico. Familias léxicas.	B3.10. Recoñecer e usar correctamente as relacións de sinonimia, polisemia e antonimia.	B3.10.1. Recoñece e usa correctamente sinónimos, antónimos e palabras polisémicas.	
	B3.10. Comprensión e interpretación dos compoñentes do significado das palabras: denotación e connotación.	B3.11. Comprender o significado das palabras en toda a súa extensión para recoñecer e diferenciar os usos obxectivos dos subxectivos.	B3.11.1. Diferencia os compoñentes denotativos e connotativos no significado das palabras dentro dunha frase ou dun texto oral ou escrito	
n	B3.11. Recoñecemento de que cada lingua ten un funcionamento propio e que non sempre hai un paralelismo entre as diferentes linguas canto á súa ortografía, morfosintaxe e semántica.	B3.12. Recoñecer que cada lingua posúe o seu propio funcionamento e ao mesmo tempo presenta coincidencias coas linguas romances.	B3.12.1. Recoñece o funcionamento propio de cada lingua e, ao mesmo tempo, as coincidencias coas linguas romances.	

e h	B3.12. Recoñecemento, uso e explicación dos nexos e conectores textuais (espaciais, temporais, de oposición e de contraste) e dos principais mecanismos de referencia interna, tanto gramaticais como léxicos.	B3.13. Recoñecer, usar e explicar os nexos e conectores textuais (espaciais, temporais, de oposición e de contraste) e os principais mecanismos de referencia interna, tanto gramaticais como léxicos.	B3.13.1. Recoñecer e usar mecanismos de referencia externa: a deíxe, e de referencia interna: a anáfora, a catáfora e a elipse.	
			B3.13.2. Recoñecer e usar nexos e conectores espaciais, temporais, de oposición e de contraste.	
e f	B3.13. Uso guiado de estratexias de autoavaliación e autocorrección do proceso de realización e dos resultados das producións escritas.	B3.14. Avaliar o seu proceso de aprendizaxe cunha actitude activa e de mellora.	B3.14.1. Acepta positivamente as correccións e valóraas como elemento básico na súa aprendizaxe.	CCL CAA CSC

Bloque 4. Lingua e sociedade

a d m n	B4.1. Coñecemento das orixes históricas da realidade plurilingüe de España e valoración desta realidade como fonte de enriquecemento persoal e como mostra da riqueza do noso patrimonio histórico e cultural.	B4.1. Coñecer a realidade plurilingüe de España, a distribución xeográfica das súas linguas e dos dialectos, as súas orixes históricas e algúns dos seus trazos diferenciais.	B4.1.1. Localiza nun mapa as linguas de España e explica algunha das súas características diferenciais, comparando varios textos; recoñece as súas orixes históricas e describe algúns dos seus trazos diferenciais.	CCL CSC
a b c	B4.2. Diversidade lingüística no mundo, en Europa e na Península Ibérica.	B4.2. Describir a diversidade lingüística no mundo, en Europa e na Península Ibérica.	B4.2.1. Describe a diversidade lingüística no mundo, en Europa e na Península Ibérica.	CCL CSC CCEC

a b c	B4.3. Coñecemento e valoración das variedades da lingua castelá na Península Ibérica.	B4.3. Coñecer e valorar as variedades da lingua castelá na Península Ibérica.	B4.3.1. Coñece a evolución da lingua castelá e as súas variantes dialectais.	CCL CSC CCEC
	B4.4. Coñecemento da situación da lingua castelá en América do Sur.	B4.4. Coñecer a situación da lingua castelá en América do Sur.	B4.4.1. Coñece as orixes históricas da lingua castelá en América e as súas principais áreas xeográficas.	
a e g h	B4.5. Valoración da lingua e da comunicación como o medio para a comprensión doutros mundos e culturas e da propia persoa; para participar na sociedade plural e diversa do século XXI.	B4.5. Valorar a lingua como o grande medio de comprensión e participación da historia colectiva e individual.	B4.5.1. Valora a lingua como o gran medio de comprensión e participación da historia colectiva e individual.	CCL CAA CCEC

Bloque 5. Educación literaria				
a b d g h	B5.1. Lectura regular de obras literarias.	B5.1. Ler con regularidade obras literarias.	B5.1.1. Le con regularidade obras literarias.	CCL CAA CSC CCEC
a b d h	B5.2. Valoración do uso dos elementos propios de cada xénero literario, o punto de vista empregado e o uso estético da linguaxe.	B5.2. Valorar o uso dos elementos propios de cada xénero literario, o punto de vista empregado e o uso estético da linguaxe.	B5.2.1. Describe o uso dos elementos propios de cada xénero literario, o punto de vista empregado e o uso estético da linguaxe nos textos literarios.	CCL CSC CCEC
	B5.3. Lectura expresiva e comprensiva e audición de poemas recitados ou cantados; determinación do tema principal, a estrutura xeral e os principais recursos estilísticos.	B5.3. Ler expresiva e comprensivamente e facer audicións de poemas recitados ou cantados, determinar o tema principal, a estrutura xeral e pór de relevo os principais recursos estilísticos.	B5.3.1. Le expresiva e comprensivamente e fai audicións de poemas recitados ou cantados, determina o tema principal, a estrutura xeral e pon de relevo os principais recursos estilísticos	CCL CAA CSC CCEC
a b d g h	B5.4. Lectura expresiva e comprensiva de textos narrativos breves e localización e descrición dos elementos estruturais e formais máis salientables: punto de vista, tempo, espazo e personaxes principais.	B5.4. Ler expresiva e comprensivamente textos narrativos breves, localizando e describindo os elementos estruturais e formais máis salientables: punto de vista, tempo, espazo e personaxes principais.	B5.4.1. Le expresiva e comprensivamente textos narrativos breves, localiza e describe os elementos estruturais e formais máis salientables: punto de vista, tempo, espazo e personaxes principais.	
	B5.5. Lectura dramatizada e comprensiva, visionado de pezas teatrais e recoñecemento dos compoñentes e procedementos que caracterizan os subxéneros.	B5.5. Ler dramatizada e comprensivamente, visionar pezas teatrais e recoñecer os compoñentes e procedementos que caracterizan os subxéneros.	B5.5.1. Le dramatizada e comprensivamente, visiona pezas teatrais e recoñece os compoñentes e procedementos que caracterizan os subxéneros.	

5.2.3. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Sintetízanse os estándares de aprendizaxe dos 5 bloques de contidos para así poder fixar os mínimos esixíbeis para poder superar a materia.

Nº	Estándares de aprendizaxe Mínimos Esixíbeis
1	B1_ME1. Comprende e interpreta textos dos medios de comunicación audiovisual, distinguíndoos segundo a súa intencionalidade.
2	B1_ME2. Participa activamente en situacións de comunicación interactivas, con axuda das TIC, empregando diferentes estratexias verbais e non verbais así como desenvolvendo e valorando tanto a escoita activa como as normas de cortesía e educación.
3	B1_ME3. Valora positivamente as producións orais en galego e castelán e consegue unha produción prosódica e fonéticamente correcta, así como unha lectura en voz alta axeitada. Relaciona os coñecementos lingüísticos nesas linguas para favorecer a comprensión doutras linguas.
4	B2_ME4. Comprende e interpreta e crea, partindo de modelos e con axuda das TIC, textos de diferente tipoloxía, empregando diferentes estratexias de desenvolvemento dun texto, recorrendo a ferramentas como o dicionario ou a biblioteca e evitando erros gramaticais, ortográficos ou tipográficos.
5	B2_ME5. Valora a escrita como fonte de coñecemento e a importancia do dominio do rexistro escrito, observando e valorando a súa aprendizaxe persoal como un proceso evolutivo.
6	B3_ME6. Coñece e aplica os diferentes rexistros da linguaxe oral e escrita e aplica con corrección as normas ortográficas e morfolóxicas, utilizando as ferramentas TIC, así como unha fonética correcta tanto en galego como en castelán e un

	volcabulario aplo e preciso en relación ao contorno inmediato e as actividades cotiás e necesidades básicas.
7	B3_ME7. Analiza e emprega correctamente a puntuación de acordo coa cohesión textual e utiliza, con progresía autonomía os nexos e conectores textuais.
8	B3_ME8. Explica e utiliza con corrección diferentes categorías gramaticais e emprega estratexias para comprender e usar correctamente as funcións sintácticas de suxeito e predicado, así como as relacións semánticas.
9	B3_ME9. Observa e reflexiona sobre as similitudes entre as linguas romances, empregando os coñecementos para avanzar na comprensión de novas linguas.
10	B4_ME10. Describe e valora a diversidade lingüística no mundo e a realidade plurilingüe de España, valorando tamén as variedades da lingua castelá na Península Ibérica e a súa situación en América do Sur.
11	B5_ME11. Valora a lectura como fonte de pracer e le con regularidade obras literarias, recoñecendo e apreciando o uso estético da linguaxe e utilizando distintos fondos documentais tanto para o seu traballo como para as lecturas de lecer.
12	B5_ME12. Coñece os elementos propios de cada xénero, recoñecendo e analizando os principais trazos que os definen e compara textos pertencentes a diferentes xéneros e subxéneros, producendo valoracións persoais sobre eles.

Así pois cada un dos estándares de aprendizaxe mínimos esixibles relaciónase directamente con diferentes estándares de aprendizaxe da materia.

Lingua Galega e Literatura. ESA Comunicación. Módulo 2	
Estándares de Aprendizaxe	Mínimos esixibles
Bloque 1. Comunicación oral: Escóitar e falar	
● B1.1.1., B1.1.2., B1.1.3., B1.7.1.	● B1_ME1. Comprende e interpreta textos dos medios de comunicación audiovisual, distinguíndoos segundo a súa intencionalidade.
● B1.2.1., B1.2.2., B1.2.3., B1.2.4., B1.2.5., B1.3.1., B1.4.1., B1.4.2., B1.5.1., B1.5.2., B1.6.1., B1.8.1., B1.11.2., B1.13.1., B1.14.1., B1.14.2	● B1_ME2. Participa activamente en situacións de comunicación interactivas, con axuda das TIC, empregando diferentes estratexias verbais e non verbais así como desenvolvendo e valorando tanto a escoita activa como as normas de cortesía e educación.
● B1.9.1., B1.10.1., B1.11.1., B1.12.1., B1.15.1.	● B1_ME3. Valora positivamente as producións orais en galego e castelán e consegue unha produción prosódica e fonéticamente correcta, así como unha lectura en voz alta axeitada. Relaciona os coñecementos lingüísticos nesas linguas para favorecer a comprensión doutras linguas.
Bloque 2. Comunicación escrita: Ler e escribir	
● B2.1.1., B2.1.2., B2.2.1., B2.2.2., B2.3.1., B2.3.2., B2.3.3., B2.4.1., B2.4.2., B2.4.3., B2.4.4., B2.4.5., B2.4.6., B2.4.7., B2.5.1., B2.6.1., B2.7.1., B2.8.1., B2.9.1., B2.10.1., B2.11.1., B2.11.2., B2.12.1.,	● B2_ME4. Comprende e interpreta e crea, partindo de modelos e con axuda das TIC, textos de diferente tipoloxía, empregando diferentes estratexias de desenvolvemento dun texto, recorrendo a ferramentas como o dicionario ou a biblioteca e evitando erros gramaticais, ortográficos ou tipográficos.
● B2.13.1., B2.14.1., B2.15.1., B2.16.1.	● B2_ME5. Valora a escrita como fonte de coñecemento e a importancia do dominio do rexistro escrito, observando e valorando a súa aprendizaxe persoal como un proceso evolutivo.
Bloque 3. Funcionamento da lingua	
● B3.1.1., B3.2.1., B3.3.1., B3.4.1., B3.4.2., B3.4.3., B3.4.4., B3.9.1., B3.13.1.	● B3_ME6. Coñece e aplica os diferentes rexistros da linguaxe oral e escrita e aplica con corrección as normas ortográficas e morfolóxicas, utilizando as ferramentas TIC, así como unha fonética correcta tanto en galego como en castelán e un volcabulario aplo e preciso en relación ao contorno inmediato e as actividades cotiás e necesidades básicas.
● B3.5.1., B3.6.1.,	● B3_ME7. Analiza e emprega correctamente a puntuación de acordo coa cohesión textual e utiliza, con progresía autonomía os nexos e conectores textuais.
● B3.7.1., B3.8.1., B3.10.1., B3.11.1.,	● B3_ME8. Explica e utiliza con corrección diferentes categorías gramaticais e emprega estratexias para comprender e usar correctamente as funcións sintácticas de suxeito e predicado, así como as relacións semánticas.

● B3.12.1., B3.14.1.	● B3_ME9. Observa e reflexiona sobre as similitudes entre as linguas romances, empregando os coñecementos para avanzar na comprensión de novas linguas.
Bloque 4. Lingua e sociedade	
● B4.1.1., B4.2.1., B4.3.1., B4.4.1., B4.5.1.	● B4_ME10. Describe e valora a diversidade lingüística no mundo e a realidade plurilingüe de España, valorando tamén as variedades da lingua castelá na Península Ibérica e a súa situación en América do Sur.
Bloque 5. Educación literaria	
● B5.1.1.,	● B5_ME11. Valora a lectura como fonte de pracer e le con regularidade obras literarias, recoñecendo e apreciando o uso estético da linguaxe e utilizando distintos fondos documentais tanto para o seu traballo como para as lecturas de lecer.
● B5.2.1., B5.3.1., B5.4.1., B5.5.1.	● B5_ME12. Coñece os elementos propios de cada xénero, recoñecendo e analizando os principais trazos que os definen e compara textos pertencentes a diferentes xéneros e subxéneros, producendo valoracións persoais sobre eles.

5.2.3.1. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE COS PERFÍS COMPETENCIAIS

Fixada a relación entre os estándares de aprendizaxe da materia e os estándares mínimos esixíbeis, pasan a poñerse en relación coas competencias clave:

Nº	Estándares de aprendizaxe Mínimos Esixíbeis	Competencias Clave
1	B1_ME1. Comprende e interpreta textos dos medios de comunicación audiovisual, distinguíndoos segundo a súa intencionalidade.	● CCL
2	B1_ME2. Participa activamente en situacións de comunicación interactivas, con axuda das TIC, empregando diferentes estratexias verbais e non verbais así como desenvolvendo e valorando tanto a escoita activa como as normas de cortesía e educación.	● CCL ● CD ● CSC
3	B1_ME3. Valora positivamente as producións orais en galego e castelán e consegue unha produción prosódica e fonéticamente correcta, así como unha lectura en voz alta axeitada. Relaciona os coñecementos lingüísticos nesas linguas para favorecer a comprensión doutras linguas.	● CCL ● CSC
4	B2_ME4. Comprende e interpreta e crea, partindo de modelos e con axuda das TIC, textos de diferente tipoloxía, empregando diferentes estratexias de desenvolvemento dun texto, recorrendo a ferramentas como o dicionario ou a biblioteca e evitando erros gramaticais, ortográficos ou tipográficos.	● CCL ● CD ● CAA ● CSIEE
5	B2_ME5. Valora a escrita como fonte de coñecemento e a importancia do dominio do rexistro escrito, observando e valorando a súa aprendizaxe persoal como un proceso evolutivo.	● CCL ● CAA
6	B3_ME6. Coñece e aplica os diferentes rexistros da linguaxe oral e escrita e aplica con corrección as normas ortográficas e morfolóxicas, utilizando as ferramentas TIC, así como unha fonética correcta tanto en galego como en castelán e un vocabulario aplo e preciso en relación ao contorno inmediato e as actividades cotiás e necesidades básicas.	● CCL ● CD ● CSC
7	B3_ME7. Analiza e emprega correctamente a puntuación de acordo coa cohesión textual e utiliza, con progresiva autonomía os nexos e conectores textuais.	● CCL
8	B3_ME8. Explica e utiliza con corrección diferentes categorías gramaticais e emprega estratexias para comprender e usar correctamente as funcións sintácticas de suxeito e predicado, así como as relacións semánticas.	● CCL ● CMCCT
9	B3_ME9. Observa e reflexiona sobre as similitudes entre as linguas romances, empregando os coñecementos para avanzar na comprensión de novas linguas.	● CCL ● CCEC
10	B4_ME10. Describe e valora a diversidade lingüística no mundo e a realidade plurilingüe de España, valorando tamén as variedades da lingua castelá na Península Ibérica e a súa situación en América do Sur.	● CCL ● CSC ● CCEC
11	B5_ME11. Valora a lectura como fonte de pracer e le con regularidade obras literarias, recoñecendo e apreciando o uso estético da linguaxe e utilizando distintos fondos documentais tanto para o seu traballo como para as lecturas de lecer.	● CCL ● CCEC
12	B5_ME12. Coñece os elementos propios de cada xénero, recoñecendo e analizando os principais trazos que os definen e compara textos pertencentes a diferentes xéneros e subxéneros,	● CCL ● CCEC

producendo valoracións persoais sobre eles.

5.2.3.2. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE COS PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Nº	Estándares de aprendizaxe Mínimos Esixíbeis	Procedementos de avaliación	Instrumentos de avaliación
1	● B1_ME1. Comprende e interpreta textos dos medios de comunicación audiovisual, distinguíndoos segundo a súa intencionalidade.	cT, Esq, F	AvA, AvC, OA, TI
2	● B1_ME2. Participa activamente en situacións de comunicación interactivas, con axuda das TIC, empregando diferentes estratexias verbais e non verbais así como desenvolvendo e valorando tanto a escoita activa como as normas de cortesía e educación.	D, Ep, Inf, Inv, TIC, Tx	AvA, AvC, OA, PO, TI, R
3	● B1_ME3. Valora positivamente as producións orais en galego e castelán e consegue unha produción prosódica e fonéticamente correcta, así como unha lectura en voz alta axeitada. Relaciona os coñecementos lingüísticos nesas linguas para favorecer a comprensión doutras linguas.	D, F	OA
4	● B2_ME4. Comprende e interpreta e crea, partindo de modelos e con axuda das TIC, textos de diferente tipoloxía, empregando diferentes estratexias de desenvolvemento dun texto, recorrendo a ferramentas como o dicionario ou a biblioteca e evitando erros gramaticais, ortográficos ou tipográficos.	Cr, Ct, Esq, F, TIC, Tx	OA, PE, TI
5	● B2_ME5. Valora a escrita como fonte de coñecemento e a importancia do dominio do rexistro escrito, observando e valorando a súa aprendizaxe persoal como un proceso evolutivo.	D, Av	AvA, OA
6	B3_ME6. Coñece e aplica os diferentes rexistros da linguaxe oral e escrita e aplica con corrección as normas ortográficas e morfolóxicas, utilizando as ferramentas TIC, así como unha fonética correcta tanto en galego como en castelán e un vocabulario aplo e preciso en relación ao contorno inmediato e as actividades cotiás e necesidades básicas.	AV, Esq, TIC, Tx	AvA, AvC, OA, PE, TI
7	B3_ME7. Analiza e emprega correctamente a puntuación de acordo coa cohesión textual e utiliza, con progresía autonomía os nexos e conectores textuais.	F, Tx	PE, TI
8	B3_ME8. Explica e utiliza con corrección diferentes categorías gramaticais e emprega estratexias para comprender e usar correctamente as funcións sintácticas de suxeito e predicado, así como as relacións semánticas.	Esq, F, TIC, Tx	OA, PE, TI
9	B3_ME9. Observa e reflexiona sobre as similitudes entre as linguas romances, empregando os coñecementos para avanzar na comprensión de novas linguas.	Ct, F	OA, TI
10	B4_ME10. Describe e valora a diversidade lingüística no mundo e a realidade plurilingüe de España, valorando tamén as variedades da lingua castelá na Península Ibérica e a súa situación en América do Sur.	Ct, D, Esq, Inf, Inv, TIC, Tx	OA, PE, TG, TI
11	B5_ME11. Valora a lectura como fonte de pracer e le con regularidade obras literarias, recoñecendo e apreciando o uso estético da linguaxe e utilizando distintos fondos documentais tanto para o seu traballo como para as lecturas de lecer.	Ct, Esq, L, F	TI
12	B5_ME12. Coñece os elementos propios de cada xénero, recoñecendo e analizando os principais trazos que os definen e compara textos pertencentes a diferentes xéneros e subxéneros, producendo valoracións persoais sobre eles.	Ct, Esq, L, F	OA, PE
Procedementos de Avaliación		Instrumentos de Avaliación	
Av: Actividade avaliativa: Autoavaliación ou Coavaliación. Ct: Análise e comentario de texto. Cr: Construción creativa de materiais, textos... D: Participación en debates. Ep: Exposición pública. Esq: Tratamento da información a través de esquemas, resumos,		AvA: Autoavaliación AvC: Coavaliación OA: Observación Aula. PE: Proba Escrita (Exame). PO: Proba Oral (Exposición pública). PR: Proxecto.	

<p>cadros, resumos...</p> <p>F: Fichas, Cuestionarios...</p> <p>Inf: Procura, xestión e selección de información na rede, en bibliotecas...</p> <p>Inv: Desenvolvemento de traballos de investigación.</p> <p>L: Lectura.</p> <p>Pr: Realización dun proxecto.</p> <p>Pt: Realización dun Portfolio.</p> <p>TIC: Emprego das Tecnoloxías da Información e a Comunicación.</p> <p>Tx: Elaboración e produción de textos.</p>	<p>TG: Traballo en Grupo (Portfolio).</p> <p>TI: Traballo Individual (Cuestionarios, Fichas, Comentarios de textos, Análise...).</p> <p>R: Rúbrica</p>
---	---

5.2.4.- SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

Ambito da Comunicación. ESA. Módulo 2					
1º Avaliación					
U	T	Título	Contidos	Est. Ap. Mínimos Esixíbeis	Tempora- lización
5	2	Gramática da lingua	<ul style="list-style-type: none"> ● B3.1. Coñecemento, aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas das linguas galega e castelá. ● B3.2. Análise e uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión sintáctica e textual. ● B3.3. Análise e uso reflexivo da acentuación, especialmente a diacrítica. ● B3.4. Recoñecemento e identificación das categorías gramaticais. ● B3.5. Recoñecemento da estrutura de substantivos, adxectivos e verbos e da súa caracterización morfolóxica para a mellora da comprensión e produción textuais. ● B3.6. Coñecemento, tipoloxía e caracterización dos determinantes. ● B3.7. Coñecemento, caracterización e tipoloxía dos pronomes. ● B3.8. Coñecemento, caracterización e tipoloxía do adverbio e das locucións adverbiais. ● B3.9. Recoñecemento, observación, uso e explicación dos diferentes conectores textuais. 	<ul style="list-style-type: none"> ● B3_ME8 Aplica as normas ortográficas e morfolóxicas das linguas galega e castelá, así como unha correcta puntuación e acentuación. ● B3_ME9 Recoñece e identifica os trazos característicos das categorías gramaticais e aplica os coñecementos nos seus propios textos, así como un diverso tipo de conectores textuais. ● B3_ME10 Coñece e explica as relacións semánticas básicas e empregar un vocabulario amplo e preciso grazas á sinonimia. 	19/10/2020 016/11/2020

Ámbito da Comunicación. ESA. Módulo 3					
2º Avaluación					
U	T	Título	Contidos	Est. Ap. Mínimos Esixíbeis	Tempora- lización
6	3	Comunicación escrita	<ul style="list-style-type: none"> ● B2.1. Comparación de textos literarios e non literarios e diferenciación de textos dos tres grandes xéneros a partir dos seus trazos característicos máis xerais. ● B2.2. Análise de textos literarios, identificación dos trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos. ● B2.3. Comprensión, interpretación e valoración de textos expositivos e argumentativos. ● B2.4. Produción de textos expositivos e argumentativos a partir da información obtida na biblioteca ou outras fontes de documentación. ● B2.5. Descrición e caracterización dos trazos definitorios básicos da linguaxe cinematográfica. ● B2.6. Uso dos recursos que ofrecen as bibliotecas e as tecnoloxías da información e da comunicación para obter, organizar e seleccionar a información. ● B2.7. Actitude reflexiva e crítica ante a lectura de calquera tipo de texto para detectar prexuízos e discriminacións. ● B2.8 Planificación, produción e revisión do texto con adecuación, coherencia, cohesión e respecto polas normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas ● B2.9. Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación para organizar os contidos, mellorar a presentación e corrigir erros. 	<ul style="list-style-type: none"> ● B2_ME4 Identifica os trazos característicos dos principais xéneros literarios, así como as características dos principais subxéneros e recusos retóricos. ● B2_ME5 Comprende, interpreta, valora e crea textos escritos expositivos e argumentativos, desenvolvendo a lectura crítica diante de discursos que promovan prexuízos e discriminacións. ● B2_ME6 Identifica, describe e caracteriza os principais trazos da linguaxe cinematográfica. ● B2_ME7 Planifica, produce e revisa textos con adecuación, coherencia e cohesión e respectando as normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas, utilizando para tal fin as TIC e outros recursos bibliográficos. 	18/11/2020 4/12/2020
7	4	Educación literaria	<ul style="list-style-type: none"> ● B5.1. Identificación e comprensión das distintas épocas e períodos das literaturas en galego e en castelán desde as súas orixes ata o século XX. ● B5.2. Selección, lectura autónoma e comentario de textos representativos das literaturas en galego e en castelán desde a Idade Media ata o século XX. ● B5.3. Lecturas expresivas e comprensivas, audicións e lecturas dramatizadas de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos das literaturas en galego e encastelán desde a Idade Media ata o século XX. ● B5.4. Elaboración de traballos individuais e/ou en grupo, nos cales se describan e analicen textos literarios representativos das literaturas en galego e en castelán desde a Idade Media ata o século XX. ● B5.5. Consulta de fontes de información e familiarización coas tecnoloxías da información e da comunicación para a realización de traballos e cita axeitada destas. ● B5.6. Creación ou recreación de textos de 	<ul style="list-style-type: none"> ● B5_ME13 Identifica e comprende as diferentes etapas e períodos das literaturas en galego e castelán desde as súas orixes ata o século XX, lendo e comentando textos representativos de cada época coa axuda das TIC e outras fontes de información e chegando a recrear textos sinxelos de carácter artístico partindo dos exemplos vistos en clase. 	9/12/2020 22/01/2021

			intención literaria partindo das características dos textos traballados na aula.		
--	--	--	--	--	--

5.3.5.- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

A metodoloxía que se empregará durante o curso na materia estará baseada en diversos principios metodolóxicos.

- **Rol proactivo e autónomo do alumnado.** O alumnado desenvolverá un papel activo e participativo que busque solucións aos problemas, retos e conflitos aos que se enfrente, dun xeito creativo, resiliente e efectivo. Ademais facilitarase que o alumnado sexa quen protagonice o seu proceso de aprendizaxe facilitando procesos nos que se sinta responsable (autoavaliación, debate, proposición...).
- **Rol facilitador do profesorado.** O profesorado terá un papel de guía e catalizador que achegue ao alumnado cara aos novos coñecementos. Potenciarase así o rol activo do alumnado que será quen se informará, se documentará e formulará as dúbidas que teña ao/á profesor/a.
- **Aprendizaxe significativa.** Buscarase partir sempre dos coñecementos previos do alumnado para poder asociar a nova información que vai adquirir coa que xa posúe, facilitando así a reconstrución e axuste das informacións entre si no neste proceso.
- **Competencias clave.** Prestarase especial atención ao desenvolvemento e adquisición das competencias por parte do alumnado. Así pois as competencias estarán presentes ao longo de todo o curso, a través de actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.
- **Personalización da aprendizaxe.** O proceso de aprendizaxe busca axustarse ás fortalezas, necesidades, habilidades e intereses de cada estudante. Preténdese que cada estudante constrúa progresivamente o seu propio camiño baseándose e potenciando o que sabe, así como cales son as vías a través das que aprende mellor.
- **Atención á diversidade.** Tendo en conta a diversidade habitual nas aulas, aplicaranse medidas de atención precisas para aquel alumnado con NEAE (Necesidades Específicas de Apoio Educativo) traballando en coordinación con PT e orientación. Para iso artellaranse Adaptacións Curriculares, adaptación de exames, de tempos... Atendendo aos protocolos establecidos pola Consellería.

5.3.6.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

- **Temario**
 - O/A profesor/a entregará apuntamentos ao alumnado que conterán o contido teórico que se desenvolverá ao longo do curso. Os apuntamentos de referencia serán as unidades didácticas editadas pola Consellería de Educación no seu portal web: <http://www.edu.xunta.gal/portal/node/23204>
- **Material de apoio.**
 - Ademais o/a profesor/a poderá contar con material de todo tipo que complemente o proceso de aprendizaxe do alumnado (audiovisuais, mapas, textos de apoio, imaxes...).

- **TIC.**

- As novas tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) serán un elemento activo durante o proceso de aprendizaxe.

Usarase desde o principio o curso a aula virtual para que o alumnado poida seguir en todo momento o que se traballe na aula, así tamén se poderá poñer ao día o alumnado que falte por motivos de saúde. Os primeiros días de clase identificarase o alumnado con problemas de conexión ou sen recursos TIC para comunicalo ao equipo COVID.

Para aquel alumnado con dificultades que derivan da fenda dixital traballarase nos primeiros días a competencia dixital, aínda que despois de detectar cal é o motivo desta, terá que procurarse un apoio por parte do centro ou da Consellería para evitalo, como aparece recollido no Protocolo do 16/09/2020.

5.3.7.- CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, A CUALIFICACIÓN E A PROMOCIÓN DO ALUMNADO

5.3.7.1.- AVALIACIÓN INICIAL

Dedicaranse as primeiras sesión do curso a realizar a avaliación inicial, que permitirá comprobar o nivel de cada grupo para organizar e axustar o currículo axeitándose ás súas características. Tamén se informará ao alumnado sobre a dinámica da aprendizaxe, os criterios de avaliación e cualificación e as actividades propostas para cada trimestre.

Despois das primeiras clases o/a profesor/a decidirá os procedementos que utilizará para avaliar o alumnado. De escoller unha proba escrita, poderá utilizar unha similar ás que se realicen nas avaliacións ordinarias ou na extraordinaria do curso anterior, o que lle permitirá comprobar o grao de coñecementos cos que o alumnado inicia o curso.

5.3.7.2.- AVALIACIÓN FORMATIVA

A avaliación formativa que se desenvolva na materia será sumativa, procesual e continua. Esta avaliación conformarana todas as actividades levadas ao cabo durante cada período avaliatorio. A avaliación formativa realizarase durante todo o curso recollendo constantemente información sobre a evolución do alumnado.

5.3.7.2.1. OS CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os criterios de avaliación aparecen recollidos no punto 2 desta programación, onde se presentan organizados xunto cos contidos curriculares, os estándares de aprendizaxe e as competencias clave. Malia a isto para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial o departamento tomará as medidas oportunas nestas circunstancias, seguindo as instrucións que presente a Consellería.

5.3.7.2.2. A CUALIFICACIÓN

- **Pautas xerais de cualificación.**

- O alumnado deberá obter unha cualificación de 5 puntos para obter un aprobado na avaliación.
- A cualificación de cada avaliación farase de 0 a 10.
- A nota xeral do ámbito da Comunicación estará composta nun 70% da nota da materia referida a esta programación (lingua galega e castelá) e nun 30% da nota referida á lingua estranxeira, sendo que é preciso un mínimo dun 3 en cada unha delas para aprobar.

- As actividades terán dous tipos de sistemas de puntuación:

- **Actividades con rúbrica:** Puntuaranse de 1 a 4.

- Se ben a puntuación das actividades con rúbrica transformarán a súa puntuación pola súa equivalencia no sistema de 0 a 10, para permitir un sistema de cualificación coherente. As equivalencias que se seguirán son as que se marcan na seguinte táboa.

A. Con Rúbrica	1	1,3	1,7	2	2,3	2,7	3	3,3	3,7	4
	-	6	1	-	6	1	-	6	1	
	1,3	-	-	2,3	-	-	3,3	-	-	
	5	1,7	1,9	5	2,7	2,9	5	3,7	3,9	
			9			9			9	
A. Sen Rúbrica	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10

- As actividades con rúbrica terán puntuación “0” se non se realizan.

- **Actividades sen rúbrica:** Puntuarase de 0 a 10.

- **Cálculo da nota da avaliación.** A cualificación de cada avaliación farase valorando os seguintes aspectos:

- O alumnado realizará, como mínimo, dúas probas escrita por avaliación. Ademais deses exames previstos, o profesor poderá propoñer outras probas (individuais, de autoavaliación, coavaliación...) sempre que o estime conveniente para que o alumnado asimile aspectos da materia que sexan máis dificultosos. Valorarase, para a cualificación global:

- 70% Probas escritas
- 30% Traballo diario (participación, traballos escritos, etc.)

- A nota final en cada avaliación no Ámbito da Comunicación contará nun 70% por parte dos eidos relacionados co galego e o castelán, e un 30% por parte dos eidos relacionados coa lingua inglesa.
- O alumnado que, ao finalizar a segunda avaliación, non obteña un aprobado, poderá realizar un exame de recuperación da avaliación que teñan suspensa. De suspender este exame, deberán presentarse ao exame final.
- As competencias clave avaliaranse seguindo as pautas de relación que se establecen entre as competencias, os contidos, os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe que se presentan no anexo I da Orde do 20 de Marzo de 2018.
- En canto aos traballos e exercicios recollidos polo profesor, de estar suspensos, o alumnado poderá repetilos, pero nese caso a nota non será maior do aprobado.
- Nos exames e traballos escritos terase en conta a presentación, a orde e a limpeza, así como a ortografía.

- **Media e nota mínima.** A nota mínima requirida nos *exames trimestrais*, nos *traballos cooperativos* e nos *traballos individuais* para facer media é un 3, tanto dentro de cada eido como entre eles. A media entre estes tres bloques de instrumentos de avaliación deberá sumar como mínimo 5 puntos para que a materia se considere aprobada.
- **Erros.** A ilexibilidade dun exame, traballo, proxecto ou calquera outro tipo de material por parte do alumnado poderá implicar a non corrección do mesmo por parte do profesorado.
- **Medios fraudulentos.** O uso de calquera tipo de medio fraudulento na realización de probas, actividades e exames (traballos copiados, chuletas...) implicará a obtención automática dun cero (0) como cualificación na proba, actividade e exame referido.

5.3.7.3.- AVALIACIÓN FINAL

5.3.7.3.1. OS CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os **criterios de avaliación** aparecen recollidos no punto 2 da presente programación, onde aparecen organizados xunto cos contidos curriculares, os estándares de aprendizaxes e as competencias clave.

Na cualificación final influirán o grao de asimilación de contidos e dos estándares de aprendizaxe por parte do alumnado así como o grao de desenvolvemento das competencias clave (criterio este básico e fundamental); o seu comportamento xeral; a actitude de traballo, interese e respecto amosada na clase durante todo o curso; a súa asistencia regular ás aulas e, finalmente, o traballo realizado.

5.3.7.3.2. A CUALIFICACIÓN

- **Pautas xerais de cualificación.**
 - O alumnado deberá obter unha cualificación de como mínimo 5 puntos na nota final para obter un aprobado e, polo tanto, superar a materia.
 - A cualificación da avaliación final farase de 0 a 10.
 - A nota final obterase da realización da media entre as notas obtidas nas dúas avaliacións do curso.
- **Cálculo da nota final.** A cualificación final acadarase a través da nota media obtida entre cada unha das notas obtidas nas avaliacións.
- **Media e nota mínima.**
 - A nota mínima requirida nunha avaliación para poder facer media é un 4.
 - Se ben ademais, para poder facer a media entre as tres avaliacións, deberá darse en cada unha das tres avaliacións
 - Ningún *exame trimestral* poderá ter unha nota inferior a 2,5.
 - Ningún dos *traballos individuais* poderá ter unha nota inferior a 2,5.
- **Mecanismos de recuperación da avaliación final.**
 - **Alumnado.**
 - Aquel alumnado que non teña superado a materia ao rematar as tres avaliacións poderá presentarse a un exame final.
 - **A proba.**
 - Realízase unha proba final que consistirá na realización dun exame escrito.
 - O exame escrito caracterizarase por:

- Aparecer contidos das tres avaliacións.
- Contar cos estándares de aprendizaxe xerais, pero incidindo especialmente nos estándares mínimos esixidos.
- **Cualificación final.**
 - O exame escrito puntuarase de 0 a 10.
 - O alumnado deberá obter como mínimo unha puntuación de 5 puntos no exame escrito para poder superar este e, polo tanto, a materia.

5.3.7.4.- AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

- **Alumnado.**
 - Realizará esta proba aquel alumnado que non acadase o aprobado na avaliación final.
- **A proba.**
 - Realizárase unha proba extraordinaria en maio que consistirá na realización dun exame escrito.
 - O exame escrito caracterizarase por:
 - Aparecer contidos das dúas avaliacións.
 - Contar cos estándares de aprendizaxe xerais, pero incidindo especialmente nos estándares mínimos esixidos.
- **Cualificación final.**
 - O exame escrito puntuarase de 0 a 10.
 - O alumnado deberá obter como mínimo unha puntuación de 5 puntos no exame escrito para poder superar este e, polo tanto, a materia.

5.4. CURSO: ESA. Ámbito da comunicación. Módulo 4

5.4.1. OBXECTIVOS

1. Comprende e interpreta textos orais expositivos e argumentativos no ámbito académico.
2. Interpreta a información e identifica a intención comunicativa de textos propios dos medios de comunicación.
3. Coñece, usa e valora a claridade expositiva e a adecuación, coherencia e cohesión en intervencións orais tanto espontáneas como planificadas.
4. Desenvolve estratexias para a comprensión e a lectura crítica de textos, en especial dos xornalísticos de opinión e os publicitarios.
5. Comprende, interpreta e crea textos pertencentes ao ámbito laboral, administrativo, xurídico e comercial, así como textos de opinión.
6. Identifica e rexeita os textos que conteñan prexuízos ou mensaxes discriminatorias.
7. Desenvolve estratexias para crear textos adecuados, coherentes e cohesionados.
8. Coñece un léxico amplo e unha fraseoloxía diversa.
9. Coñece e aplica as normas ortográficas e morfolóxicas, así como unha puntuación correcta e unha cantidade de nexos variada.

10. Valora as linguas como medios de relación e sinais de identidade, valorando o plurilingüismo.
11. Coñece a evolución da lingua galega desde 1916.
12. Recoñece e valora os elementos do proceso normalizador e identifica prexuízos lingüísticos.
13. Recoñece e valora as principais variedades da lingua galega.
14. Identifica e comprende os períodos e etapas das literaturas galega e española dos séculos XX e XXI.
15. Le e comenta de xeito autónomo textos pertencentes ás literaturas galega e española dos séculos XX e XXI.

5.4.2. CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Comunicación oral: Escotar e falar				
deh	B1.1. Comprensión e interpretación de textos propios dos medios de comunicación: a información e a opinión.	B1.1. Identificar a intención comunicativa implícita e explícita, o tema, a idea principal e as secundarias, a tese e os argumentos de textos propios dos medios de comunicación.	B1.1.1. Comprende o sentido global de textos orais dos medios de comunicación audiovisuais, identifica o propósito, a tese e os argumentos de noticias, debates ou declaracións, determina o tema e recoñece a intención comunicativa do falante.	CCL
			B1.1.2. Analiza criticamente tanto a forma como o contido de noticias e debates procedentes dos medios de comunicación e recoñece a validez dos argumentos.	CCL CAA
	B1.2. Comprensión e interpretación de textos orais expositivos e argumentativos do ámbito educativo e de natureza diversa presentacións, relatorios e intervencións en mesas redondas).	B1.2. Comprender e interpretar textos orais expositivos e argumentativos utilizados no ámbito educativo (presentacións, relatorios e intervencións en mesas redondas).	B1.2.1. Identifica a intención comunicativa, a tese e os argumentos dos debates, relatorios e mesas redondas do ámbito educativo e elabora un esquema ou resumo.	CCL
			B1.2.2. Recoñece os procedementos lingüísticos para manifestarse a prol ou en contra dunha opinión ou posición.	CCL CSC
acdh	B1.3. Desenvolvemento de habilidades de escoita activa, cunha actitude de interese, de cooperación e de respecto, identificando prexuízos e mensaxes discriminatorias.	B1.3. Coñecer, usar e valorar a adecuación, a coherencia, a cohesión e a claridade expositiva, así como as normas de cortesía nas intervencións orais propias da actividade educativa, tanto espontáneas como planificadas.	B1.3.1. Identifica os recursos que proporcionan adecuación, coherencia e cohesión ao discurso.	CCL
			B1.3.2. Coñece e aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral e respecta as opinións alleas.	CCL CSC

			B1.3.3. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal adecuada (mirada e posición do corpo), así como o autocontrol das emocións ao falar en público.	CCL CSC CSIEE
h o	B1.4. Produción de discursos orais, en intervencións espontáneas e planificadas con apoio das tecnoloxías da información e da comunicación, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	B1.4. Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	B1.4.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	CCL CSC
b h	B1.5. Aplicación dos coñecementos gramaticais á avaliación e mellora da expresión oral e recoñecemento en exposicións orais propias e alleas das dificultades expresivas.	B1.5. Aplicar os coñecementos gramaticais á avaliación e mellora da expresión oral e recoñecer en exposicións orais propias e alleas as dificultades expresivas.	B1.5.1. Recoñece erros (incoherencias, repeticións, ambigüidades, pobreza léxica, erros de fonética e entoación inadecuada) nos discursos propios e alleos para evitalos nas súas producións.	CCL CCA
h o	B1.6. Valoración da lingua oral como un instrumento de aprendizaxe e de relación social.	B1.6. Valorar a lingua oral como un instrumento útil na aprendizaxe e nas relacións sociais.	B1.6.1. Identifica e describe os valores da lingua oral como un instrumento útil na aprendizaxe, así como para relacionarse cos demais e enriquecerse como persoa.	CCL CSC CCA CSIEE

Bloque 2. Comunicación escrita: Ler e escribir

b f h	B2.1. Uso de técnicas e estratexias que facilitan a lectura comprensiva e crítica de textos.	B2.1. Empregar estratexias e técnicas que faciliten a lectura comprensiva e crítica dos textos.	B2.1.1. Emprega pautas e estratexias que facilitan a análise do contido (resumos, cadros, esquemas e mapas conceptuais)	CCL CCA
			B2.1.2. Aplica os coñecementos lingüísticos propios (gramaticais e léxicos) e recursos alleos (dicionarios e outras fontes de documentación) para solucionar problemas de comprensión.	CCL
			B2.1.3. Elabora o esquema xerarquizado de ideas dun texto.	
			B2.1.4. Deduce información global do texto a partir de contidos explícitos e implícitos.	
			B2.1.5. Entende o significado de palabras propias do rexistro culto e incorpórasas ao seu discurso.	CCL CAA

d e h d	B2.2. Comprensión e interpretación de textos propios da vida cotiá relacionados co ámbito laboral, administrativo, xurídico e comercial.	B2.2. Comprender e interpretar textos escritos propios da vida cotiá pertencentes ao ámbito laboral, administrativo, xurídico e comercial.	B2.2.1. Identifica a intención comunicativa, o tema e os subtemas de escritos propios da vida cotiá relacionados co ámbito laboral, administrativo e comercial.	CCL
			B2.2.2. Comprende, interpreta e valora textos propios da vida cotiá pertencentes a distintos ámbitos: currículo, carta de presentación, solicitude ou instancia, carta de reclamación.	CCL CSC
	B2.3. Comprensión e interpretación de textos relacionados co ámbito educativo, tanto materiais de consulta (dicionarios, glosarios, enciclopedias etc.), como libros de texto e recursos de temas especializados na interna.	B2.3. Comprender e interpretar textos relacionados co ámbito educativo tanto materiais de consulta (dicionarios, glosarios, enciclopedias etc.), como libros de texto e recursos de temas especializados na internet.	B2.3.1. Comprende textos relacionados co ámbito educativo, tanto materiais de consulta (dicionarios, glosarios, enciclopedias etc.), como libros de texto e recursos de temas especializados en internet.	CCL CD
			B2.3.2. Interpreta a información de mapas, gráficas, diagramas.	CCL
B2.4. Comprensión e interpretación de textos xornalísticos de opinión: carta ao director, editorial, columna e artigo de opinión.	B2.4. Comprende e interpreta textos xornalísticos de opinión: carta ao director, editorial, columna e artigo de opinión.	B2.4.1. Diferencia os trazos característicos dos textos xornalísticos de opinión: carta ao director, editorial, columna e artigo de opinión.	CCL CSC	
		B2.4.2. Valora a intención comunicativa dun texto xornalístico e distingue entre información, opinión e persuasión.		
b e h d	B2.5. Comprensión e interpretación das mensaxes explícitas e implícitas que transmiten os textos publicitarios dos medios de comunicación.	B2.5. Comprende e interpreta as mensaxes explícitas e implícitas que transmiten os textos publicitarios dos medios de comunicación.	B2.5.1. Comprende e interpreta as mensaxes explícitas e implícitas que transmiten os textos publicitarios dos medios de comunicación (anuncios).	CCL CSC
			B2.5.2. Reflexiona e ten unha postura crítica ante as mensaxes persuasivas que proveñen dos medios de comunicación.	
c d h	B2.6. Lectura crítica e reflexiva que permita identificar usos lingüísticos discriminatorios.	B2.6. Identificar os usos lingüísticos que conteñan prexuízos ou mensaxes discriminatorias.	B2.6.1. Reflexiona sobre os usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos ou mensaxes discriminatorias.	CCL CSC
			B2.6.2. Detecta prexuízos e mensaxes discriminatorias implícitas nos textos de medios de comunicación con especial atención á publicidade.	
b f h	B2.7. Uso de técnicas e estratexias para producir textos escritos adecuados, coherentes e ben cohesionados desde o punto de vista comunicativo	B2.7. Empregar estratexias e técnicas axeitadas para producir escritos adecuados, coherentes e ben cohesionados desde o punto de vista comunicativo (planificación, organización,	B2.7.1. Utiliza distintas técnicas de planificación para organizar o seu discurso (diferentes tipos de esquemas e mapas conceptuais).	CCL

	(planificación, organización, redacción e revisión).	redacción e revisión).	B2.7.2. Utiliza o rexistro adecuado en función da tipoloxía textual e do acto comunicativo.	
			B2.7.3. Ordena as ideas e estrutura os contidos en unidades sintácticas consecutivas e encadeadas con conectores e outros elementos de cohesión.	
			B2.7.4. Coñece as regras ortográficas e as normas morfosintácticas e sérvese das ferramentas lingüísticas ao seu alcance (correctores, dicionarios e gramáticas) para aplicalas correctamente.	CCL CD
			B2.7.5. Revisa o texto para comprobar que a organización dos contidos do texto é correcta e que non se cometen erros ortográficos, gramaticais, de formato ou de presentación.	CCL
b e h	B2.8. Produción, en soporte impreso ou dixital, de textos propios da vida cotiá pertencentes ao ámbito laboral, xurídico, administrativo e comercial.	B2.8. Producir, respectando as súas características formais e de contido, textos propios da vida cotiá pertencentes a distintos ámbitos tanto en formato papel como dixital: laborais, xurídico, administrativos e comerciais.	B2.8.1. Produce, respectando as súas características formais e de contido, e en soporte tanto impreso como dixital, textos propios da vida cotiá pertencentes a distintos ámbitos: currículo, carta de presentación, solicitude ou instancia, carta de reclamación.	CCL CD CSC
	B2.9. Produción, en soporte impreso ou dixital, de cartas á dirección e columnas de opinión.	B2.9. Producir, en soporte impreso ou dixital, cartas á dirección e columnas de opinión.	B2.9.1. Crea, en soporte impreso ou dixital, cartas á dirección e columnas de opinión.	
d h	B2.10. Valoración da escritura como un instrumento de aprendizaxe, de relación social e enriquecemento persoal.	B2.10. Valorar a escritura como un instrumento moi útil na aprendizaxe, nas relacións sociais e no desenvolvemento do individuo.	B2.10.1. Identifica e describe os valores da escritura non só como una ferramenta para organizar os pensamentos senón tamén como un instrumento para relacionarse cos demais e enriquecerse como persoa.	CCL CSC CCEC

Bloque 3. Funcionamento da lingua

b e l	B3.1. Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático.	B3.1. Recoñecer e explicar os valores de léxico preciso de diferentes categorías gramaticais, así como da fraseoloxía.	B3.1.1. Recoñece, explica e usa un léxico amplo e preciso de diferentes categorías gramaticais	CCL CAA
			B3.1.2. Recoñece, explica e usa fraseoloxía diversa da lingua galega nas súas producións orais e escritas.	

b e i	B3.2. Recoñecemento, explicación e uso dos procedementos de creación de palabras.	B3.2. Recoñecer e explicar os procedementos de creación de palabras, os valores dos morfemas e as súas posibilidades combinatorias para crear novos termos e identificar a súa procedencia grega ou latina.	B3.2.1. Recoñece e explica os procedementos de creación de palabras.	
			B3.2.2. Crea palabras novas utilizando os procedementos de creación léxica.	
			B3.2.3. Recoñece os valores de prefixos e sufixos e as súas posibilidades combinatorias para crear novas palabras.	CCL
			B3.2.4. Identifica a procedencia grega ou latina de prefixos e sufixos habituais no uso da lingua galega.	
a d e	B3.3. A fonética e a fonoloxía do galego, con especial atención a posibles interferencias (apertura das vogais de grao medio, o n velar ou a entoación).	B3.3. Recoñecer e usar a fonética da lingua galega.	B3.3.1. Recoñece e usa adecuadamente a fonética da lingua galega, con especial atención á entoación, ás vogais de grao medio e ao fonema /n/ velar.	CCL CAA
b e	B3.4. Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas das linguas galega e castelá.	B3.4. Aplica e valora as normas ortográficas e morfolóxicas das linguas galega e castelá.	B3.4.1. Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas das linguas galega e castelá nos discursos orais e escritos.	CCL
			B3.4.2. Recoñece o valor funcional e social das normas ortográficas e morfolóxicas das linguas galega e castelá.	
e b	B3.5. Análise e uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión sintáctica.	B3.5. Analizar e usar correctamente a puntuación de acordo coa cohesión sintáctica.	B3.5.1. Analiza e usa correctamente a puntuación de acordo coa cohesión sintáctica.	

b e	B3.6. As principais regras de combinación impostas polos predicados en función dos seus argumentos; estruturas sintácticas e tipos de oración segundo a natureza do predicado.	B3.6. Recoñecer e usar enunciados e oracións, identificando as principais regras de combinación impostas polo verbos.	B3.6.1. Recoñece enunciados e identifica a palabra nuclear que o organiza sintáctica e semanticamente.	CCL CAA
			B3.6.2. Recoñece a estrutura interna das oracións, identificando o verbo e os seus complementos.	CCL
			B3.6.3. Respecta a orde correcta dos elementos da estrutura sintáctica.	
			B3.6.4. Clasifica oracións segundo a natureza do predicado.	

			B3.6.5. Usa a terminoloxía sintáctica correcta.	
e h	B3.7. Recoñecemento e uso reflexivo dos nexos e conectores textuais máis comúns, en particular os de causa e consecuencia, os de condición e hipótese e conclusión, e máis dos mecanismos de cohesión textual.	B3.7. Recoñecer, explicar e usar os nexos textuais de causa, consecuencia, condición, hipótese e conclusión, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de cohesión interna.	B3.7.1. Recoñece, explica e usa os nexos textuais de causa, consecuencia, condición, hipótese e conclusión, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de cohesión interna.	CCL CAA
e	B3.8. Identificación da estrutura dun texto, a construción dos parágrafos e o vínculo e progresión temáticos en textos alleos e propios, e elaboración de textos de acordo con estes parámetros.	B3.8. Identifica adecuadamente en textos alleos e propios a estrutura, a construción e xustificación dos parágrafos, o vínculo e progresión temáticos, e elabora textos de acordo con estes parámetros.	B3.8.1. Identifica a estrutura do texto, en construcións propias e alleas.	CCL
			B3.8.2. Xustifica con argumentos a división en parágrafos de textos propios e alleos.	CCL CAA
			B3.8.3. Identifica a progresión temática en textos propios e alleos.	CCL
			B3.8.4. Elabora textos cunha estrutura apropiada, divididos en parágrafos e empregando os mecanismos de progresión temática.	
b e	B3.9. Adecuación dos textos en función do contexto, do tema e do tipo de texto.	B3.9. Xustifica a adecuación dos textos en función do contexto, do tema e do xénero e elabora producións propias cunha adecuación apropiada.	B3.9.1. Xustifica a adecuación das producións en función do contexto, do tema e do xénero textual.	CCL CAA
			B3.9.2. Elabora producións lingüísticas cunha adecuación apropiada ao contexto, ao tema e ao xénero textual.	CCL
b e h	B3.10. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.	B3.10. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.	B3.10.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	CCL CAA
b e	B3.11. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada.	B3.11. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.	B3.11.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras.	CCL CAA

Bloque 4. Lingua e sociedade				
s m n	B4.1. Valoración das linguas como medios de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo.	B4.1. Valorar as linguas como medios de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo.	B4.1.1. Valora a lingua como medio de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo, e argumenta fundamentadamente e cun discurso propio a súa postura.	CCL CCEC
	B4.2. O plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.	B4.2. Apreciar o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.	B4.2.1. Valora o plurilingüismo inclusivo, desde a lingua propia, como expresión da riqueza cultural da humanidade e argumenta cun discurso propio a súa postura.	CCL
	B4.3. A lusofonía nas linguas do mundo no século XXI.	B4.3. Coñecer e describir o papel da lusofonía nas linguas do mundo no século XXI.	B4.3.1. Coñece os territorios que forman parte da comunidade lusófona e sabe describir a súa importancia dentro das linguas do mundo no século XXI.	CCL CSC
	B4.4. Situación sociolingüística de Galicia. A presenza da lingua galega nos principais ámbitos e contextos sociais e privados.	B4.4. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia atendendo á presenza da lingua galega nos principais ámbitos e contextos sociais e privados.	B4.4.1. Coñece e describe a lexislación estatal e autonómica básica en materia lingüística.	CCL
			B4.4.2. Describe acertadamente con criterios sociolingüísticos a situación galega actual.	
	B4.5. Proceso de normalización. Desenvolvemento de actitudes positivas cara ao proceso de recuperación da lingua galega. Consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega.	B4.5. Identificar os elementos do proceso normalizador e adquirir vínculos positivos cara ao seu uso asumindo a importancia da contribución individual no desenvolvemento da lingua galega.	B4.5.1. Identifica os procedementos de normalización.	CCL CCL CSC
B4.5.2. Distingue normativización e normalización.				
B4.5.3. Coñece os principais axentes normalizadores en Galicia e valora a súa importancia.				
B4.6. Evolución da lingua galega e etapas da historia social da lingua galega desde 1916 ata a actualidade.	B4.6. Recoñecer os principais elementos de evolución da lingua galega, así como identificar as causas e consecuencias dos feitos máis relevantes da súa historia social, e sinala as distintas etapas desde 1916.	B4.6.1. Recoñece os principais elementos da evolución da lingua galega desde 1916 ata a actualidade.	CCL	
		B4.6.2. Recoñece os acontecementos relevantes da historia social da lingua galega desde 1916.	CCL CCEC	
s m n	B4.7. Prexuízos lingüísticos.	B4.7. Identificar os prexuízos lingüísticos e analizar a situación persoal en relación a eles.	B4.7.1. Sinala os prexuízos lingüísticos atribuíbles a calquera lingua e especialmente á galega e rebáteos cunha argumentación axeitada.	CCL CSC

			B4.7.2. Analiza a opinión propia sobre as linguas, detecta os prexuízos, en caso de os ter, e rebáteos con argumentos.	
	B4.8. Recoñecemento e valoración dos principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas, diastráticas e diafásicas da lingua galega e da función da lingua estándar. Uso normalizado da variante dialectal propia da zona. Utilización e valoración da variante estándar da lingua en situacións de carácter formal. Recoñecemento das interferencias máis habituais.	B4.8. Recoñecer e valorar os principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas, diastráticas e diafásicas da lingua galega e da función da lingua estándar. Recoñecer interferencias habituais.	B4.8.1. Recoñece os principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas da lingua galega.	
B4.8.2. Recoñece os trazos da variedade estándar da lingua galega.			CCL	
B4.8.3. Valora a lingua estándar como variedade unificadora. Recoñece interferencias habituais entre as dúas linguas oficiais.				
B4.8.4. Valora as variedades xeográficas da lingua galega como símbolo de riqueza lingüística e cultural e rexeita fundamentadamente calquera prexuízo sobre a variación diatópica.			CCL CSC	
			B4.8.5. Recoñece as variedades diastráticas e diafásicas da lingua galega e describe o influxo da situación sociolingüística nelas.	

Bloque 5. Educación literaria

h j	B5.1. Identificación e comprensión dos distintos períodos e xeracións das literaturas en galego e en español dos séculos XX e XXI.	B5.1. Identificar e comprender os distintos períodos e xeracións das literaturas en galego e en español dos séculos XX e XXI.	B5.1.1. Identifica os distintos períodos e xeracións das literaturas en galego e en español dos séculos XX e XXI.	CCL
			B5.1.2. Comprende e explica razoadamente os distintos períodos das literaturas en galego e en español dos séculos XX e XXI.	
	B5.2. Lectura autónoma e comentario pautado de obras representativas das literaturas en galego e en español dos séculos XX e XXI.	B5.2. Ler e comentar de xeito autónomo obras representativas das literaturas en galego e en español do século XX e XXI e relaciona o seu contido co contexto histórico, cultural e sociolingüístico de cada período.	B5.2.1. Le de xeito autónomo obras ou textos representativos das literaturas galega de 1916 ata a actualidade, resume o seu contido, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente.	B5.2.2. Comenta, de forma guiada ou libre, textos de obras das literaturas en galego e en español dos séculos XX e XXI, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da

			literatura galega correspondente.	
	B5.3. Lecturas expresivas e comprensivas, audicións e lecturas dramatizadas de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos das literaturas en galego e en español dos séculos XX e XXI.	B5.3. Ler expresiva e comprensivamente, escoitar audicións e ler dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos das literaturas en galego e en español dos séculos XX e XXI.	B5.3.1. Le expresiva, comprensiva e/ou dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos das literaturas en galego e en español dos séculos XX e XXI.	
			B5.3.2. Participa con proveito de audicións de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos das literaturas en galego e en español do século XX e XXI.	
b h j	B5.4. Elaboración de traballos individuais e/ou en grupo nos cales se describan e analicen textos literarios representativos das literaturas en galego e en español dos séculos XX e XXI.	B5.4. Elaborar traballos individuais e/ou en grupo nos que se describan e analicen textos representativos das literaturas en galego e en español dos séculos XX e XXI.	B5.4.1. Elabora traballos individuais e/ou colectivos nos que se describen e analizan textos representativos das literaturas en galego e en español dos séculos XX e XXI.	
e h j	B5.5. Consulta de fontes de información variadas e de recursos das tecnoloxías da información e da comunicación para a realización de traballos e cita axeitada destes.	B5.5. Consultar fontes de información variadas e recursos das tecnoloxías da información e da comunicación para a realización de traballos e cita axeitada destes.	B5.5.1. Consulta fontes de información variadas para a realización de traballos e cita axeitada destas.	
			B5.5.2. Emprego de diferentes recursos das tecnoloxías da información e da comunicación para a realización de traballos e cita axeitada destes.	CCL CD
h l n	B5.6. Creación ou recreación de textos de intención literaria partindo das características dos textos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos.	B5.6. Crear ou recrear textos de intención literaria partindo das características dos textos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos.	B5.6.1. Crea ou recrea textos de intención literaria partindo das características dos textos traballados na aula.	CCL CCEC
			B5.6.2. Desenvolve o gusto pola escrita como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os sentimentos e xuízos.	

5.4.3. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Sintetízanse os estándares de aprendizaxe dos 5 bloques de contidos para así poder fixar os mínimos esixíbeis para poder superar a materia.

Nº	Estándares de aprendizaxe Mínimos Esixíbeis
1	B1_ME1. Interpreta, identifica e analiza de xeito completo a intención comunicativa de textos propios dos medios de comunicación e textos expositivos e argumentativos do ámbito educativo.
2	B1_ME2. Recoñece, usa e valora a adecuación, coherencia e cohesión, identificando os recursos que as proporcionan e a súa importancia, así como as normas de cortesía.
3	B1_ME3. Valora a lingua oral como instrumento útil na aprendizaxe e nas relacións sociais e emprega os coñecementos gramaticais para mellorar na súa expresión.
4	B2_ME4. Comprende, interpreta e crea textos cotiáns pertencentes aos ámbitos laboral, administrativo, xurídico e comercial, así como textos xornalísticos de opinión como a carta ao director, o editorial, a columna e o artigo de opinión e tamén textos relacionados co ámbito educativo.
5	B2_ME5. Desenvolve a lectura comprensiva e crítica de textos, identificando prexuízos ou mensaxes discriminatorias.
6	B2_ME6. Produce escritos comunicativamente axeitados e que manteñen a adecuación, coherencia cohesión precisas, valorando a escrita como unha ferramenta de aprendizaxe, relación e desenvolvemento.
7	B3_ME7. Coñece, identifica e emprega os procedementos de creación de palabras, mostrando un lexico amplo e preciso e coñecemento de fraseoloxía.
8	B3_ME8. Aplica e valora as normas ortográficas e morfolóxicas das linguas castelá e galega, así como a fonética da lingua galega.
9	B3_ME9. Analiza e emprega correctamente a puntuación e a estruturación textual, identificando a progresión temática dun texto e a súa adecuación e utilizando diferentes tipos de nexos para garantir a cohesión interna.
10	B3_ME10. Recoñece e usa a terminoloxía sintáctica correcta, recoñecendo e organizando a estrutura sintáctica e os diferentes tipos de oracións.
11	B3_ME11. Participa en proxectos nos que se utilizan diferentes linguas e reflexiona sobre as normas de uso de cada unha delas, utilizando ese coñecemento para solucionar problemas e avanzar na súa aprendizaxe.
12	B4_ME12. Valora as linguas como medios de relación e aprecia o plurilingüíscmo como unha riqueza e unha oportunidade, destacando a importancia da lusofonía no mundo actual e futuro.
13	B4_ME13. Describe e analiza a situación sociolingüística de Galicia atendendo á presenza da lingua en diversos eidos, identificando, valorando os elementos do proceso normalizador, identificando os prexuízos lingüísticos e reflexionando sobre a propia opinión persoal sobre estes.
14	B4_ME14. Recoñece os principais elementos e acontecementos da historia social da lingua galega desde 1916.
15	B4_ME15. Recoñece e valora os fenómenos que caracterizan as variedades da lingua galega e a función do estándar, recoñecendo as interferencias máis habituais.
16	B5_ME16. Identifica e comprende os distintos períodos, fases e xeracións da literatura galega e española dos séculos XX e XXI, lendo e comentando de xeito autónomo, coa axuda das TIC, textos pertencentes a estas e mesmo creando textos de intención literaria, desenvolvendo o gusto pola escrita.

Así pois cada un dos estándares de aprendizaxe mínimos esixibles relaciónase directamente con diferentes estándares de aprendizaxe da materia.

Lingua Galega e Literatura. ESA Comunicación. Módulo 1	
Estándares de Aprendizaxe	Mínimos esixibles
Bloque 1. Comunicación oral: Escotar e falar	
● B1.1.1., B1.1.2, B1.2.1., B1.2.2.,	● B1_ME1. Interpreta, identifica e analiza de xeito completo a intención comunicativa de textos propios dos medios de comunicación e textos expositivos e argumentativos do ámbito educativo.
● B1.3.1., B1.3.2., B1.3.3., B1.4.1., B1.5.1.	● B1_ME2. Recoñece, usa e valora a adecuación, coherencia e cohesión, identificando os recursos que as proporcionan e a súa importancia, así como as normas de cortesía.
● B1.6.1.	● B1_ME3. Valora a lingua oral como instrumento útil na aprendizaxe e nas relacións sociais e emprega os coñecementos gramaticais para mellorar na súa expresión.
Bloque 2. Comunicación escrita: Ler e escribir	
● B2.1.1., B2.1.2., B2.1.3., B2.1.4., B2.1.5., B2.2.1., B2.2.2., B2.3.1., B2.3.2., B2.4.1., B2.4.2., B2.8.1., B2.9.1.,	● B2_ME4. Comprende, interpreta e crea textos cotiáns pertencentes aos ámbitos laboral, administrativo, xurídico e comercial, así como textos xornalísticos de opinión como a carta ao director, o editorial, a columna e o artigo de opinión e tamén textos relacionados co ámbito educativo.

● B2.5.1., B2.5.2, B2.6.1., B2.6.2,	● B2_ME5. Desenvolve a lectura comprensiva e crítica de textos, identificando prexuízos ou mensaxes discriminatorias.
● B2.7.1., B2.7.2., B2.7.3., B2.7.4, B2.7.5., B2.10.1.	● B2_ME6. Produce escritos comunicativamente axeitados e que manteñen a adecuación, coherencia cohesión precisas, valorando a escrita como unha ferramenta de aprendizaxe, relación e desenvolvemento.
Bloque 3. Funcionamento da lingua	
● B3.1.1., B3.1.2., B3.2.1., B3.2.2, B3.2.3, B3.2.4,	● B3_ME7. Coñece, identifica e emprega os procedementos de creación de palabras, mostrando un lexico amplo e preciso e coñecemento de fraseoloxía.
● B3.3.1., B3.4.1, B3.4.2,	● B3_ME8. Aplica e valora as normas ortográficas e morfolóxicas das linguas castelá e galega, así como a fonética da lingua galega.
● B3.5.1, B3.7.1, B3.8.1., B3.8.2, B3.8.3, B3.8.4., B3.9.1., B3.9.2.,	● B3_ME9. Analiza e emprega correctamente a puntuación e a estruturación textual, identificando a progresión temática dun texto e a súa adecuación e utilizando diferentes tipos de nexos para garantir a cohesión interna.
● B3.6.1, B3.6.2, B3.6.3, B3.6.4, B3.6.5.,	● B3_ME10. Recoñece e usa a terminoloxía sintáctica correcta, recoñecendo e organizando a estrutura sintáctica e os diferentes tipos de oracións.
● B3.10.1, B3.11.1.	● B3_ME11. Participa en proxectos nos que se utilizan diferentes linguas e reflexiona sobre as normas de uso de cada unha delas, utilizando ese coñecemento para solucionar problemas e avanzar na súa aprendizaxe.
Bloque 4. Lingua e sociedade	
● B4.1.1., B4.2.1, B4.3.1	● B4_ME12. Valora as linguas como medios de relación e aprecia o plurilingüismo como unha riqueza e unha oportunidade, destacando a importancia da lusofonía no mundo actual e futuro.
● B4.4.1., B4.4.2., B4.5.1, B4.5.2, B4.5.3, B4.7.1, B4.7.2	● B4_ME13. Describe e analiza a situación sociolingüística de Galicia atendendo á presenza da lingua en diversos eidos, identificando, valorando os elementos do proceso normalizador, identificando os prexuízos lingüísticos e reflexionando sobre a propia opinión persoal sobre estes.
● B4.6.1, B4.6.2	● B4_ME14. Recoñece os principais elementos e acontecementos da historia social da lingua galega desde 1916.
● B4.8.1, B4.8.2., B4.8.3., B4.8.4., B4.8.5	● B4_ME15. Recoñece e valora os fenómenos que caracterizan as variedades da lingua galega e a función do estándar, recoñecendo as interferencias máis habituais.
Bloque 5. Educación literaria	
● B5.1.1., B5.1.2., B5.2.1, B5.2.2, B5.3.1, B5.3.2, B5.4.1, B5.5.1, B5.5.2, B5.6.1., B5.6.2	● B5_ME16. Identifica e comprende os distintos períodos, fases e xeracións da literatura galega e española dos séculos XX e XXI, lendo e comentando de xeito autónomo, coa axuda das TIC, textos pertencentes a estas e mesmo creando textos de intención literaria, desenvolvendo o gusto pola escrita.

5.4.3.1. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE COS PERFÍS COMPETENCIAIS

Fixada a relación entre os estándares de aprendizaxe da materia e os estándares mínimos esixíbeis, pasan a poñerse en relación coas competencias clave:

Nº	Estándares de aprendizaxe Mínimos Esixíbeis	Competencias Clave
1	B1_ME1. Interpreta, identifica e analiza de xeito completo a intención comunicativa de textos propios dos medios de comunicación e textos expositivos e argumentativos do ámbito educativo.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC
2	B1_ME2. Recoñece, usa e valora a adecuación, coherencia e cohesión, identificando os recursos que as proporcionan e a súa importancia, así como as normas de cortesía.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC
3	B1_ME3. Valora a lingua oral como instrumento útil na aprendizaxe e nas relacións sociais e emprega os coñecementos gramaticais para mellorar na súa expresión.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC • CAA
4	B2_ME4. Comprende, interpreta e crea textos cotiáns pertencentes aos ámbitos laboral, administrativo, xurídico e comercial, así como textos xornalísticos de opinión como a carta ao director, o editorial, a columna e o artigo de opinión e tamén textos relacionados co ámbito educativo.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
5	B2_ME5. Desenvolve a lectura comprensiva e crítica de textos, identificando prexuízos ou mensaxes discriminatorias.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC
6	B2_ME6. Produce escritos comunicativamente axeitados e que manteñen a adecuación, coherencia cohesión precisas, valorando a escrita como unha ferramenta de aprendizaxe, relación e desenvolvemento.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA
7	B3_ME7. Coñece, identifica e emprega os procedementos de creación de palabras, mostrando un lexico amplo e preciso e coñecemento de fraseoloxía.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
8	B3_ME8. Aplica e valora as normas ortográficas e morfolóxicas das linguas castelá e galega, así como a fonética da lingua galega.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
9	B3_ME9. Analiza e emprega correctamente a puntuación e a estruturación textual, identificando a progresión temática dun texto e a súa adecuación e utilizando diferentes tipos de nexos para garantir a cohesión interna.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CMCCT
10	B3_ME10. Recoñece e usa a terminoloxía sintáctica correcta, recoñecendo e organizando a estrutura sintáctica e os diferentes tipos de oracións.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CMCCT
11	B3_ME11. Participa en proxectos nos que se utilizan diferentes linguas e reflexiona sobre as normas de uso de cada unha delas, utilizando ese coñecemento para solucionar problemas e avanzar na súa aprendizaxe.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSIEE • CAA • CD
12	B4_ME12. Valora as linguas como medios de relación e aprecia o plurilingüismo como unha riqueza e unha oportunidade, destacando a importancia da lusofonía no mundo actual e futuro.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC • CCEC
13	B4_ME13. Describe e analiza a situación sociolingüística de Galicia atendendo á presenza da lingua en diversos eidos, identificando, valorando os elementos do proceso normalizador, identificando os prexuízos lingüísticos e reflexionando sobre a propia opinión persoal sobre estes.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
14	B4_ME14. Recoñece os principais elementos e acontecementos da historia social da lingua galega desde 1916.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
15	B4_ME15. Recoñece e valora os fenómenos que caracterizan as variedades da lingua galega e a función do estándar, recoñecendo as interferencias máis habituais.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
16	B5_ME16. Identifica e comprende os distintos períodos, fases e xeracións da literatura galega e española dos séculos XX e XXI, lendo e comentando de xeito autónomo, coa axuda das TIC, textos pertencentes a estas e mesmo creando textos de intención literaria, desenvolvendo o gusto pola escrita.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CCEC • CD

5.4.3.2. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE COS PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Nº	Estándares de aprendizaxe Mínimos Esixíbeis	Procedementos de avaliación	Instrumentos de avaliación
1	● B1_ME1. Interpreta, identifica e analiza de xeito completo a intención comunicativa de textos propios dos medios de comunicación e textos expositivos e argumentativos do ámbito educativo.	CT, F	OA, TI
2	● B1_ME2. Recoñece, usa e valora a adecuación, coherencia e cohesión, identificando os recursos que as proporcionan e a súa importancia, así como as normas de cortesía.	Av, Ep, D, Tx	AvC, OA, PO
3	● B1_ME3. Valora a lingua oral como instrumento útil na aprendizaxe e nas relacións sociais e emprega os coñecementos gramaticais para mellorar na súa expresión.	Cr, D	AvC, OA, PO, TI
4	● B2_ME4. Comprende, interpreta e crea textos cotiáns pertencentes aos ámbitos laboral, administrativo, xurídico e comercial, así como textos xornalísticos de opinión como a carta ao director, o editorial, a columna e o artigo de	Ct, Esq, Inf, Inv, L, TIC, Tx	PE, TI

	opinión e tamén textos relacionados co ámbito educativo.		
5	● B2_ME5. Desenvolve a lectura comprensiva e crítica de textos, identificando prexuízos ou mensaxes discriminatorias.	Ct, Esq, L, F	OA, PE, TI
6	B2_ME6. Produce escritos comunicativamente axeitados e que manteñen a adecuación, coherencia cohesión precisas, valorando a escrita como unha ferramenta de aprendizaxe, relación e desenvolvemento.	AV, Esq, Tx	AvA, AvC, OA, PE, TI
7	B3_ME7. Coñece, identifica e emprega os procedementos de creación de palabras, mostrando un lexico amplo e preciso e coñecemento de fraseoloxía.	Esq, F, TIC	OA, PE, TI
8	B3_ME8. Aplica e valora as normas ortográficas e morfolóxicas das linguas castelá e galega, así como a fonética da lingua galega.	F, Tx, D, Ep	OA, PE, PO
9	B3_ME9. Analiza e emprega correctamente a puntuación e a estruturación textual, identificando a progresión temática dun texto e a súa adecuación e utilizando diferentes tipos de nexos para garantir a cohesión interna.	Ct, F, Tx	OA, PE, TI
10	B3_ME10. Recoñece e usa a terminoloxía sintáctica correcta, recoñecendo e organizando a estrutura sintáctica e os diferentes tipos de oracións.	Esq, F, Tx	OA, PE, TI
11	B3_ME11. Participa en proxectos nos que se utilizan diferentes linguas e reflexiona sobre as normas de uso de cada unha delas, utilizando ese coñecemento para solucionar problemas e avanzar na súa aprendizaxe.	Cr, D, Esq, Inf, Inv, TIC	OA, TG
12	B4_ME12. Valora as linguas como medios de relación e aprecia o plurilingüismo como unha riqueza e unha oportunidade, destacando a importancia da lusofonía no mundo actual e futuro.	Ct, D, Esq, L	OA, TI, PE
13	B4_ME13. Describe e analiza a situación sociolingüística de Galicia atendendo á presenza da lingua en diversos eidos, identificando, valorando os elementos do proceso normalizador, identificando os prexuízos lingüísticos e reflexionando sobre a propia opinión persoal sobre estes.	Cr, D, L, TIC, Tx	OA, TI
14	B4_ME14. Recoñece os principais elementos e acontecementos da historia social da lingua galega desde 1916.	F, Inf, L	OA, PE, TI
15	B4_ME15. Recoñece e valora os fenómenos que caracterizan as variedades da lingua galega e a función do estándar, recoñecendo as interferencias máis habituais.	D, Esq, F	OA, PE, TI
16	B5_ME16. Identifica e comprende os distintos periodos, fases e xeracións da literatura galega e española dos séculos XX e XXI, lendo e comentando de xeito autónomo, coa axuda das TIC, textos pertencentes a estas e mesmo creando textos de intención literaria, desenvolvendo o gusto pola escrita.	Ct, Esq, F, L, Tx	OA, PE, TI
Procedementos de Avaliación		Instrumentos de Avaliación	
Av: Actividade avaliativa: Autoavaliación ou Coavaliación. Ct: Análise e comentario de texto. Cr: Construción creativa de materiais, textos... D: Participación en debates. Ep: Exposición pública. Esq: Tratamento da información a través de esquemas, resumos, cadros, resumos... F: Fichas, Cuestionarios... Inf: Procura, xestión e selección de información na rede, en bibliotecas... Inv: Desenvolvemento de traballos de investigación. L: Lectura. Pr: Realización dun proxecto. Pt: Realización dun Portfolio. TIC: Emprego das Tecnoloxías da Información e a Comunicación. Tx: Elaboración e produción de textos.		AvA: Autoavaliación AvC: Coavaliación OA: Observación Aula. PE: Proba Escrita (Exame). PO: Proba Oral (Exposición pública). PR: Proxecto. TG: Traballo en Grupo (Portfolio). TI: Traballo Individual (Cuestionarios, Fichas, Comentarios de textos, Análise...). R: Rúbrica	

5.4.4.- SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

Ambito da Comunicación. ESA. Módulo 1					
1º Avaliación					
U	T	Título	Contidos	Est. Ap. Mínimos Esixíbeis	Tempora- lización
1 o	1	Comunicación oral.	<ul style="list-style-type: none"> ● B1.1. Comprensión e interpretación de textos propios dos medios de comunicación: a información e a opinión. ● B1.2. Comprensión e interpretación de textos orais expositivos e argumentativos do ámbito educativo e de natureza diversa presentacións, relatorios e intervencións en mesas redondas). ● B1.3. Desenvolvemento de habilidades de escoita activa, cunha actitude de interese, de cooperación e de respecto, identificando prexuízos e mensaxes discriminatorias. ● B1.4. Produción de discursos orais, en intervencións espontáneas e planificadas con apoio das tecnoloxía da información e da comunicación, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. ● B1.5. Aplicación dos coñecementos gramaticais á avaliación e mellora da expresión oral e recoñecemento en exposicións orais propias e alleas das dificultades expresivas. ● B1.6. Valoración da lingua oral como un instrumento de aprendizaxe e de relación social. ● B4.4. Situación sociolingüística de Galicia. A presenza da lingua galega nos principais ámbitos e contextos sociais e privados. ● B4.5. Proceso de normalización. Desenvolvemento de actitudes positivas cara ao proceso de recuperación da lingua galega. Consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega. ● B4.6. Evolución da lingua galega e etapas da historia social da lingua galega desde 1916 ata a actualidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ● B1_ME1. Interpreta, identifica e analiza de xeito completo a intención comunicativa de textos propios dos medios de comunicación e textos expositivos e argumentativos do ámbito educativo. ● B1_ME2. Recoñece, usa e valora a adecuación, coherencia e cohesión, identificando os recursos que as proporcionan e a súa importancia, así como as normas de cortesía ● B1_ME3. Valora a lingua oral como instrumento útil na aprendizaxe e nas relacións sociais e emprega os coñecementos gramaticais para mellorar na súa expresión ● B4_ME12. Valora as linguas como medios de relación e aprecia o plurilingüismo como unha riqueza e unha oportunidade, destacando a importancia da lusofonía no mundo actual e futuro. ● B4_ME13. Describe e analiza a situación sociolingüística de Galicia atendendo á presenza da lingua en diversos eidos, identificando, valorando os elementos do proceso normalizador, identificando os prexuízos lingüísticos e reflexionando sobre a propia opinión persoal sobre estes. ● B4_ME14. Recoñece os principais elementos e acontecementos da historia social da lingua galega desde 1916. ● B4_ME15. Recoñece e valora os fenómenos que caracterizan as variedades da lingua galega e a función do estándar, recoñecendo as interferencias máis habituais. 	28/09/2020 16/10/2020
2	2	Gramática da lingua	<ul style="list-style-type: none"> ● B3.1. Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático. ● B3.2. Recoñecemento, explicación e uso dos procedementos de creación de palabras. ● B3.3. A fonética e a fonoloxía do galego, con especial atención a posibles interferencias (apertura das vogais de grao 	<ul style="list-style-type: none"> ● B3_ME7. Coñece, identifica e emprega os procedementos de creación de palabras, mostrando un léxico amplo e preciso e coñecemento de fraseoloxía. ● B3_ME8. Aplica e valora as normas ortográficas e morfolóxicas das linguas castelá e galega, así como a fonética da lingua galega. ● B3_ME9. Analiza e emprega 	19/10/2020 16/11/2020

			<p>medio, o n velar ou a entoación).</p> <ul style="list-style-type: none"> • B3.4. Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas das linguas galega e castelá. • B3.5. Análise e uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión sintáctica. • B3.6. As principais regras de combinación impostas polos predicados en función dos seus argumentos; estruturas sintácticas e tipos de oración segundo a natureza do predicado. • B3.7. Recoñecemento e uso reflexivo dos nexos e conectores textuais máis comúns, en particular os de causa e consecuencia, os de condición e hipótese e conclusión, e mais dos mecanismos de cohesión textual. • B3.8. Identificación da estrutura dun texto, a construción dos parágrafos e o vínculo e progresión temáticos en textos alleos e propios, e elaboración de textos de acordo con estes parámetros. • B3.9. Adecuación dos textos en función do contexto, do tema e do tipo de texto. • B3.10. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais. • B3.11. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada. 	<p>correctamente a puntuación e a estruturación textual, identificando a progresión temática dun texto e a súa adecuación e utilizando diferentes tipos de nexos para garantir a cohesión interna.</p> <ul style="list-style-type: none"> • B3_ME10. Recoñece e usa a terminoloxía sintáctica correcta, recoñecendo e organizando a estrutura sintáctica e os diferentes tipos de oracións. • B3_ME11. Participa en proxectos nos que se utilizan diferentes linguas e reflexiona sobre as normas de uso de cada unha delas, utilizando ese coñecemento para solucionar problemas e avanzar na súa aprendizaxe. 	
--	--	--	--	---	--

Ámbito da Comunicación. ESA. Módulo 1					
2º Avaliación					
U	T	Título	Contidos	Est. Ap. Mínimos Esixíbeis	Temporización
3	3	Comunicación escrita	<ul style="list-style-type: none"> • B2.1. Uso de técnicas e estratexias que facilitan a lectura comprensiva e crítica de textos. • B2.2. Comprensión e interpretación de textos propios da vida cotiá relacionados co ámbito laboral, administrativo, xurídico e comercial. • B2.3. Comprensión e interpretación de textos relacionados co ámbito educativo, tanto materiais de consulta (dicionarios, glosarios, enciclopedias etc.), como libros de texto e recursos de temas especializados na interna. • B2.4. Comprensión e interpretación de textos xornalísticos de opinión: carta ao director, editorial, columna e artigo de opinión. • B2.5. Comprensión e interpretación das mensaxes explícitas e implícitas que transmiten os textos publicitarios dos medios de comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> • B2_ME4. Comprende, interpreta e crea textos cotiáns pertencentes aos ámbitos laboral, administrativo, xurídico e comercial, así como textos xornalísticos de opinión como a carta ao director, o editorial, a columna e o artigo de opinión e tamén textos relacionados co ámbito educativo. • B2_ME5. Desenvolve a lectura comprensiva e crítica de textos, identificando prexuízos ou mensaxes discriminatorias. • B2_ME6. Produce escritos comunicativamente axeitados e que manteñen a adecuación, coherencia cohesión precisas, valorando a escrita como unha ferramenta de aprendizaxe, relación e desenvolvemento. 	18/11/2020 11/12/2020

			<ul style="list-style-type: none"> ● B2.6. Lectura crítica e reflexiva que permita identificar usos lingüísticos discriminatorios. ● B2.7. Uso de técnicas e estratexias para producir textos escritos adecuados, coherentes e ben cohesionados desde o punto de vista comunicativo (planificación, organización, redacción e revisión). ● B2.8. Producción, en soporte impreso ou dixital, de textos propios da vida cotiá pertencentes ao ámbito laboral, xurídico, administrativo e comercial. ● B2.9. Producción, en soporte impreso ou dixital, de cartas á dirección e columnas de opinión. ● B2.10. Valoración da escritura como un instrumento de aprendizaxe, de relación social e enriquecemento persoal. 		
4	4	Educación literaria	<ul style="list-style-type: none"> ● B5.1. Identificación e comprensión dos distintos períodos e xeracións das literaturas en galego e en español dos séculos XX e XXI. ● B5.2. Lectura autónoma e comentario pautado de obras representativas das literaturas en galego e en español dos séculos XX e XXI. ● B5.3. Lecturas expresivas e comprensivas, audicións e lecturas dramatizadas de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos das literaturas en galego e en español dos séculos XX e XXI. ● B5.4. Elaboración de traballos individuais e/ou en grupo nos cales se describan e analicen textos literarios representativos das literaturas en galego e en español dos séculos XX e XXI. ● B5.5. Consulta de fontes de información variadas e de recursos das tecnoloxías da información e da comunicación para a realización de traballos e cita axeitada destes. ● B5.6. Creación ou recreación de textos de intención literaria partindo das características dos textos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos. 	<ul style="list-style-type: none"> ● B5_ME16. Identifica e comprende os distintos períodos, fases e xeracións da literatura galega e española dos séculos XX e XXI, lendo e comentando de xeito autónomo, coa axuda das TIC, textos pertencentes a estas e mesmo creando textos de intención literaria, desenvolvendo o gusto pola escrita. 	14/12/2020 22/01/2021

5.4.5.- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

A metodoloxía que se empregará durante o curso na materia estará baseada en diversos principios metodolóxicos.

- **Rol proactivo e autónomo do alumnado.** O alumnado desenvolverá un papel activo e participativo que busque solucións aos problemas, retos e conflitos aos que se enfrente, dun xeito creativo, resiliente e efectivo. Ademais facilitarase que o alumnado sexa quen protagonice o seu proceso de aprendizaxe facilitando procesos nos que se sinta responsable (autoavaliación, debate, proposición...).

- **Rol facilitador do profesorado.** O profesorado terá un papel de guía e catalizador que achegue ao alumnado cara aos novos coñecementos. Potenciarase así o rol activo do alumnado que será quen se informará, se documentará e formulará as dúbidas que teña ao/á profesor/a.
- **Aprendizaxe significativa.** Buscarase partir sempre dos coñecementos previos do alumnado para poder asociar a nova información que vai adquirir coa que xa posúe, facilitando así a reconstrución e axuste das informacións entre si no neste proceso.
- **Competencias clave.** Prestarase especial atención ao desenvolvemento e adquisición das competencias por parte do alumnado. Así pois as competencias estarán presentes ao longo de todo o curso, a través de actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.
- **Personalización da aprendizaxe.** O proceso de aprendizaxe busca axustarse ás fortalezas, necesidades, habilidades e intereses de cada estudante. Preténdese que cada estudante constrúa progresivamente o seu propio camiño baseándose e potenciando o que sabe, así como cales son as vías a través das que aprende mellor.
- **Atención á diversidade.** Tendo en conta a diversidade habitual nas aulas, aplicaranse medidas de atención precisas para aquel alumnado con NEAE (Necesidades Específicas de Apoio Educativo) traballando en coordinación con PT e orientación. Para iso artellaranse Adaptacións Curriculares, adaptación de exames, de tempos... Atendendo aos protocolos establecidos pola Consellería.

5.4.6.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

- **Temario**
 - O/A profesor/a entregará apuntamentos ao alumnado que conterán o contido teórico que se desenvolverá ao longo do curso. Os apuntamentos de referencia serán as unidades didácticas editadas pola Consellería de Educación no seu portal web:
<http://www.edu.xunta.gal/portal/node/23204>
- **Material de apoio.**
 - Ademais o/a profesor/a poderá contar con material de todo tipo que complemente o proceso de aprendizaxe do alumnado (audiovisuais, mapas, textos de apoio, imaxes...).
- **TIC.**
 - As novas tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) serán un elemento activo durante o proceso de aprendizaxe.

Usarase desde o principio o curso a aula virtual para que o alumnado poida seguir en todo momento o que se traballe na aula, así tamén se poderá poñer ao día o alumnado que falte por motivos de saúde. Os primeiros días de clase identificarase o alumnado con problemas de conexión ou sen recursos TIC para comunicalo ao equipo COVID.

Para aquel alumnado con dificultades que derivan da fenda dixital traballarase nos primeiros días a competencia dixital, aínda que despois de detectar cal é o motivo desta, terá que procurarse un apoio por parte do centro ou da Consellería para evitalo, como aparece recollido no Protocolo do 16/09/2020.

5.4.7.- CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, A CUALIFICACIÓN E A PROMOCIÓN DO ALUMNADO

5.4.7.1.- AVALIACIÓN INICIAL

Dedicarase as primeiras sesión do curso a realizar a avaliación inicial, que permitirá comprobar o nivel de cada grupo para organizar e axustar o currículo axeitándose ás súas características. Tamén se informará ao alumnado sobre a dinámica da aprendizaxe, os criterios de avaliación e cualificación e as actividades propostas para cada trimestre.

Despois das primeiras clases o/a profesor/a decidirá os procedementos que utilizará para avaliar o alumnado. De escoller unha proba escrita, poderá utilizar unha similar ás que se realicen nas avaliacións ordinarias ou na extraordinaria do curso anterior, o que lle permitirá comprobar o grao de coñecementos cos que o alumnado inicia o curso.

5.4.7.2.- AVALIACIÓN FORMATIVA

A avaliación formativa que se desenvolva na materia será sumativa, procesual e continua. Esta avaliación conformarana todas as actividades levadas ao cabo durante cada período avaliatorio. A avaliación formativa realizarase durante todo o curso recollendo constantemente información sobre a evolución do alumnado.

5.4.7.2.1. OS CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os criterios de avaliación aparecen recollidos no punto 2 desta programación, onde se presentan organizados xunto cos contidos curriculares, os estándares de aprendizaxe e as competencias clave. Malia a isto para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial o departamento tomará as medidas oportunas nestas circunstancias, seguindo as instrucións que presente a Consellería.

5.4.7.2.2. A CUALIFICACIÓN

- **Pautas xerais de cualificación.**

- O alumnado deberá obter unha cualificación de 5 puntos para obter un aprobado na avaliación.
- A cualificación de cada avaliación farase de 0 a 10.
- A nota xeral do ámbito da Comunicación estará comporta nun 70% da nota da materia referida a esta programación (lingua galega e castelá) e nun 30% da nota referida á lingua estranxeira, sendo que é preciso un mínimo dun 3 en cada unha delas para aprobar.

- As actividades terán dous tipos de sistemas de puntuación:

- **Actividades con rúbrica:** Puntuaranse de 1 a 4.
 - Se ben a puntuación das actividades con rúbrica transformarán a súa puntuación pola súa equivalencia no sistema de 0 a 10, para permitir un sistema de cualificación coherente. As equivalencias que se seguirán son as que se marcan na seguinte táboa.

Táboa de equivalencias										
A. Con Rúbrica	1	1,3	1,7	2	2,3	2,7	3	3,3	3,7	4
	-	6	1	-	6	1	-	6	1	
	1,3	-	-	2,3	-	-	3,3	-	-	
	5	1,7	1,9	5	2,7	2,9	5	3,7	3,9	
			9			9			9	
A. Sen Rúbrica	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10

- As actividades con rúbrica terán puntuación “0” se non se realizan.
 - **Actividades sen rúbrica:** Puntuarase de 0 a 10.
- **Cálculo da nota da avaliación.** A cualificación de cada avaliación farase valorando os seguintes aspectos:
 - O alumnado realizará, como mínimo, dúas probas escrita por avaliación. Ademais deses exames previstos, o profesor poderá propoñer outras probas (individuais, de autoavaliación, coavaliación...) sempre que o estime conveniente para que o alumnado asimile aspectos da materia que sexan máis dificultosos. Valorarase, para a cualificación global:
 - 70% Probas escritas
 - 30% Traballo diario (participación, traballos escritos, etc.)
 - A nota final en cada avaliación no Ámbito da Comunicación contará nun 70% por parte dos eidos relacionados co galego e o castelán, e un 30% por parte dos eidos relacionados coa lingua inglesa.
 - O alumnado que, ao finalizar a segunda avaliación, non obteña un aprobado, poderá realizar un exame de recuperación da avaliación que teñan suspenso. De suspender este exame, deberán presentarse ao exame final.
 - As competencias clave avaliaranse seguindo as pautas de relación que se establecen entre as competencias, os contidos, os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe que se presentan no anexo I da Orde do 20 de Marzo de 2018.
 - En canto aos traballos e exercicios recollidos polo profesor, de estar suspensos, o alumnado poderá repetilos, pero nese caso a nota non será maior do aprobado.
 - Nos exames e traballos escritos terase en conta a presentación, a orde e a limpeza, así como a ortografía.
- **Media e nota mínima.** A nota mínima requirida nos *exames trimestrais*, nos *traballos cooperativos* e nos *traballos individuais* para facer media é un 2,5, tanto dentro de cada eido como entre eles. A media entre estes tres bloques de instrumentos de avaliación deberá sumar como mínimo 5 puntos para que a materia se considere aprobada.
- **Erros.** A ilexibilidade dun exame, traballo, proxecto ou calquera outro tipo de material por parte do alumnado poderá implicar a non corrección do mesmo por parte do profesorado.
- **Medios fraudulentos.** O uso de calquera tipo de medio fraudulento na realización de probas, actividades e exames (traballos copiados, chuletas...) implicará a obtención automática dun cero (0) como cualificación na proba, actividade e exame referido.

5.4.7.3.- AVALIACIÓN FINAL

5.4.7.3.1. OS CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os **criterios de avaliación** aparecen recollidos no punto 2 da presente programación, onde aparecen organizados xunto cos contidos curriculares, os estándares de aprendizaxes e as competencias clave.

Na cualificación final influirán o grao de asimilación de contidos e dos estándares de aprendizaxe por parte do alumnado así como o grao de desenvolvemento das competencias clave (criterio este básico e fundamental); o seu comportamento xeral; a actitude de traballo, interese e respecto amosada na clase durante todo o curso; a súa asistencia regular ás aulas e, finalmente, o traballo realizado.

5.4.7.3.2. A CUALIFICACIÓN

- **Pautas xerais de cualificación.**
 - O alumnado deberá obter unha cualificación de como mínimo 5 puntos na nota final para obter un aprobado e, polo tanto, superar a materia.
 - A cualificación da avaliación final farase de 0 a 10.
 - A nota final obterase da realización da media entre as notas obtidas nas dúas avaliacións do curso.
- **Cálculo da nota final.** A cualificación final acadarase a través da nota media obtida entre cada unha das notas obtidas nas avaliacións.
- **Media e nota mínima.**
 - A nota mínima requirida nunha avaliación para poder facer media é un 4.
 - Se ben ademais, para poder facer a media entre as tres avaliacións, deberá darse en cada unha das tres avaliacións
 - Ningún *exame trimestral* poderá ter unha nota inferior a 2,5.
 - Ningún dos *traballos individuais* poderá ter unha nota inferior a 2,5.
- **Mecanismos de recuperación da avaliación final.**
 - **Alumnado.**
 - Aquel alumnado que non teña superado a materia ao rematar as tres avaliacións poderá presentarse a un exame final.
 - **A proba.**
 - Realizarase unha proba final que consistirá na realización dun exame escrito.
 - O exame escrito caracterizarase por:
 - Aparecer contidos das tres avaliacións.
 - Contar cos estándares de aprendizaxe xerais, pero incidindo especialmente nos estándares mínimos esixidos.
 - **Cualificación final.**
 - O exame escrito puntuarase de 0 a 10.
 - O alumnado deberá obter como mínimo unha puntuación de 5 puntos no exame escrito para poder superar este e, polo tanto, a materia.

5.4.7.4.- AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

- **Alumnado.**
 - Realizará esta proba aquel alumnado que non acadase o aprobado na avaliación final.
- **A proba.**
 - Realizárase unha proba extraordinaria en maio que consistirá na realización dun exame escrito.
 - O exame escrito caracterizarase por:
 - Aparecer contidos das dúas avaliacións.
 - Contar cos estándares de aprendizaxe xerais, pero incidindo especialmente nos estándares mínimos esixidos.
- **Cualificación final.**
 - O exame escrito puntuarase de 0 a 10.
 - O alumnado deberá obter como mínimo unha puntuación de 5 puntos no exame escrito para poder superar este e, polo tanto, a materia.

6. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE. INDICADORES DE LOGRO

A avaliación da práctica docente e do proceso de ensino contarán cos seguintes instrumentos e procedementos:

- **Xuntanza de departamento.** Nas xuntanzas periódicas do departamento procederase, se cômpre, a valorar cuestións relativas á Programación Didáctica e, de ser preciso, proporanse e xustificaranse as modificacións necesarias.
- **Enquisa do labor docente.** O alumnado realizará a *Enquisa de Labor Docente* de xeito anónimo a través dun formulario virtual. Nesta enquisa teranse en conta, dende a óptica do alumnado, os indicadores de logro que se presentan máis abaixo.
- **Ficha de autoavaliación docente.** O profesorado completará unha *Ficha de Autoavaliación Docente* a través dun formulario virtual ao rematar o curso para permitirlle ter un proceso autoavaliativo que lle permita ter unha visión xeral do seu labor docente.

Tanto a *Enquisa de Labor Docente* como a *Ficha de Autoavaliación Docente* conformaranse polos indicadores de logro que se medirán do 1 ao 4:

- Nunca: 1
- Poucas veces: 2.
- Habitualmente: 3.
- Sempre: 4.

Os indicadores de logro que se terán en conta para a avaliación do proceso de ensino e da práctica docente serán os seguintes:

Planificación

1. Programo os estándares de aprendizaxe trimestralmente, establecendo unha relación entre os obxectivos e as competencias clave.
2. Programo a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos na normativa legal vixente.
3. Programo a materia tendo en conta os plans e proxectos educativos do centro.
4. Programo a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o desenvolvemento desta.
5. Programo seleccionando e secuenciando os contidos cunha distribución e progresión axeitadas ás características de cada grupo.

6. Planifico as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados á programación da aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado.
7. Planifico a miña actividade de modo coordinado co profesorado do departamento.
8. Consulto a programación ao longo do curso e, de ser necesario, realizo e anoto posibles modificacións.
9. Adecúo a miña práctica docente á programación

Desenvolvemento

1. Realizo actividades que aseguran a adquisición dos estándares previstos.
2. Teño en consideración as indicacións do departamento de orientación no caso de ter que adoptar medidas co alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
3. Organizo os contidos dando unha visión xeral de cada tema (índices, esquemas...)
4. Relaciono os conceptos novos cos xa coñecidos.
5. Amoso predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das clases.
6. Empleo as TICs para apoiar os contidos na aula.
7. Promovo o traballo cooperativo e manteño unha comunicación fluída co alumnado.
8. Desenvolvo os contidos dunha forma ordenada e comprensible para o alumnado.
9. Elaboro actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe.
10. Presento actividades de grupo e individuais.
11. Facilito estratexias de aprendizaxe (como buscar información, como resolver problemas...).

Seguimento e Avaliación

1. Realizo a avaliación inicial ao principio do curso para axustar a programación ao nivel do alumnado.
2. Realizo entrevistas individualizadas ao inicio do curso para coñecer a situación específica do alumnado.
3. Establezo de modo explícito os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación que permiten facer o seguimento do progreso dos alumnos e comprobar o grao de consecución dos estándares e competencias
4. Teño previstas as actividades de recuperación para o alumnado que non acadou os obxectivos.
5. Reviso e corrijo frecuentemente os contidos e actividades propostas.
6. Teño en conta o nivel de habilidades do alumnado e os seus ritmos de aprendizaxe.
7. Detecto os coñecementos previos a cada tarefa de aprendizaxe.
8. Participo activamente nas sesións de avaliación
9. Empleo diferentes procedementos e instrumentos de avaliación: coherentes cos estándares de aprendizaxe, adaptados á diversidade do alumnado e diferentes segundo os contidos traballados.
10. Proporciono a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode melloralas.
11. Corrijo e explico de forma habitual os traballos e as actividades do alumnado e dou pautas para a mellora das súas aprendizaxes.
12. Utilizo sistematicamente procedementos e instrumentos variados de recollida de información.
13. Utilizo suficientes criterios de avaliación que atendan de xeito equilibrado á avaliación dos diferentes contidos e das competencias clave.
14. Favorezo os procesos de autoavaliación e coavaliación.
15. Propoño novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron alcanzados suficientemente.
16. Propoño novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con suficiencia.

Motivación

1. Informo ao alumnado dos criterios, procedementos e instrumentos de avaliación.
2. Proporciono información ao alumnado sobre a execución das tarefas e como melloralas.
3. Proporciono un plan de traballo ao principio de cada tarefa.

4. Utilizo distintos recursos para introducir a unidade (lecturas, cancións, vídeos, debates, diálogos...).
5. Relaciono as aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade.
6. Relaciona os contidos e actividades cos intereses do alumnado.
7. Manteño o interese do alumnado partindo das súas experiencias, cunha linguaxe clara e adaptada.
8. Estimulo a participación activa do alumnado na clase.
9. Informo sobre os progresos acadados e as dificultades atopadas.
10. Estruturo e organizo os contidos dando unha visión xeral de cada tema (que teñen que aprender, que é importante...).
11. Propoño actividades que posibiliten acadar distintos graos de execución.
12. Utilizo recursos didácticos variados tanto para a presentación de contidos como para a práctica do alumnado, favorecendo o uso autónomo por parte dos mesmos.
13. Comprobo que o alumnado comprendeu a tarefa que ten que realizar.
14. Facilito estratexias de aprendizaxe: como pedir axuda, como buscar fontes de información...
15. Fomento a colaboración entre os alumnos e acepto as súas suxestións e achegas.
16. Promove a reflexión sobre os temas tratados.

7. ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

A xefatura de departamento será a encargada da organización e atención ao alumnado coa materia de Lingua Galega e Literatura pendente de cursos anteriores. Se ben o seguimento da mesma será unha tarefa colectiva que implicará á totalidade do departamento.

Tanto para o alumando do Bacharelato como para o da ESO, o proceso desenvolverase do seguinte xeito:

- Ao inicio do curso o profesorado que lle dea clase ao alumnado con materias pendentes informaráo das pautas do proceso.
- O alumnado deberá ser quen solicite o material de actividades de preparación do exame de recuperación de pendentes, dentro das datas de solicitude marcadas para o mesmo.
- O profesorado que lle dea clase ao alumnado con materias pendentes será quen lle entregue o material, facilitado coa xefatura de departamento.
- Os contidos a traballar no material cara ao exame de recuperación será fixado pola xefatura de departamento xunto ao profesorado do nivel correspondente durante o presente curso.
 - Os obxectivos, os estándares de aprendizaxe así como os contidos mínimos esixíbeis son os fixados na programación anual de curso no nivel correspondente.
- O alumnado deberá entregar as tarefas:
 - Nunha carpeta na que se inserirán as actividades resoltas en folios separados coa correspondente numeración, tanto da actividade como da páxina, e correctamente ordenados.
 - Dentro da data indicada pola xefatura do departamento.
- O Departamento realizará dúas probas escritas de avaliación durante o curso (orientativamente, en xaneiro e abril). Se ben as datas adaptaranse ao calendario oficial elaborado polo equipo directivo.
- O profesorado de nivel será o encargado de corrixir as actividades e exames do alumando de pendentes coa fin de garantir unha avaliación xusta e equitativa co resto do alumnado dese mesmo curso.
- Os criterios de cualificación con materias pendentes serán as seguintes:
 - Material con contidos de repaso: 30% da nota.

- Exame de pendentes: 70% da nota.
 - No caso de que o alumnado aprobe a materia de Lingua Galega e Literatura do curso superior (no que está matriculado) e teña suspensa a do curso inferior (a materia pendente), aprobará a materia pendente sempre que:
 - Se teña presentado aos exames da materia pendente.
 - Teña entregado o material con contidos de repaso en tempo e forma.
- O alumnado que estea neste caso obterá unha cualificación de “apto/a” na materia.

Ademais dos exames parciais, o alumnado poderá presentarse aos exames da convocatoria extraordinaria que serán fixados, segundo a lexislación vixente, pola dirección do centro a través da xefatura de estudos, no mes de maio e/ou setembro.

8. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A LOMCE propón un currículo común, adaptado ás necesidades de cada alumno/a. O Departamento de Lingua Galega e Literatura velará pola inclusión así como por unha atención á diversidade que permita a todo o alumnado acadar os coñecementos e competencias clave establecidos para o seu correspondente nivel educativo.

En función das diferentes necesidades educativas específicas do alumnado (determinadas polas súas características, intereses, motivacións, capacitacións, capacidade...), atópanse diferentes liñas de actuación e atención á diversidade que contarán, en calquera caso, co correspondente seguimento e avaliación continua do proceso de aprendizaxe. Favorecerase a implantación e funcionamento de todas as medidas que dentro da organización académica do centro se poidan levar ao cabo para atender as necesidades do alumnado que presente problemas académicos.

Para que o alumnado, nomeadamente na ESO, poida adquirir as competencias clave que se marcan a través dos estándares de aprendizaxe, teranse en conta os seguintes puntos:

- Favorecer o rol autónomo, resiliente e proactivo do alumnado.
- Favorecer as aprendizaxes globalizadas e funcionais.
- Procurarlle ao alumnado ritmos de traballo diferentes.
- Reforzar o traballo daquel alumnado que amose capacidade cara a un maior afondamento na análise do conceptos.
- Facilitar axuda a aquel alumnado que presente dificultades na aprendizaxe.
- Orientar o alumnado cara á súa integración laboral e profesional.

O Departamento de Lingua Galega e Literatura acordará e desenvolverá de xeito coordinado co Departamento de Orientación as medidas específicas segundo cada caso.

Ademais o Departamento de Lingua Galega e Literatura participará, sempre que sexa posíbel e o permita a dispoñibilidade horaria do profesorado adscrito ao mesmo, nos procesos formativos para o profesorado nos que se desenvolvan cuestións relacionadas coa atención á diversidade.

9. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS TRABALLADOS

A materia de Lingua galega e literatura é unha disciplina privilexiada para o traballo dos elementos transversais. Prima as actividades de comprensión lectora, a expresión oral e escrita, de comunicación audiovisual, coas tecnoloxías da información e da comunicación como ferramentas imprescindibles para o proceso de ensino-aprendizaxe.

As actividades relacionadas coa sociolingüística e a literatura son favorecedoras do emprendemento e da educación cívica. A igualdade efectiva entre as persoas e a non discriminación por calquera circunstancia social ou persoal ten os seus mecanismos de aprendizaxe nas mesmas estratexias da análise sociolingüística. Ademais, o propio dos materiais explicita actividades en relación cos criterios de avaliación e os indicadores de logro referidos á da igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero.

O coñecemento e a análise da situación sociolingüística e das diferentes etapas da historia da lingua e da literatura promoven a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia e o respecto aos dereitos humanos. Como exemplos sobranceiros pódense poñer os contidos curriculares e as actividades relacionadas coas obras literarias de autores e autoras como Ramón Cabanillas, Antón Villar Ponte, Castelao, Luís Seoane, Eduardo Blanco Amor, Manuel María, Celso Emilio Ferreiro, María Xosé Queizán, Uxío Novoneyra, Bernardino Graña, Ana Romaní, Teresa Moure, María Reimóndez, Antón Lopo e un longuíssimo etcétera.

O estudo da traxectoria e obra literaria das autoras nomeadas e dalgún dos autores e autoras facilitarán a reflexión sobre estereotipos que supoñen discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. Favorécese así a visibilidade e tratamento da diversidade sexual, afectiva e de xénero, contribuíndo á normalización de todas aquelas opcións diferentes da convención heterosexual, monoafectiva e cixxénero.

Ademais os temas e cuestións tratadas, tanto no plano sociolingüístico como literario, permiten un desenvolvemento de cuestións, situacións e temáticas centradas na actualidade a través dunha ollada crítica e democrática: os procesos migratorios, a diversidade cultural e a interculturalidade, a preservación do medio ambiente, as identidades, as desigualdades...

A organización e o desenvolvemento curricular da materia de *Lingua Galega e Literatura* procura a participación do alumnado en actividades que lle permitan afianzar aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a autoconfianza e o sentido crítico. Nesta liña desenvolveríanse actividades como recitais, representacións teatrais, debates, concursos de contacontos, xornadas sobre aspectos culturais, clubs de lectura, colaboración en revistas e publicacións, etc.

Estas mesma actividades favorecen o desenvolvemento da convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía, que servirán para solucionar con éxito situacións de conflito no ámbito escolar, familiar e social en xeral, ao tempo que contribúen a exercitar destrezas e adquirir valores que tenden a previr e evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

10. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

O IES Pedro Floriani organiza cada curso unha serie de actos lúdicos, culturais e deportivos, así como convoca á comunidade escolar a participar en concursos e premios propios que contribúen a enriquecer o que se imparte nas aulas.

O Departamento de Lingua galega e Literatura, en estreita colaboración co ENDL e a Biblioteca do centro programa actividades (supeditadas a factores como a dispoñibilidade de tempo e recursos ou á oferta cultural da vila e bisbarra) como :

- Asistencia a obras teatrais e cinematográficas.
- Charlas-coloquio con escritoras e escritores da literatura galega.

- Recitais poéticos.
- Obradoiros de regueifas, hip-hop, etc.
- Participación en concursos literarios e radiofónicos.
- Celebracións tradicionais: Samaín, Entroido...
- Semana das Letras galegas.

11. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E OS PROCESOS DE MELLORA

Cómpre realizar un seguimento da propia Programación Didáctica. Esta debe ser un documento completo, pero tamén flexible, para servir de ferramenta útil no proceso de ensino-aprendizaxe. A súa concreción variará en función de diversas circunstancias, este curso moi marcadas pola Covid. Esta circunstancia non debe deixar de lado as características e necesidades educativas do alumnado. Para isto levaranse ao cabo análises e valoracións, así como propostas de mellora en diferentes momentos do curso.

A principio de curso, a avaliación inicial ofrecerá uns valiosos datos para modificar os aspectos da presente Programación Didáctica que se consideren oportunos co obxecto de axustarse á realidade do alumnado co que será traballada.

Nas reunións de Departamento realizarase un seguimento do desenvolvemento da Programación. Para iso teranse en conta tanto a consecución dos obxectivos, como o desenvolvemento das actividades.

Cada trimestre, despois de coñecer os resultados do alumnado e como estes se concretan nas cualificacións, será o momento de facer unha valoración do desenvolvemento da Programación Didáctica e planificar as accións educativas que se consideren oportunas, co obxectivo de atender de maneira especial os aspectos en que o alumnado presente maiores dificultades.

Outro momento fundamental para a avaliación da presente Programación Didáctica será o final do curso. Para esa avaliación terase en conta:

- O grao de cumprimento da presente Programación Didáctica.
- Os resultados do alumnado.
- O grao de satisfacción do profesorado coa mesma.

Deste proceso extraeranse as propostas de modificación e mellora para a Programación Didáctica do vindeiro curso. Potenciaranse os aspectos que ofrezan mellores resultados e maior satisfacción, ao mesmo tempo que se atenderán especialmente os aspectos en que o alumnado presente maiores carencias ou dificultades.

ADECUACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA	RESULTADOS E/OU PROPOSTAS DE MELLORA
1. Hai coherencia entre a programación e o desenvolvemento das clases.	
2. Existe unha distribución temporal equilibrada.	

3. Adecúase o desenvolvemento das clases coas características do grupo.	
4. Son válidos os recursos utilizados para as aprendizaxes.	
5. Son válidas as actividades de aprendizaxe usadas na materia.	
6. Emprégase unha metodoloxía axeitada que fomenta a motivación e o desenvolvemento das capacidades do alumnado.	
7. Os estándares de aprendizaxe avaliábelos atópanse vencellados ás competencias, contidos e criterios de avaliación.	
8. Os criterios de avaliación e cualificación déronselles a coñecer ao alumnado.	
9. Ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe.	
10. Aplícanse medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo aos informes psicopedagóxicos.	
11. Grao de cumprimento dos obxectivos.	
12. Resultados académicos.	